Con este Anexo tamén se da cumprimento ao prescrito no artigo 4 “Actuacións subvencionables” do Anexo I “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025”, incluído dentro da resolución de AGADER do 25 de Xaneiro de 2024.

Insístese en que este Anexo de Xustificación de Prezos carece de carácter contractual, segundo o Artigo 2 da Orde de 12 de Xuño de 1968 (B.O.E. de 25.7.68).

## 2. BASES DE PREZOS

*Segundo indica o Artigo 4. Punto 4. Letra h) “As unidades de obra utilizadas nos proxectos terán que axustarse na súa totalidade á estrutura e descomposición das tarifas Seaga vixentes, que estarán publicadas na ligazón <http://www.epseaga.com/?q=gl/node/8> e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, [agader.xunta.gal](http://agader.xunta.gal), en formato .bc3.*

*As unidades de obra manterán todos os elementos unitarios que as conforman nas tarifas Seaga (man de obra, materiais, maquinaria, medios auxiliares), tendo en conta que:*

*Non se poden modificar as cantidades necesarias nin os rendementos dos elementos que compoñen a unidade de obra.*

*Só se poderán modificar os prezos dos elementos unitarios referidos anteriormente, sempre e cando o prezo da unidade de obra non supere en máis dun 20 % ao das citadas tarifas.*

*Todas as unidades de obra que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables.*

Polo tanto, na elaboración deste proxecto empregáronse os prezos contidos na devandita base de tarifas de SEAGA, cuxa versión vixente data do ano 2013.

## 3. CUSTES DIRECTOS

Os custes horarios das categorías profesionais correspondentes á man de obra directa, así como os custes da maquinaria e dos materiais que forman parte da descomposición das diferentes unidades de obra, son os que se contemplan na base de prezos coas tarifas de SEAGA. Os importes unitarios dos elementos que interveñen neste proxecto inclúense no listado de prezos simples que se adxunta ao final deste Anexo.

## 4. CUSTOS INDIRECTOS

Os prezos que conforman as tarifas de SEAGA xa inclúen os custes indirectos que corresponden a cada unidade de obra, segundo consta na Memoria do documento que se pode consultar nas webs de referencia indicadas no epígrafe 2 deste Anexo. En concreto, no terceiro parágrafo do apartado 3 da Memoria, “Resultado final e procedemento de cálculo”, menciónase expresamente que “estes prezos

compostos inclúen custes directos dos recursos que interveñen na descomposición (man de obra, maquinaria e materiais), así como os custes indirectos que sexan de aplicación".

Polo tanto, os prezos empregados no proxecto incorporan xa o porcentaxe de custes indirectos, e a xustificación dos mesmos inclúese no listado de prezos descompostos que se adxunta neste Anexo.



## **Prezos Unitarios**

# LISTADO DE MAN DE OBRA VALORADO (Pres)

## MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARC AGR NOGUEIRA

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMEN	PREZO	IMPORTE
MOOA.1a	29,999 h	Oficial 1ª	11,35	340,49
MOON.2b	51,038 h	Peón Especialista	10,52	536,92
MOON.2e	3,896 h	Peón	10,36	40,36
			<b>Grupo MOO.....</b>	<b>917,77</b>
			<b>TOTAL.....</b>	<b>917,77</b>

# LISTADO DE MAQUINARIA VALORADO (Pres)

## MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARC AGR NOGUEIRA

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMEN	PREZO	IMPORTE
MMMF.01c	0,340 h	Tractor de eirugas de 191/240 cv , c/ m.o.	85,75	29,13
MMMF.02a	23,376 h	Tractor rodas 101/130 CV	42,88	1.002,36
MMMH.04	23,376 h	Cepilladora de arames	26,80	626,48
MMMT.05c	0,678 h	Pa cargadora rodas 201-250 CV	56,80	38,51
MMMT.07	19,675 h	Estendedora	89,18	1.754,60
MMMT.11a	14,415 h	Rolo vibrador rodas 10 tm	38,44	554,12
MMMW.03	16,519 h	Regadora bituminosa	29,00	479,05
		<b>Grupo MMM .....</b>		<b>4.484,25</b>
MMTG.01d	5,763 h	Camión dumper 16 m3 tracción total	45,15	260,20
		<b>Grupo MMT .....</b>		<b>260,20</b>
		<b>TOTAL .....</b>		<b>4.744,45</b>

# LISTADO DE MATERIAIS VALORADO (Pres)

## MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARC AGR NOGUEIRA

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMEN	PREZO	IMPORTE
PUVM20h	494,870 t	Mestura bituminosa quente D-12	51,96	25.713,44
PUVM39a	4.947,920 kg	Emulsión ECR-2	0,50	2.473,96
		<b>Grupo PUV.....</b>		<b>28.187,40</b>
RSDC.1a	196,660 m <sup>3</sup>	Canon de vertido de terras e pétreos non contaminados mezclados	3,16	621,45
		<b>Grupo RSD.....</b>		<b>621,45</b>
		<b>TOTAL.....</b>		<b>28.808,85</b>

## **Prezos Auxiliares**

*(\*NOTA: Neste proxecto non hai prezos auxiliares)*

---

## **Prezos Descompostos**

# CADRO DE DESCOMPOSTOS

## MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARC AGR NOGUEIRA

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMEN	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
--------	--------------	---------	-------	----------	---------

### CAPÍTULO C01 MOVEMENTOS DE TERRAS

<b>CMT.P.01</b>	<b>m<sup>2</sup></b>	<b>Desbroce e limpeza espesor máximo 10 cm, D&lt;= 20 m</b>			
		Desbroce e despexe da vegetación herbácea, con un espesor máximo de 10 cm, incluída a remoción, escavación e o transporte da capa vexetal ata fora do área de ocupación da obra, a unha distancia máxima de transporte de 20 m.			
MMMF.01c	0,001 h	Tractor de eirugas de 191/240 cv, c/ m.o.	85,75	0,09	
%3	3,000	Medios auxiliares	0,10	0,00	
<b>TOTAL PARTIDA .....</b>					<b>0,09</b>

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de ZERO EUROS con NOVE CÉNTIMOS

<b>CMTT.01</b>	<b>m<sup>3</sup></b>	<b>Carga pala mecánica d&lt;=5m</b>			
		Carga pala mecánica a distancia menor ou igual de 5m.			
MMMT.05c	0,010 h	Pa cargadora rodas 201-250 CV	56,80	0,57	
%3	3,000	Medios auxiliares	0,60	0,02	
<b>TOTAL PARTIDA .....</b>					<b>0,59</b>

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de ZERO EUROS con CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS

<b>CMTT.03</b>	<b>m<sup>3</sup></b>	<b>Transporte con camión basculante d&gt;3 km</b>			
		Transporte de materiais soltos de obra, con camión dumper 16 m3 a distancia maior de 3 Km. incluído o retorno sen carga, e os tempos de carga e descarga, sen incluír o prezo da carga.			
MMTG.01d	0,085 h	Camión dumper 16 m3 tracción total	45,15	3,84	
%3	3,000	Medios auxiliares	3,80	0,11	
<b>TOTAL PARTIDA .....</b>					<b>3,95</b>

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de TRES EUROS con NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS

# CADRO DE DESCOMPOSTOS

## MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARC AGR NOGUEIRA

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMEN	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
<b>CAPÍTULO C02 FIRMES</b>					
<b>CMF.01</b>	<b>m<sup>2</sup></b>	<b>Barrido de firme por medios mecánicos</b>			
		Limpeza enérxica de superficie de pavimento existente, mediante cepillo de aramio, incluso repaso manual.			
MOON.2e	0,001 h	Peón	10,36	0,01	
MMMF.02a	0,006 h	Tractor rodas 101/130 CV	42,88	0,26	
MMMH.04	0,006 h	Cepilladora de arames	26,80	0,16	
%3	3,000	Medios auxiliares	0,40	0,01	
<b>TOTAL PARTIDA .....</b>					<b>0,44</b>
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de ZERO EUROS con CORENTA E CATRO CÉNTIMOS					
<b>CMF.03</b>	<b>m<sup>2</sup></b>	<b>Firme aglomerado quente D-12 e=5cm</b>			
		Firme a base de aglomerado en quente tipo D-12 de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de adherencia con 1 Kg de emulsión tipo ECR-2.			
MOOA.1a	0,005 h	Oficial 1ª	11,35	0,06	
MOON.2b	0,005 h	Peón Especialista	10,52	0,05	
PUVM39a	1,000 kg	Emulsión ECR-2	0,50	0,50	
MMMW.03	0,001 h	Regadora bituminosa	29,00	0,03	
PUVM20h	0,120 t	Mestura bituminosa quente D-12	51,96	6,24	
MMMT.07	0,001 h	Estendedora	89,18	0,09	
MMMT.11a	0,001 h	Rolo vibrador rodas 10 tm	38,44	0,04	
%10	10,000	Medios auxiliares	7,00	0,70	
<b>TOTAL PARTIDA .....</b>					<b>7,71</b>
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de SETE EUROS con SETENTA E UN CÉNTIMOS					
<b>CMF.07</b>	<b>m<sup>2</sup></b>	<b>Regularización con aglomerado en quente 1 cm, i. p.p. rega adh.</b>			
		Regularización con aglomerado en quente tipo D-12 con espesor aproximado de 1 cm, incluso parte proporcional de rega de adherencia.			
MOOA.1a	0,010 h	Oficial 1ª	11,35	0,11	
MOON.2b	0,030 h	Peón Especialista	10,52	0,32	
PUVM39a	1,000 kg	Emulsión ECR-2	0,50	0,50	
MMMW.03	0,012 h	Regadora bituminosa	29,00	0,35	
PUVM20h	0,026 t	Mestura bituminosa quente D-12	51,96	1,35	
MMMT.07	0,015 h	Estendedora	89,18	1,34	
MMMT.11a	0,010 h	Rolo vibrador rodas 10 tm	38,44	0,38	
%10	10,000	Medios auxiliares	4,40	0,44	
<b>TOTAL PARTIDA .....</b>					<b>4,79</b>
Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de CATRO EUROS con SETENTA E NOVE CÉNTIMOS					



# CADRO DE DESCOMPOSTOS

## MELLORA DE CAMIÑOS DE ACCESO A PARC AGR NOGUEIRA

CÓDIGO	CANTIDADE UD	RESUMEN	PREZO	SUBTOTAL	IMPORTE
<b>CAPÍTULO C03 XESTIÓN DE RESIDUOS</b>					
XRT.02	m <sup>3</sup>	<b>Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado</b>			
		Xestión controlada en centro de reciclaxe, de terras e materiais pétreos mixturados.			
RSDC.1a	1,000 m <sup>3</sup>	Canon de vertido de terras e pétreos non contaminados mezclados	3,16	3,16	
%3	3,000	Medios auxiliares	3,20	0,10	
		<b>TOTAL PARTIDA.....</b>			<b>3,26</b>

Ascende o prezo total da partida á mencionada cantidade de TRES EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS

**Anexo nº 7: Orzamento  
para coñecemento da administración**

---

**ANEXO VII: ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN**

**ÍNDICE**

<b>1. EXPROPIACIÓNS .....</b>	<b>2</b>
<b>2. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN .....</b>	<b>2</b>

## 1. EXPROPIACIÓN

Segundo se desprende das informacións dadas polo Promotor, existe dispoñibilidade de terreo público para realizar as obras comprendidas no presente Proxecto e polo tanto non é necesaria expropiación algunha.

## 2. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

Resulta:

<i>Orzamento Base de Licitación (sen IVE) :</i>	44.947,00 €
<i>Orzamento Base de Licitación:</i>	54.385,87 €
<i>Expropiacións:</i>	0,00 €
<b>Total Orzamento para coñecemento da Administración</b>	<b>54.385,87 €</b>

Polo cal, ascende o Orzamento para Coñecemento da Administración das obras incluídas no presente Proxecto á cantidade de:

**CINCUENTA E CATRO MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS  
(54.385,87 €).**

## **Anexo nº 8: Clasificación do Contratista**

---

**ANEXO VIII: CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

**ÍNDICE**

**1. INTRODUCCIÓN ..... 2**

**2. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA ..... 2**

**3. CATEGORÍAS..... 5**

**4. CLASIFICACIÓN ..... 6**

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste anexo determínase a Clasificación do Contratista que ha de esixirse na licitación das obras definidas no presente Proxecto, en cumprimento do previsto en:

- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001.

## 2. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Conforme ao artigo 11 “Determinación dos criterios de selección das empresas” do RD 773/2015:

*“3.)En los contratos de obras cuando el valor estimado del contrato sea igual o superior a 500.000 euros será requisito indispensable que el empresario se encuentre debidamente clasificado como contratista de obras de las Administraciones Públicas. Para dichos contratos, la clasificación del empresario en el grupo o subgrupo que en función del objeto del contrato corresponda, con categoría igual o superior a la exigida para el contrato, acreditará sus condiciones de solvencia para contratar.”*

No artigo 25 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por REAL DECRETO 1098/2001, de 12 de outubro (BOE 26 de outubro do 2001), establécense os grupos e subgrupos a considerar para a clasificación dos contratistas, sendo os seguintes:

### A) MOVEMENTOS DE TERRAS E PERFORACIÓNS

1. - Desmontes e baleirados.
2. - Explanacións.
3. - Canteiras.
4. - Pozos e Galerías.
5. – Túneles.

### B) PONTES, VIADUTOS E GRANDES ESTRUTURAS

1. - De fábrica ou formigón en masa.
2. - De formigón armado.
3. - De formigón pretensado.
4. - Metálicos.

### C) EDIFICACIÓN

1. - Demolicións.
2. - Estructuras de fábrica ou formigón.
3. - Estructuras metálicas.
4. - Albanelaría, revocaduras e revestidos.
5. - Cantería e marmolería.
6. - Pavimentos, solados e azulexados.
7. - Illamentos e impermeabilizacións.
8. - Carpintaría de madeira.
9. - Carpintaría metálica.

D) FERROCARRÍS

1. - Tendido de vías.
2. - Elevados sobre carril ou cable.
3. - Sinalizacións e encravamentos.
4. - Electrificación de ferrocarrís.
5. - Obras de ferrocarrís sen cualificación específica.

E) HIDRÁULICAS

1. - Abastecementos e saneamentos.
2. - Presas.
3. - Canles.
4. - Canles e desaugadoiros.
5. - Defensas de marxes e conducións.
6. - Conducións con canalización de presión de gran diámetro.
7. - Obras hidráulicas sen cualificación específica.

F) MARÍTIMAS

1. - Dragados.
2. - Diques.
3. - Con bloques de formigón.



- 4. - Con caixóns de formigón armado.
- 5. - Con estacas e tablestaca.
- 6. - Faros, radiofaros e sinalizacións marítimas.
- 7. - Obras marítimas sen cualificación específica.
- 8. - Emisarios submarinos.

G) VIAIS E PISTAS

- 1. - Autoestradas, autovías.
- 2. - Pistas de aterraxe.
- 3. - Con firmes de formigón hidráulico.
- 4. - Con firmes de mesturas bituminosas.
- 5. - Sinalizacións e balizamentos viais.
- 6. - Obras viais sen cualificación específica.

H) TRANSPORTES DE PRODUTOS PETROLÍFEROS E GASOSOS

- 1. - Oleodutos.
- 2. - Gasodutos.

I) INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

- 1. - Iluminacións, iluminacións e balizamentos luminosos.
- 2. - Centrais de produción de enerxía.
- 3. - Liñas eléctricas de transporte.
- 4. - Subestacións.
- 5. - Centros de transformación e distribución en alta tensión.
- 6. - Distribución en baixa tensión.
- 7. - Telecomunicacións e instalacións radioeléctricas.
- 8. - Instalacións electrónicas.
- 9. - Instalacións eléctricas sen cualificación específica.

J) INSTALACIÓNS MECÁNICAS

- 1. - Elevadoras ou transportadoras.

2. - De ventilación, calefacción e climatización.
3. - Frigoríficas.
4. - De fontanaría e sanitarias.
5. - Instalacións mecánicas sen cualificación específica.

#### K) ESPECIAIS

1. - Cimentacións especiais.
2. - Sondaxes, inxeccións e pilotaxes.
3. - Tablestacado.
4. - Pinturas e metalizacións.
5. - Ornamentacións e decoracións.
6. - Xardinaría e plantacións.
7. - Restauración de bens inmobles histórico-artísticos.
8. - Estacións de tratamento de augas.
9. - Instalacións contra incendios.

### 3. CATEGORÍAS

O artigo 26 do RD 773/2015, modifica o artigo 26 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, reaxustando os umbrais das distintas categorías, que pasan a denominarse mediante números crecentes:

*“Los contratos de obras se clasifican en categorías según su cuantía. La expresión de la cuantía se efectuará por referencia al valor estimado del contrato, cuando la duración de éste sea igual o inferior a un año, y por referencia al valor medio anual del mismo, cuando se trate de contratos de duración superior.”*

As categorías dos contratos de obras serán as seguintes:

- Categoría 1: A.M.  $\leq$  150.000 €
- Categoría 2: 150.000 € < A.M.  $\leq$  360.000 €
- Categoría 3: 360.000 € < A.M.  $\leq$  840.000 €
- Categoría 4: 840.000 € < A.M.  $\leq$  2.400.000 €
- Categoría 5: 2.400.000 € < A.M.  $\leq$  5.000.000 €
- Categoría 6: 5.000.000 € < A.M.

*“Las categorías 5 y 6 no serán de aplicación en los subgrupos pertenecientes a los grupos I, J y K. Para dichos subgrupos la máxima categoría de clasificación será la categoría 4, y dicha categoría será de aplicación a los contratos de dichos subgrupos cuya cuantía sea superior a 840.000 euros.»*

#### **4. CLASIFICACIÓN**

Como queira que o orzamento da obra é menor de 500.000,00 €, e aos efectos previstos no artigo 77 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, e no RD 773/2015, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, **NON SE REQUIRE CLASIFICACIÓN.**

## **Anexo nº 9: Estudio Básico de Seguridad e Saúde**

**ANEXO IX: ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE**

**ÍNDICE**

<b>1. PRELIMINAR .....</b>	<b>4</b>
<b>2. DATOS DA OBRA.....</b>	<b>4</b>
2.1. TIPO DE OBRA .....	4
2.2. PROMOTOR .....	4
2.3. EMPRAZAMENTO.....	4
2.4. ORZAMENTO.....	4
2.5. TÉCNICOS.....	4
<b>3. CONSIDERACION XERAL DE RISCOS .....</b>	<b>5</b>
3.1. TOPOGRAFÍA E ENTORNO .....	5
3.2. SUBCHAN E INSTALACIÓNS SUBTERRÁNEAS.....	5
3.3. PRESUPOSTO DE SEGURIDADE E SAÚDE .....	5
3.4. DURACIÓN DA OBRA E NÚMERO DE TRABALLADORES PUNTA .....	5
<b>4. RECURSO PREVENTIVO .....</b>	<b>5</b>
<b>5. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS .....</b>	<b>7</b>
<b>6. SUBCONTRATACIÓN .....</b>	<b>8</b>
<b>7. MATERIAIS PREVISTOS NA CONSTRUCCIÓN, PERIGOSIDADE E TOXICIDADE .....</b>	<b>8</b>
<b>8. TRABALLOS PREVIOS Á RELIZACIÓN DA OBRA .....</b>	<b>8</b>
<b>9. IDENTIFICACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS NAS DIVERSAS FASES DA OBRA....</b>	<b>10</b>
9.1. BALIZAMENTO DE OBRA.....	10
9.2. SINALIZACIÓN .....	11
9.2.1. SINALIZACIÓN PROVISIONAL DE OBRA. COLOCACIÓN E RETIRADA.....	11
9.3. DEMOLICIÓNS.....	16
9.4. MOVEMENTOS DE TERRAS (ESCAVACIÓNS, APERTURA DE GABIAS E POZOS).....	18
9.5. DESBROCE E LIMPEZA DE VEXETACIÓN.....	20
9.6. LIMPEZA DE FOXOS.....	21
9.7. TRABALLOS DE ALBANELERÍA .....	23
9.8. MANIPULACIÓN DO FORMIGÓN .....	24
9.9. TRABALLOS DE ENCOFRADO / DEENCOFRADO .....	25
9.10. CANALIZACIONS.....	26
9.11. AFIRMADO .....	27

9.11.1. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DE FIRMES .....	27
9.11.2. TRABALLOS DE AFIRMADO .....	28
9.11.3. ESTENDIDO E COMPACTACIÓN DE SABURRA E/OU MACADAM .....	29
9.11.4. PAVIMENTO DE FORMIGÓN .....	30
9.11.5. REGAS DE IMPRIMACIÓN E ADHERENCIA. ....	32
9.11.6. TRABALLOS DE MANIPULACIÓN DE ASFALTOS .....	35
9.11.7. DOBRE / TRIPLE REGA ASFÁLTICA .....	36
9.11.8. FRESADO DE PAVIMENTOS.....	37
9.11.9. EXTENDIDO DE AGLOMERADO EN QUENTE.....	38
9.12. MANIPULACIÓN DE FERRALLA .....	41
9.13. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DE MUROS FORMIGÓN .....	43
9.14. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DE MUROS MAMPOSTERIA .....	43
9.15. PINTADO DE MARCAS VIAIS OU SINALIZACIÓN HORIZONTAL .....	45
9.16. TRABAJO DE VARRIDO DE SUPERFICIE .....	47
<b>10. TIPO DE MAQUINARIA A EMPLEAR NA OBRA. ....</b>	<b>48</b>
10.1. DUMPER.....	48
10.2. CAMIÓN TRANSPORTE .....	49
10.3. CAMIÓN BASCULANTE.....	51
10.4. CAMIÓN FORMIGONEIRA .....	52
10.5. CAMIÓN CISTERNA DE AUGA .....	56
10.6. MINIDUMPER (MOTOVOLQUETE AUTOPROPULSADO) .....	58
10.7. RETROESCAVADORA (MIXTA).....	59
10.8. MOTONIVELADORA .....	60
10.9. PEQUENAS COMPACTADORAS.....	62
10.10. RODILLO VIBRANTE AUTOPROPULSADO.....	62
10.11. CORTADORA DE PAVIMENTOS .....	63
10.12. FRESADORA DE AGLOMERADO .....	64
10.13. VARREDORA DE FIRMES. ....	68
10.14. BITUMINADORA.....	69
10.15. MÁQUINA ENGRAVILLADORA .....	70
10.16. CAMIÓN DE REGA ASFÁLTICA.....	71
10.17. MÁQUINA PINTABANDAS AUTOPROPULSADA .....	72
10.18. CAMIÓN GUINDASTRE.....	75
10.19. DESBROZADORA .....	76
10.20. MOTOSERRA .....	77
10.21. FERRAMENTAS MANUAIS.....	79
10.22. MAQUINARIA – FERRAMENTA EN XERAL.....	80
10.23. MARTELO PNEUMÁTICO .....	81
10.24. COMPRESOR .....	82
10.25. SERRA CIRCULAR DE MESA.....	83
10.26. RADIAIS ELÉCTRICAS .....	84
10.27. GRUPO ELECTRÓXENO .....	85
10.28. TALADROS ELÉCTRICOS .....	86
<b>11. PERSOAL DE OBRA .....</b>	<b>87</b>

11.1. ANÁLISE DOS RISCO E MEDIDAS PREVENTIVAS DO PERSOAL DE OBRA .....	87
11.1.1. PEÓN SINALISTA .....	87
<b>12. CÁLCULO DOS MEDIOS DE SEGURIDADE.....</b>	<b>89</b>
<b>13. MEDICINA PREVENTIVA E PRIMEIROS AUXILIOS .....</b>	<b>89</b>
13.1. MEDICINA PREVENTIVA.....	89
13.2. PRIMEIROS AUXILIOS.....	89
13.2.1. DIRECCIÓN E TELÉFONOS DE EMERXENCIA .....	90
<b>14. FORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE .....</b>	<b>90</b>
<b>15. PREGO DE CONDICIÓN PARTICULARES .....</b>	<b>90</b>
15.1. LEXISLACIÓN VIXENTE.....	90
15.1.1. CONDICIÓN XERAIS DA OBRA .....	90
15.1.2. CONDICIÓN LEGAIS.....	91
15.2. CONDICIÓN TÉCNICAS .....	95
15.2.1. REQUISITOS DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E OS SEUS ELEMENTOS COMPLEMENTARIOS. ....	95
15.2.2. ENTREGA DE EPIS.....	96
15.2.3. REQUISITOS PARA A CORRECTA INSTALACIÓN, UTILIZACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓN PROVISIONAIS. ....	96
15.3. NORMAS E CONDICIÓN TÉCNICAS A CUMPLIR POLOS MEDIOS E PROTECCIÓN COLECTIVA .....	97
15.3.1. CONDICIÓN XERAIS.....	97
15.3.2. CONDICIÓN TÉCNICAS DE INSTALACIÓN E USO DE EXTINTORES.....	97
15.3.3. NORMAS E CONDICIÓN TÉCNICAS A CUMPLIR POL ASINALIZACIÓN DA OBRA ....	97
15.4. NORMAS E CONDICIÓN TÉCNICAS A CUMPLIR POLOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (E.P.I.S.), A UTILIZAR .....	98
15.4.1. CONDICIÓN XERAIS.....	98
15.4.2. NORMAS PARA A UTILIZACIÓN DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL NAS OBRAS PROXECTADAS .....	99
15.5. NORMAS E CONDICIÓN E INFORMACIÓN XERAL AOS TRABALLADORES .....	107
15.5.1. CONDICIÓN DOS MEDIOS AUXILIARES, MÁQUINAS E EQUIPOS .....	107
15.6. NORMAS DE ACTUACIÓN ANTE UN ACCIDENTE .....	107
15.6.1. COMPORTAMENTO ANTE UN ACCIDENTE EN XERAL.....	107
15.6.2. COMPORTAMENTO ANTE UNHA FERIDA .....	107
15.6.3. COMPORTAMENTO ANTE HEMORRAXIAS .....	108
15.6.4. COMPORTAMENTO ANTE AMPUTACIÓN TRAUMÁTICA.....	108
15.6.5. COMPORTAMENTO ANTE UN ACCIDENTE PRODUCIDO POLA ELECTRICIDADE ...	108
15.6.6. COMPORTAMENTO ANTE QUEMAIDURAS .....	108
15.6.7. COMPORTAMENTO ANTE UNHA CAÍDA DE ALTURA .....	109
15.7. INFORMACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO POLO CONTRATISTA.....	109

## 1. PRELIMINAR

O presente estudo de seguridade e saúde ten por obxecto dar cumprimento ó establecido no Real Decreto 1627/97, de 24 de outubro, a obra proxectada non se inclúe en ningún dos supostos contemplados no art. 4 de dito Real Decreto, posto que:

O presuposto de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou inferior a 450.759,08 Euros.

No se prevé empregar en algún momento da execución da obra a mais de 20 traballadores simultaneamente.

O volume de man de obra estimado é inferior a 500 días de traballo.

De acordo co art.º 6 do R.D 1627/ 97, ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde deberá precisar ás normas de seguridade aplicables á obra, contemplando a identificación dous riscos laborais evitables e as medidas técnicas precisas para iso, a relación dos riscos laborables que non poden eliminarse especificando as medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir os devanditos riscos e calquera tipo de actividade que se vaia desenvolver na obra.

No Estudo Básico consideraranse as previsións e informacións útiles para efectuar no seu día, nas debidas condicións de seguridade e saúde, os previsibles traballos posteriores, sempre dentro do marco da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais.

## 2. DATOS DA OBRA

### 2.1. TIPO DE OBRA

A obra consiste na **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN”**

### 2.2. PROMOTOR

**CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN**

ESTRADA A NOGUEIRA S/N, 32160, NOGUEIRA, OURENSE

TLF. 988 20 10 23

### 2.3. EMPRAZAMENTO

A actuación realizase no camiño que da acceso a Gundiás, pertencente o Concello de Nogueira de Ramuín (Ourense).

### 2.4. ORZAMENTO

Orzamento Base de Licitación de dita obra ascende á **CINCUENTA E CATRO MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (54.385,87 €)**.

### 2.5. TÉCNICOS

Autor do Proxecto: D. SALVADOR AÑEL PRADA.



Autor do Estudo Básico de Seguridade e Saúde: D. SALVADOR AÑEL PRADA.

### **3. CONSIDERACION XERAL DE RISCOS**

#### **3.1. TOPOGRAFÍA E ENTORNO**

As obras realizaranse en superficie, non se prevé a escavación de gabias de gran profundidade, polo que non necesitaría de entibación sempre e cando a súa profundidade non supere os 1,30 m.

#### **3.2. SUBCHAN E INSTALACIÓNS SUBTERRÁNEAS**

O chan está formado por chans estables que presentan boas características para o tipo de obra a executar, en canto á resistencia. En canto ás instalacións subterráneas o Contratista Adxudicatario da obra e o Concello estarán obrigados a solicitar e proporcionar toda a información relativa ás devanditas condicións, en orde a evitar riscos e trastornos de todo tipo.

#### **3.3. PRESUPOSTO DE SEGURIDADE E SAÚDE**

Dado as características de dita obra o presuposto destinado a Seguridade e Saúde encontrase incluído en parte proporcional nas distintas unidades de obra.

#### **3.4. DURACIÓN DA OBRA E NÚMERO DE TRABALLADORES PUNTA**

Prevese unha duración da obra de 3 meses, con un número traballadores punta de 5.

### **4. RECURSO PREVENTIVO**

De conformidade co artigo 32 bis da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a presenza no centro de traballo dos recursos preventivos, calquera que sexa a modalidade de organización de ditos recursos, será necesaria nos seguintes casos:

- a. Cando os riscos poidan verse agravados ou modificados, no desenrolo do proceso ou a actividade, pola concorrencia de operacións diversas que se desenrolan sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo..
- b. Cando se realicen as seguintes actividades ou procesos perigosos ou con riscos especiais:
  - Trabалlos con riscos especialmente graves de caída dende altura, polas particulares características da actividade desenrolada, os procedementos aplicados, ou o entorno do posto de traballo.
  - Trabалlos con risco de sepultamento ou afundimento.
  - Actividades nas que se utilicen máquinas que carezan de declaración CE de conformidade por ser a súa data de comercialización anterior á esixencia de tal declaración con carácter obrigatorio, que sexan do mesmo tipo que aquelas para as que a normativa sobre comercialización de máquinas require a intervención dun organismo notificado no procedemento de certificación, cando a protección do traballador non este suficientemente garantida non obstante haberse adoptado as medidas regulamentarias de aplicación.
  - Trabалlos en espazos confinados. A estos efectos, enténdese por espazo confinado o recinto con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, no que poden acumularse contaminantes tóxicos ou inflamables ou pode haber unha atmosfera deficiente en oxixeno, e que non está concibido para a súa ocupación continuada polos traballadores.

- Traballos con risco de afogamento por inmersión.

c. Cando a necesidade de dita presenza sexa requirida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, si as circunstancias do caso así o esixiran debido ás condicións de traballo detectadas.

A presenza dos recursos preventivos será obrigatoria cando se realicen traballos que implican riscos especiais para a seguridade e saúde dos traballadores dos previstos no Anexo II do R.D. 1627/1997:

- Traballos con riscos especialmente graves de sepultamento, afundimento ou caída en altura, polas particulares características da actividade desenrolada, os procedementos aplicados, ou o entorno do posto de traballo.
- Traballos nos que a exposición a axentes químicos ou biolóxicos supoña un risco de especial gravidade, ou para os que a vixilancia específica da saúde dos traballadores sexa legalmente esixible.
- Traballos con exposición a radiacións ionizantes para os que a normativa específica obriga á delimitación de zonas controladas o vixiadas.
- Traballos na proximidade de liñas eléctricas de alta tensión.
- Traballos que expoñan a risco de afogamento por inmersión.
- Obras de escavación de túneles, pozos e outros traballos que supoñan movementos de terra subterráneos.
- Traballos realizados en inmersión con equipo subacuático.
- Traballos realizados en caixóns de aire comprimido.
- Traballos que impliquen o uso de explosivos.
- Traballos que requiran montar o desmontar elementos prefabricados pesados.

Analizando as características de esta obra considerase obrigatoria como mínimo a presenza de ditos recursos preventivos nas actividades que a continuación se indican, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente:

- Traballos con risco de caída en altura, cando o risco de altura sexa maior de 5 metros.
- Traballos nos que para o acceso o posicionamento no lugar de traballo faise mediante cordas.
- Traballos de montaxe, desmontaxe e reparación de redes de seguridade.
- Operacións de montaxe, desmontaxe, modificación e mantemento de andamios, cimbras, etc.
- Traballos subterráneos en pozos, túneles e galerías.
- Traballos de demolición cuxa duración estimada sexa superior a 30 días laborais ou nas que estean presentes en algún momento mais de 12 traballadores.
- Traballos con explosivos e sustancias perigosas.
- No caso de conducción de equipos automotores que deban executar unha manobra, especialmente de retroceso, en condicións de visibilidade insuficiente, ou cando conorra no espazo limitado a interacción de diversa maquinaria motora con traballadores a pe deberá asignarse a presenza de recursos preventivos e dun encargado das sinais con presenza a pe nas cercanías dos vehículos para a sinalización das manobras.
- Cando se utilicen equipos de elevación de cargas estando traballadores desenrolando as súas labores na proximidade da izada, os operadores dos equipos deberán tomar medidas

para evitar a presenza de traballadores baixo as cargas suspendidas, prohibíndose o paso das cargas por encima de lugares de traballo ocupados polos traballadores. Si elo non fora posible por non poder garantir a correcta realización dos traballos de outra maneira, e o espazo libre entre elementos móbiles do equipo e a zona de traballo ocupada polos traballadores fora inferior a 2 metros, deberá asignarse a presenza de recursos preventivos e dun traballador encargado das sinais. A mesma medida adoptárase cando o operador do equipo de elevación de cargas non poida observar o traxecto completo da mesma.

- Traballos en proximidade de elementos en tensión. Os traballos que se realicen en proximidade a elementos en tensión levaranse a cabo segundo o disposto no Anexo V do R.D. 614/2001, ou consideraranse como traballos en tensión. Os traballos serán realizados baixo a vixilancia ou supervisión do xefe de traballo ou supervisor (traballador cualificado que poida asumir as funcións de presenza dos recursos preventivos), salvo cando os traballos se realicen fora da zona de proximidade ou en instalacións de baixa tensión.
- Traballos de obras e outras actividades nas que se realicen movementos ou desprazamentos de equipos ou materiais en proximidade ás liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas. Para a prevención de risco eléctrico nas actividades citadas, estarase ó disposto no Anexo V B.2 do R.D. 614/2001 e baixo a presenza de recursos preventivos.

### **FORMA NA QUE SE LEVARÁ A CABO A PRESENZA DOS RECURSOS PREVENTIVOS**

A presenza é unha medida preventiva complementaria que ten como finalidade vixiar o cumprimento das actividades preventivas en relación os riscos derivados da situación que determine a súa necesidade para conseguir un adecuado control de ditos ricos.

A ubicación no centro de traballo das persoas ás que se lle asigne a presenza deberá permitirles o cumprimento das súas funcións propias, debendo tratarse dun emprazamento seguro que non supoña un factor adicional de risco, nin para tales persoas nin para os traballadores da empresa, debendo permanecer no centro de traballo durante o tempo en que se manteña a situación de termine a súa presenza.

Dita vixilancia incluírá a comprobación da eficacia das actividades preventivas previstas na planificación, así como da adecuación de tales actividades ós riscos que pretenden previrse ou a aparición de riscos non previstos e derivados da situación que determina a necesidade da presenza dos recursos preventivos.

Cando, como resultado da vixilancia, observase un deficiente cumprimento das actividades preventivas, as persoas ás que se asigne a presenza:

- a) Farán as indicacións necesarias para o correcto e inmediato cumprimento das actividades preventivas.
- b) Deberán poñer tales circunstancias en coñecemento do contratista para que este adopte as medidas necesarias para corrixir as deficiencias observadas si estas non foran aínda subsanadas.

Cando, como resultado da vixilancia, se observe ausencia, insuficiencia ou falta de adecuación das medidas preventivas, ás persoas ás que se lle asigne a presenza deberán poñer tales circunstancias en coñecemento do contratista, que procederá de maneira inmediata á adopción das medidas necesarias para corrixir as deficiencias e á modificación da planificación da actividade preventiva e, no seu caso, da avaliación de riscos laborais.

## **5. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS**

No caso que concorran no lugar de traballo varias empresas de acordo co establecido no artigo 11. do RD 171/2004, estableceranse:

- O intercambio de información e de comunicacións entre as empresas concorrentes, (mediante a entrega e solicitude dos PLANOS DE SEGURIDADE das empresas concorrentes).
- A celebración de reunións periódicas, co fin de determinar as zoas de actuación e procedementos.
- A impartición de instrucións, dos recursos preventivos con presenza destes en obra.

Desenvólvese no Plano de Seguridade e Saúde.

## **6. SUBCONTRATACIÓN**

Referenciarase no Plano de Seguridade e Saúde no caso de existir subcontratación e as empresas cumprirán co establecido na Lei 32/2006 reguladora da subcontratación no Sector da Construción. BOE núm. 250 de 19 de outubro BOE n. 250 19/10/2006.

## **7. MATERIAIS PREVISTOS NA CONSTRUCCIÓN, PERIGOSIDADE E TOXICIDADE**

Non está previsto o emprego de materiais perigosos ou tóxicos, nin elementos ou pezas construtivas descoñecidas na súa posta en obra, como tampouco se prevé o uso de produtos tóxicos no proceso de construción.

## **8. TRABALLOS PREVIOS Á RELIZACIÓN DA OBRA**

Procederese á correcta sinalización da obra mediante la colocación de sinais que cumpran a normativa vixente (Instrución 8.3-I.C de sinalización de obras).

Conforme o Proxecto de execución de obra e o Plan da mesma, iniciaranse as operacións previas á realización das obras, procedendo a:

- Organización xeneral da obra: Valado, sinalización de acordo a la INSTRUCIÓN 8.3 IC,
- Acotación das zonas de traballo e reserva de espazos.
- Sinalización de accesos á obra.
- Con anterioridade ó inicio dos traballos, estableceranse as instrucións de seguridade para a circulación das persoas pola obra, tal como se mostra na táboa seguinte:

Todo o persoal que acceda a esta obra, para circular pola mesma, deberá coñecer e cumprir estas normas, independentemente das tarefas que vaian levar a cabo.

Estas normas deberán estar expostas na obra, perfectamente visibles na entrada, así como nos vestiarios e no taboleiro de anuncios.

Os recursos preventivos de cada contratista ou no seu defecto os representantes legais de cada empresa que realice algún traballo na obra, deberán entregar unha copia a todos os seus traballadores presentes na obra (incluíndo autónomos, subcontratas e subministradores). De dita entrega deberá deixarse constancia escrita.

### **NORMAS DE ACCESO E CIRCULACIÓN POR OBRA**

- Non entre en obra sen antes comunicar a súa presenza, para facer un efectivo control de acceso a obra, polo seu ben e o do resto de traballadores.

- Utilice para circular pola obra calzado de seguridade con plantilla metálica e casco de protección en correcto estado. En caso de realizar algún traballo con ferramentas e materiais que poidan caer, o calzado deberá dispoñer tamén de punteira metálica co fin de controlar o risco no evitable de caída de obxectos en manipulación.

*Recorde que os EPIS teñen unha data de caducidade, pasada a cal non garanten a súa efectividade.*

- Non camiñe por encima dos escombros (podería sufrir unha torcedura, un tropezco, unha caída, cravarse unha tacha, ...).
- Non pise sobre taboleiros ou madeiras no chan. Podería ter algún cravo e cravalo.
- Respecte as sinais. En caso de ver unha sinalización de perigo que corte o paso evite el cruzala. Dita sinalización está indicando unha zona de acceso restrinxido ou prohibido.
- Faga sempre caso dos carteis indicadores existentes pola obra.
- Non quite ou inutilice baixo ningún concepto, unha protección colectiva sen antes consultado cos recursos preventivos. So baixo a supervisión dos citados recursos preventivos pódese retirar unha protección e/ou traballar sen ela.
- Se atopa algunha protección en mal estado ou mal colocada, advirto inmediatamente ós recursos preventivos.
- Circule pola obra sen presas. Ir correndo pola obra pódelle supoñer un accidente ou a provocación dun accidente.
- No caso de encontrarse obstáculos (estadas de borriquetas ou plataformas de traballo elevadas, con operarios traballando sobre eles), esquíveos cambiando de camiño. Rodealo é preferible a sufrir ou provocar un accidente.
- Se ten que facer uso de algún cadro eléctrico, fágao utilizando as clavixas macho-femia adecuadas para a súa conexión.
- Se ten dúbidas, non improvise, advirta e pregunte ós recursos preventivos, esa é unha das súas funcións.

Considerando o número previsto de operarios, provese a realización das seguintes instalacións:

A Empresa Construtora e as empresas subcontratadas vinculadas contractualmente con ela, asumen en primeira instancia a dotación e mantemento da implantación para albergar, en condicións de salubridade e confort equivalentes, á totalidade do persoal que participe nesta obra.

O cargo de amortización, alugueres e limpeza, derivados da dotación e equipamento destas instalacións provisionais do persoal en obra, se prorrateará por parte da Empresa Construtora en función das necesidades de utilización tanto do persoal propio como do subcontratado en condicións dunha utilización no discriminatoria, funcional e digna.

#### Vestuarios (caseta):

Superficie aconsellable: 1,25 m<sup>2</sup> por persoa.

Limpeza diaria realizada por persoa fixa.

Ventilación suficiente no verán e calefacción e efectiva no inverno.

Útiles de limpeza: Serrín, escobas, recolledor, cubo de lixo con tapa hermética, fregona e ambientador.

Solo liso e illado termicamente.

Unha taquilla gardaroupa dotada de peche individual mediante clave ou chave e dobre compartimento (separación do vestiario de traballo e o de rúa) e dúas perchas por cada traballador.

Bancos corridos ou cadeiras.

Unha ducha por cada 10 traballadores ou fracción.

Lavabo corrido para o aseo persoal: Unha billa por cada 10 usuarios. xaboneiras, portarrollos, toalleiros, segundo o número de duchas e billas.

Un espello de 40 x 50 cm. mínimo, por cada 25 traballadores ou fracción. Rolos de papel-toalla ou secadores automáticos.

Instalacións de auga quente e fría.

## 9. IDENTIFICACIÓN DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS NAS DIVERSAS FASES DA OBRA

### 9.1. BALIZAMENTO DE OBRA

Operación a desenvolver previstas no proxecto
Delimitarase o recinto e realizarase o valado de acordo cos planos e antes do inicio da obra, para impedir así o acceso libre a persoas alleas á obra.

Identificación e avaliación de riscos avaliados coa valoración da eficacia da prevención adoptada e aplicada.

Risco
- Caídas de operarios ó mesmo nivel.
- Pisadas sobre obxectos.
- Choques e golpes contra obxectos inmóviles.
- Golpes e cortes por obxectos ou ferramentas.
- Iluminación inadecuada.
- Sobreesforzos, posturas inadecuadas ou movementos repetitivos.

Relación de Epi's necesarios e cuxa eficacia foi avaliada
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Luvas de coiro.</li> <li>• Rroupa de traballo.</li> <li>• Calzado de seguridade.</li> <li>• Casco de seguridade.</li> <li>• Chaleco reflector.</li> </ul>

Medidas preventivas e proteccións técnicas adoptadas, tendentes a controlar e reducir os riscos anteriores
--

- Estableceranse accesos diferenciados e sinalizados para as persoas e vehículos. A calzada de circulación de vehículos e a de persoal separarase polo menos por medio dunha varanda.
- Prohibirase aparcar na zona de entrada de vehículos.
- Prohibirase o paso de peóns pola entrada de vehículos.
- Prohibirase a entrada a toda persoa allea á obra.
- Calquera obstáculo que se atope situado nas inmediacións da obra deberá de quedar debidamente sinalizado.
- Dispoñerase en obra un Cartel de obra, no que se poidan contemplar todas as indicacións e sinalización de obra.
- valado dispoñerá de luces para a sinalización nocturna nos puntos onde haxa circulación de vehículos.
- Se ó instalar o valado de obra invadimos a beirarrúa, nunca se desviarán os peóns cara á calzada sen que haxan proteccións.

## 9.2. SINALIZACIÓN

### 9.2.1. SINALIZACIÓN PROVISIONAL DE OBRA. COLOCACIÓN E RETIRADA

#### a) Descrición e Procedemento

Nesta actividade están incluídos todos os traballos de colocación e retirada da sinalización provisional de obra para sinalizar, balizar e protexer todos os traballos que se fan e afectan a estrada co fin de analizar a seguridade dos traballadores durante a colocación e retirada da Sinalización provisional de obra.

#### b) Equipos de traballo, maquinaria e medios auxiliares:

- Furgón de sinalización.
- Furgoneta ou carro de sinalización.

#### c) Identificación de Riscos:

- Atropelos e golpes por vehículos.
- Caídas ó mesmo nivel.

#### d) Medidas preventivas e Protección:

- Non se iniciarán os traballos no caso de que a visibilidade (por condicións ambientais, etc.) non sexa a suficiente para garantir a seguridade dos operarios que interveñan nos mesmos. Aínda que se cifrou a distancia de visibilidade necesaria en 500 m., precísase que o establecido neste parágrafo non será de aplicación para situacións de emerxencia que requiran dunha intervención inmediata por parte da Conservación (tal é o caso da atención a accidentes, etc.).
- Se as condicións de escasa visibilidade, sobre todo debido a cambios meteorolóxicos (néboa, neve, choiva) sobreveñen cando se están realizando traballos na calzada, suspenderanse os mesmos ou se adaptará a sinalización ás novas circunstancias. Os operarios recibirán a información que lles permita decidir cando deben deter os traballos.
- Co obxecto de controlar o risco de atropelo dos traballadores (tanto durante a colocación e retirada da sinalización provisional como posteriormente durante a execución das actividades) prohibirase o inicio de traballos que afecten á libre circulación de vías abertas ao tráfico rodado se antes non se instalou a oportuna sinalización, balizamento (e no seu caso defensa) conforme ao contido da Norma 8.3. IC.
- Tras instalar a sinalización a que fai referencia o punto anterior, prohibirase que durante todo o transcurso dos traballos os operarios, as provisións, as máquinas, as cargas

- suspendidas, e calquera outro elemento, sitúense ou permanezan, puntual ou permanentemente, fóra da zona vedada ao tráfico rodado.
- Se os operarios van en vehículos, a súa protección virá dada polo propio vehículo. Se pola contra os operarios van a pé sobre a calzada, deberán protexerse mediante un vehículo.
  - Todos os traballadores que interveñan no proceso de colocación e retirada da sinalización provisional de obras farán uso de pezas de alta visibilidade, e serán formados e informados con carácter específico en relación aos riscos derivados das actividades, e sobre os protocolos e normas de seguridade para realizalas en condicións seguras.
  - Adaptarase a lonxitude dos cortes que se realicen co obxecto de evitar zonas especialmente conflictivas, como as curvas ou cambios de rasante. - Seleccionarase especificamente ao persoal que interveña nas actividades de colocación e retirada da sinalización provisional de obras, de forma que todos os operarios atópanse nunhas condicións físicas óptimas.
  - Unha vez superada a zona de traballo, deixarase aberto o final do corte co fin de que a incorporación dos vehículos e a maquinaria que procedan do mesmo poida realizarse en condicións seguras, a unha velocidade acorde á da vía á que se queren incorporar. En caso necesario, a saída ou incorporación dos vehículos e a maquinaria do corte auxiliarase por parte dun sinalista.
  - A colocación e retirada da sinalización provisional de obras desenvolverase en presenza dun recurso preventivo previamente designado que entre outras cuestións vixiará o cumprimento dos procedementos de traballo que se desenvolven neste documento.

#### PROCEDEMENTO DE TRABALLO PARA A COLOCACIÓN E RETIRADA DA SINALIZACION PROVISIONAL DE OBRAS EN ESTRADA CONVENCIONAL

1. SINALIZACIÓN PROVISIONAL DE OBRAS PARA TRABALLOS EN ESTRADA CONVENCIONAL QUE REQUIRAN DE CORTE DE CARRIL
  - Como no caso dá autovía, durante a execución dos traballos en estradas convencionais intervirán un vehículo de sinalización, e unha furgoneta ou un carro de presinalización, provistos en todos os casos dos sistemas de aviso (sistemas luminosos, sinais segundo Norma 8.3. IC, etc.) anteriormente comentados.
  - Durante a execución dos traballos na estrada convencional o principal factor de risco deriva do feito de que as beiravías resultan sensiblemente inferiores aos das autovías o cal se traduce en que a circulación do vehículo de sinalización a través da beiravía podería implicar a ocupación parcial do carril contiguo, en maior ou menor medida en función do ancho da beiravía. A condición de que se expoña esta situación (se se dispón de beiravía suficiente o vehículo circulará normalmente a través do mesmo, presinalizando ben polo carro ou por outro vehículo), e co obxecto de anticiparse á mesma, en estradas convencionais substituirase a bandeira da autovía por dous sinalistas, situados ao carón e outro da zona dos traballos. Ademais de cumprir as funcións que se destinaban ao bandeira nas autovías (incrementar os niveis de sinalización e advertencia para os seus usuarios) os sinalistas regularán o tráfico dos vehículos que se aproximen ao furgón de sinalización na colocación e retirada da sinalización provisional, e posteriormente (con independencia do ancho da beiravía) durante a execución das actividades (no caso de que o corte non se regulase mediante outros medios, como semáforos, etc.), podendo ser neste caso ata 4 sinalistas se non se dispón do sinal de retención de vehículos.
  - Os sinalistas usarán roupa de alta visibilidade, situaranse en zonas seguras fronte ao risco de atropelo, e permanecerán debidamente comunicados en todo momento co fin de garantir que a toma de decisións resulte coordinada. Nas situacións nas que resulte preciso (cando a distancia entre eles dificulte a comunicación directa, cando non dispoñan da visibilidade necesaria, cando a intensidade do tráfico así o requira...) a comunicación entre os sinalistas farase mediante emisora.



A colocación e retirada da sinalización provisional de obras farase conforme ó seguinte procedemento:

- Durante a posta en obra das emulsións bituminosas ou regas asfálticas, os traballadores situaranse a sotavento e manteranse a unha distancia de seguridade fóra da zona de risco de proxeccións do produto. O regador posicionarase de costas con respecto á dirección do vento. En días de forte vento, baixar a boquilla de rego todo o cerca do chan que se poida para evitar salpicaduras.
- Durante a manipulación e posta en obra dos materiais a empregar, incluso durante o seu almacenamento, cumprírase o contido das fichas de seguridade dos seus fabricantes, e os traballadores farán uso dos EPI's previstos nas mesmas. Coñecerase o tipo de rego usado en cada caso, os seus compoñentes e propiedades, temperatura de aplicación, toxicidade, etc.

- Para evitar o risco de atropelo e atrapamento, todas as manobras de aproximación dos camiións bituminadores coordinaranse mediante sinalistas, prohibíndose a presenza de traballadores ou persoas na liña de avance dos equipos.
- Tódolos operarios de auxilio que obrigatoriamente deban permanecer a pe na zona de estendido de regas, limitaranse a facer as súas actividades fóra da estrada, nas beirarrúas ou foxo, pero en calquera caso sempre fóra da zona de influencia das máquinas de estendido.
- Manter o camiión e os accesorios de rega o máis limpos posibles e eliminar restos de materiais bituminosos lubricantes, trapos, graxas. Non tocar as partes quentes do conxunto nin do de rega.
- Hai operacións que deben facerse con elementos quentes e en movemento (aplicación coa lanza). Non se realizarán estas tarefas se non se dominan e coñecen os riscos asociados, tomando previamente tódalas medidas de protección necesarias e utilizando os equipos de protección específicos para evitar contactos térmicos e inhalación de gases.
- A persoa encargada do manexo e do mantemento da cuba estará formada, informada e autorizada pola empresa para facer os traballos, e coñecerá as fichas técnicas, de seguridade e preventivas de cada material que use ou manipule. Non se permitirá que ninguén toque a máquina de estendido de leitadas, salvo o persoal autorizado que coñeza o seu funcionamento.
- Os accesos á extendedora de leitadas faranse polos lugares habilitados para elo polo seu fabricante, de forma que nunca exista un risco de caída en altura. Se fora necesario ascender á parte superior da cuba (recheo de materiais nos depósitos da propia máquina) e non existise unha plataforma adecuada para eliminar o risco de caída en altura adoptárase un sistema de protección individual fronte á caída en altura. Ademais, o acceso a esta plataforma realizarase en condicións seguras, mediante as escaleiras para elo previstas polo fabricante da máquina.
- Cando a máquina se vaia a encher os depósitos dos materiais constituíntes da leitada á zona de abasto, e deixe o rastro de estendido no corte, esta non poderá en ningún momento ocupar ningunha zona que non este dentro do corte, debidamente sinalizada e balizada.
- Cando se cambie de emulsión, deberase explicar ao operador a relación temperatura/viscosidade. O nivel de aglomerado estará sempre por encima dos tubos de quecemento.

#### Proteccións individuais:

- Protección facial de tela.
- Luvas de coiro e lona.
- Roupa de traballo.
- Calzado de seguridade.
- Botas de goma de seguridade.
- Traxes para ambientes húmidos.
- Máscara contra gases procedentes de emulsión.
- chaleco reflectante.

#### Proteccións colectivas:

- En todo momento manteranse as zonas de traballo limpas e ordenadas, e suficientemente iluminadas, se fose preciso facer traballos nocturnos.
- Sinalizaranse oportunamente os accesos e percorridos de vehículos.

- Cando sexa obrigado o tráfico rodado por zonas de traballo, estas delimitaranse convenientemente indicándose os distintos riscos coas correspondentes sinais de tráfico e seguridade.

#### **9.11.6. TRABALLOS DE MANIPULACIÓN DE ASFALTOS**

##### Riscos detectables:

- Os debidos a perigos intrínsecos do produto.
- Os derivados do proceso de carga e descarga.
- Incendio
- Queimaduras
- Atrapamento.

##### Medidas de protección colectivas:

- O chofer do camión cisterna para rega asfáltica deberá dispoñer do certificado de aptitude para o transporte de mercadorías perigosas.
- O camión deberá cumprir a normativa T.P.C. en todos os seus termos.
- O camión disporá no seu botiquín de primeiros auxilios dun frasco lavaollos.
- O chofer e regador deberán evitar en todo momento o contacto directo da pel coas emulsións asfálticas, utilizando sempre os seus equipos de protección individual. Non se deben facer as regas sen máscara contra gases e vapores.
- A utilización do equipo de protección individual é obrigatoria.
- Cando a rega se faga dende a rampa, débese situar nun lugar onde o chofer poida velo e non poida ser alcanzado polo vehículo ou pola emulsión asfáltica.
- Débese poñer coidado cando se limpen os pulverizadores da rampa atascados para evitar que lle salte emulsión. Esta limpeza farase sempre co vehículo parado e debidamente asegurado mediante freo.
- Prestar atención aos movementos do camión cisterna.
- Cando se regue con lanza, apunte sempre contra o chan, nunca o faga cara arriba nin en horizontal.
- Si se precisa desatascar a boquilla da lanza fágao con sumo coidado e gran atención, non abra a chave de liña antes de acabar a operación, e ao probar apunte sempre ao chan.

##### Equipos de protección Individual:

- Casco de seguridade.
- Calzado de seguridade .
- Mandil, polainas e manguitos de coiro.
- Luvas de amianto.
- Chaleco reflector.
- Lentes de seguridade.
- Máscara contra gases e vapores.
- Luvas de plástico ou caucho sintético.

### 9.11.7. DOBRE / TRIPLE REGA ASFÁLTICA

#### Riscos detectables

- Os derivados do proceso de carga e descarga do produto.
- Atrapamento por material ou vehículos.
- Caída ou envorco de vehículos.
- Caídas de persoal ao mesmo nivel.
- Caídas de persoal a distinto nivel.
- Desprendementos de materiais.
- Atropelo de persoal na obra.
- Choque ou golpe contra obxectos u outros vehículos.
- Vibracións.
- Ruídos.
- Riscos hixiénicos por ambientes pulvíxenos.
- Sobreesforzos.
- Os debidos a perigos intrínsecos do produto.
- Os derivados do proceso de carga e descarga.
- Incendio.
- Queimaduras.
- Atrapamento.

#### Medidas de proteccións colectivas

- Todo o persoal que manexe a maquinaria para estas operacións será especialista nela.
- Prohíbese sobrecargar os vehículos por encima da carga máxima admisible, que levarán sempre escrita de forma lexible.
- Prohíbese o transporte do persoal fóra da cabina de condución e/ou en número superior aos asentos existentes no interior.
- Cada equipo de carga e descarga será coordinado por persoal competente.
- Prohíbese a permanencia de persoas no radio de acción das máquinas.
- Salvo camiões, tódolos vehículos empregados nesta obra para as operacións de recheo e compactación serán dotados de bucina automática de marcha atrás.
- Os vehículos utilizados estarán dotados de póliza de seguro con responsabilidade civil.
- Os condutores de calquera vehículo provisto de cabina pechada, quedan obrigados a utilizar o casco de seguridade ao abandonar a cabina no interior da obra.
- O chofer do camión cisterna para rega asfáltica deberá dispoñer do certificado de aptitude para o transporte de mercadorías perigosas.
- O camión deberá cumprir a normativa T.P.C. en todos os seus termos.
- O camión disporá no seu botiquín de primeiros auxilios dun frasco lavaollos.



- O chofer e regador deberán evitar en todo momento o contacto directo da pel coas emulsións asfálticas, utilizando sempre os seus equipos de protección individual. Non se deben facer os regos sen máscara contra gases e vapores.
- A utilización do equipo de protección individual é obrigatoria.
- Cando o rego se faga dende a rampa, debe situarse nun lugar onde o chofer poida velo e non poida ser alcanzado polo vehículo ou pola emulsión asfáltica.
- Débese poñer coidado cando se limpen os pulverizadores da rampa atascados para evitar que lle salte emulsión. Esta limpeza farase sempre co vehículo parado e debidamente asegurado mediante freo.
- Prestar atención aos movementos do camión cisterna.
- Cando se regue coa lanza apunte sempre contra o chan, nunca o faga cara arriba nin en horizontal.
- Si se precisa desatascar a boquilla da lanza, fágao con sumo coidado e gran atención, non abra a chave de liña antes de acabar a operación, e ao probar apunte sempre ao chan.

#### Equipos de protección individual

- Casco de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Botas de goma ou PVC.
- Gafas seguridade antiproxeccións.
- Cinto de seguridade.
- Chaleco reflectante.
- Traxes de auga.
- Mascara antipó.
- Mandil, polainas e manguitos de coiro.
- Luvas de amianto
- Gafas de seguridade.
- Máscara contra gases e vapores.
- Luvas de plástico ou caucho sintético

#### **9.11.8. FRESADO DE PAVIMENTOS**

##### Riscos detectables:

- Cortes, golpes, feridas, pinchazos, torceduras, atrapamentos e/ou aplastamentos en mans e pes, durante os traballos, no manexo de materiais, maquinaria (ausencia de resgardos nos elementos móbiles) e/ou ferramentas.
- Atropelos, colisións, alcances, envorcros e falsas manobras da maquinaria.
- Os derivados de traballos baixo condicións meteorolóxicas adversas.
- Os derivados do tránsito de operarios polos accesos ata o lugar de traballo (caídas por desniveis, caídas ó mesmo nivel, arrollamentos por maquinaria).
- Accidentes do tráfico de obra.
- Afeccións a vías en servizo.

- Ambiente pulvixeno.
- Trauma sonoro por contaminación acústica.

Normas preventivas:

- A prevención de accidentes nos traballos de fresado concrétese, maioritariamente, na adopción e vixilancia de requisitos e medidas preventivas relativas á maquinaria utilizada, tanto intrínsecos dos diversos elementos das máquinas como á circulación destas ó longo do lugar de traballo. Sen embargo, o fresado de pavimentos é unha labor de rehabilitación de firmes, polo que se fai na maioría dos casos con tráfico aberto nas inmediacións, polo que, ás medidas preventivas aquí enumeradas, haberá que engadir as correspondentes á sinalización de obras móbiles, de acordo coas recomendacións do mesmo nome que edita o Ministerio de Fomento.
- Sinalizárase suficientemente a presenza de todo o persoal que este operando ó longo da estrada.
- Todas as máquinas serán manexadas por persoal especializado, evitándose a presenza na súa área de influencia de persoas alleas a esta operación.
- Non se permite a permanencia sobre a fresadora en marcha a outra persoa que non sexa o chofer.
- As manobras da máquina estarán dirixidas por persoas distintas ó chofer.
- Xunto a eles, os riscos de exposición a ambientes pulvixenos e a fumes definen a necesidade de emprego de equipos de protección individual e de organización e sinalización dos traballos.
- O persoal de fresado irá provisto de mono de traballo dotado de elementos reflectantes, luvas e botas de seguridade, así como polainas e peto cando poidan recibir proxeccións do material fresado.
- Conservarase a maquinaria nun estado correcto de mantemento.

Proteccións individuais:

- Todo o persoal utilizará casco de seguridade, mono de traballo, calzado con sola antideslizante e punteira anti-deformable e chaleco reflector.
- Durante a fase de aglomerado o calzado a utilizar disporá de protección térmica.
- Sempre que as condicións de traballo esixan outros elementos de protección, como máscara, gafas, polainas, peto, etc., dotaranse dos mesmos ós traballadores.
- Chaleco reflectante.

**9.11.9. EXTENDIDO DE AGLOMERADO EN QUENTE**

<b>Operacións a desenvolver previstas no proxecto</b>
<p>Nesta unidade de obra inclúense as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparación da superficie existente: levarase a cabo un barrido e un tratamento da superficie mediante rego de adherencia ou de imprimación, de forma que se elimine o material solto ou degradado existente, para asegurar unha mellor adherencia posterior.</li> <li>• Transporte dende a central de fabricación e descarga da mestura bituminosa en quente mediante camións volquete, provistos de lonas de protección da carga fronte o vento, polvo ou auga.</li> <li>• Extensión e precompactación da mestura bituminosa en quente mediante extendedora. Materializarase unha capa uniforme e continua mediante movementos vibratorios efectuados</li> </ul>

- pola mestra.
- Compactación da mestura bituminosa en quente.

**Identificación e avaliación de riscos avaliados coa valoración da eficacia da prevención adoptada e aplicada.**

Risco	Probabilidade	Consecuencias	Calificación	Estado	Val. Eficacia
- Caída de persoas a distinto nivel.	Baixa	Extremadament e Nocivo	Moderado	Evitado	99,0
- Caída de persoas o mesmo nivel.	Baixa	Nocivo	Tolerable	Evitado	99,5
- Pisadas sobre obxectos.	Baixa	Nocivo	Tolerable	Evitado	99,5
- Choques y golpes contra obxectos inmóviles.	Baixa	Nocivo	Tolerable	Evitado	99,5
- Proxeccións de fragmentos o partículas.	Baixa	Lixeiramente Nocivo	Trivial	Evitado	99,9
- Atrapamento ou aplastamento por envorco de máquinas ou vehículos.	Baixa	Extremadament e Nocivo	Moderado	Evitado	99,0
- Sobreesforzos, posturas forzadas ou movementos repetitivos.	Baixa	Nocivo	Tolerable	Evitado	99,5
- Exposición a temperaturas ambientais extremas.	Media	Lixeiramente Nocivo	Tolerable	Evitado	99,5
- Contactos térmicos.	Media	Nocivo	Moderado	Evitado	99,0
- Exposición a sustancias nocivas ou tóxicas.	Media	Extremadament e Nocivo	Importante	No eliminado	95,0
- Incendio.	Baixa	Extremadament e Nocivo	Moderado	Evitado	99,0
- Atropelos ou golpes con vehículos.	B Baixa	Extremadament e d Nocivo	Moderado	Evitado	99,0
- Exposición o ruído.	Media	Lixeiramente Nocivo	Tolerable	Evitado	99,5

Relación de Epi's necesarios e cuxa eficacia foi avaliada

- Casco de seguridade
- Luvas de P.V.C. ou caucho.
- Luvas de coiro.
- Calzado de seguridade.
- Roupas de traballo.

- Lentes de seguridade.
- Ropa impermeable para o tempo chuvioso.
- Máscara de protección.
- Chaleco reflectante
- Faixa elástica de suxeición de cintura.
- Xeonlleiras impermeables almofadilladas.

Medidas preventivas e proteccións técnicas adoptadas, tendentes a controlar e reducir os riscos anteriores

- Os operarios terán os Equipos de Protección Individual correspondentes para realizar as tarefas.
- Verificarase periodicamente todos os vehículos, deixando todas as revisións indicadas no libro de mantemento
- Prohibirase a permanencia do persoal no radio de acción da maquinaria.
- Habendo operarios no pe do talud non se traballará no borde superior.
- Os maquinistas coñeceran perfectamente o tipo de conducción, seus riscos e as distancias as que teñen que suspender os traballos.
- A maquinaria dispoñerá de sinalización acústica de marcha atrás.
- Os vehículos utilizados están dotados da póliza de seguro con responsabilidade civil ilimitada.
- Os condutores de calquera vehículo provisto de cabina cerrada quedan obrigados a utilizar o casco de seguridade para abandonar a cabina no interior da obra.
- A disposición das máquinas cando este traballando será tal que evite todo tipo de interferencias dunhas zonas a outras.
- Sinalizaranse os accesos e recorrido dos vehículos no interior da obra para evitar as interferencias, tal como deseñáronse nos planos deste Estudio.
- Todo o persoal que manexe a maquinaria de extensión da rega, será especialista no manexo da mesma, e posuirá a documentación de capacitación acreditativa.
- Os bordes da estendedora estarán sinalizados a bandas negras e amarelas.
- Vixiarase a existencia de extintores de incendios adecuados a bordo da máquina, e conservarase en estado de funcionamento.
- Non se permitirá a presenza na estendedora de calquera outra persoa que non sexa o condutor da mesma.
- Prohibirase a aproximación de operarios a regra vibrante durante as operacións de estendido.
- O esparcidor para aplicar a capa de ligante deberá manterse limpo de residuos asfálticos; os queimadores e o sistema e circulación comprobarase para asegurar a non existencia de obstrucións nin fugas.
- As mezcladoras de asfaltos dispoñerán de dispositivos de control de fumes e polvo. Deberán empregarse os equipos de protección respiratoria cando sexan necesarios.
- Prohibirase deixar material de refugallo sobre o esparcidor para evitar o risco de

combustión espontánea.

- Durante o estendido da mestura bituminosa, o persoal utilizará única e exclusivamente as plataformas dispostas na maquinaria. Manteranse en perfecto estado as varandas e demais proteccións que impiden o contacto co parafuso sen fin de repartición da mestura bituminosa.
- As operacións de descarga de áridos mediante camións volquete con manobras de marcha atrás presentarán especial perigo debido ás malas condicións de visibilidade do condutor. Para evitar posibles situacións de perigo, ditas manobras estarán dirixidas por un especialista. O resto de traballadores presentes no lugar de traballo permanecerán afastados dos volquetes hidráulicos.
- Se nalgún lugar de traballo fose necesario traballar en horas nocturnas, dispoñeráse de iluminación suficiente, máis intensa nos puntos que se consideren máis perigosos.
- Regaranse periodicamente os lugares de traballo de forma que se eviten ambientes pulvixenos.
- Sinalizaranse as zonas recentemente tratadas para evitar accidentes.
- Nos lugares de tránsito de persoas acotaranse con corda de bandeirolas as superficies recentemente tratadas, co fin de evitar accidentes por caídas.
- O persoal adicado de forma continua aos traballos de rega asfáltica será relevado periodicamente cada catro horas.
- No caso de que a rega asfáltico toque a pel esta deberá arrefriarse inmediatamente con auga fría.
- Todo o persoal que manexe os equipos de compactación, será especialista no manexo dos mesmos, e posuirá a documentación de capacitación acreditativa.
- Prohíbese a permanencia de persoas nun radio non inferior aos 5 m contorna ás compactadoras e apisoadoras en funcionamento.
- Os vehículos de compactación e apisoado irán provistos de cabina de seguridade de protección en caso de envorco.
- Todos os vehículos empregados nesta obra, para as operacións de compactación estarán dotados de bucina automática de marcha cara atrás.
- Suspenderase os traballos en condicións climatolóxicas adversas.
- Deberá manterse o lugar de traballo en bo estado de orde e limpeza.

## **9.12. MANIPULACIÓN DE FERRALLA**

---

### Riscos detectables:

- Cortes e feridas en mans e pés pola manipulación de redondos de aceiro.
- Atrapamento durante as operacións de carga e descarga de paquetes de ferralla.
- Tropezos e caídas camiñando sobre as armaduras.
- Os derivados das eventuais roturas de redondos de aceiro durante o estirado ou dobrado.
- Sobreesforzos.
- Caídas ao mesmo nivel.
- Caídas a distinto nivel.

- Caídas desde altura.
- Golpes por caída ou xiro descontrolado da carga desprendida.
- Outros.

#### Medidas de protección colectiva:

- Habilitarase en obra un espazo adicado ao acopio clasificado dos redondos de ferralla próximo ao lugar de montaxe de armaduras.
- Os paquetes de redondos almacenarase en posición horizontal sobre durmintes de madeira capa a capa, evitándose as alturas das pilas superiores a 1,50 m.
- O transporte aéreo de paquetes de armaduras mediante guindastres executarase suspendendo a carga de dous puntos separados mediante eslingas.
- O ángulo superior no anel de colgue que formen as fondiñas das eslingas entre sí será igual ou menor de 90º.
- A ferralla montada (soportes, grellas, etc.) almacenarase nos lugares designados a tal efecto, separados do lugar de montaxe.
- Os desperdicios ou recortes de ferro e aceiro recolleranse acopiándose no lugar determinado para a súa posterior carga e transporte a vertedoiro.
- Efectuarase un varrido diario de puntas, arames e recortes de ferralla.
- A ferralla montada transportarase ao punto de ubicación, suspendida do gancho da grúa mediante eslingas que a suxeitarán de dous puntos distantes para evitar deformacións e desprazamentos non desexados.
- Queda prohibido o transporte aéreo de armaduras de soportes en posición vertical. Transportarase suspendidos de dous puntos mediante eslingas ata chegar próximos ó lugar de ubicación, depositándose no chan. Só se permitirá o transporte vertical para a ubicación exacta “in situ”.
- Prohíbese a montaxe de zunchos perimetrais sen antes estar correctamente instaladas as redes de protección.
- Evitarase no posible camiñar polos fondiños dos encofrados de vigas.
- Instalarase “camiños de tres tablóns de anchura” (60 cm como mínimo) que permitan a circulación sobre forxado en fase de armado de negativos (ou tendido de mallazo de reparto).
- As manobras de ubicación “in situ” de ferralla montada guiaranse mediante un equipo de tres homes; dous guiarán mediante sogas en dous direccións a peza situada, seguindo as instrucións do terceiro, que procederá manualmente a efectuar as correccións de aplomado.

#### Equipos de protección individual:

- Casco homologado.
- Botas de seguridade.
- Cintos de seguridade ( Clase A ou C ).
- Luvas de coiro.
- Gafas de seguridade contra as proxeccións.
- Mono de traballo cubrindo a totalidade do corpo.

- Traxes de auga.
- Botas de goma ou de P.V.C. de seguridade.
- Cinto porta – ferramentas.
- Chaleco reflectante.

### **9.13. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DE MUROS FORMIGÓN**

---

#### Riscos detectables:

- Caída de persoas.
- Contacto eléctrico indirecto.
- Cortes.
- Pinchazos.
- Golpes por balanceo de armaduras, culler, etc.
- Envorco de máquinas.
- Atropelos.
- Os riscos derivados do manexo de ferralla e formigón.

#### Medidas preventivas:

- Acotarase a zona de acción da máquina.
- Utilizaranse cabos de goberno para o manexo dos elementos suspendidos.
- Protexeranse as esperas de armaduras.
- Comprobarase que a posición da máquina sexa estable.
- Sinalizarase o tráfico e a área de montaxe de ferralla.
- Prohíbese o acceso de traballadores á escavación de la pantalla.

#### Equipos de protección colectiva:

- Casco de seguridade.
- Luvas.
- Gafas antiimpacto.
- Botas de seguridade.
- Botas impermeables o auga.

### **9.14. TRABALLOS DE CONSTRUCCIÓN DE MUROS MAMPOSTERIA**

---

#### Riscos detectables:

- Caídas ao mesmo nivel.
- Caídas a distinto nivel.
- Caídas desde altura.
- Golpes por caída ou xiro descontrolado da carga desprendida.
- Atrapamento por colocación de pedras.

- Aplastamento por derrube de muros.
- Sobreesforzos.
- Outros.

#### Medidas preventivas:

- Os operarios terán formación adecuada en PRL para o devandito oficio.
- O persoal será coñecedor do método correcto.
- Cada equipo de montaxe estará dirixido e coordinado por un capataz especialista.
- Prohíbese a permanencia de persoas ou maquinaria baixo o radio de acción das cargas suspendidas.
- Os traballos suspenderanse baixo réxime de fortes ventos, e en todo momento evitarase que a carga poida xirar no aire durante o seu transporte e aproximación ó lugar da ubicación definitiva.
- As correccións de aplomado e nivelación realizáranse expresamente mediante cuñas de madeira e unllas metálicas para os cambios lixeiros de posición.
- A verticalidade requirida para unha boa estabilidade implica un desplome lixeiro.

#### Equipos de protección colectiva:

- Deberanse izar e colocar as pedras con eslingas resistentes para o peso das mesmas.
- Non se deben pasar as pedras por encima dos traballadores.
- Utilización de ferramentas adecuadas para manipulación das mesmas.
- Sinalización e balizamento da zona a actuar co fin de evitar que entren persoas na zona de actuación.
- Utilización de cabaletes e estadas homologados.

#### Equipos de protección individual:

- Casco homologado.
- Botas de seguridade.
- Cintos de seguridade ( Clase A ou C ).
- Luvas de coiro.
- Gafas de seguridade contra as proxeccións.
- Mono de traballo cubrindo a totalidade do corpo.
- Traxes de auga.
- Chaleco reflectante.
- Botas de goma ou de P.V.C. de seguridade.
- Cinto porta – ferramentas.
- Outros.



## 9.15. PINTADO DE MARCAS VIAIS OU SINALIZACIÓN HORIZONTAL

---

### Descrición e procedemento

Comprende as marcas viais de pintura branca a executar sobre calzada. As marcas viais sobre calzada execútanse mediante máquina pintabandas e as marcas especiais mediante serigrafiado ou pintado manual.

Os traballos correspondentes a sinalización horizontal percíbense sobre os viais de aglomerado asfáltico na obra.

### Maquinaria e equipos auxiliares

- Máquina pintabandas.
- Camión de transporte.
- Fresadora.
- Varredora.

### Riscos

- Atropelos e golpes por vehículos.
- Caída de persoas a distinto nivel.
- Caída de persoas ao mesmo nivel.
- Exposición a substancias nocivas ou tóxicas.
- Contactos con substancias cáusticas e/ou corrosivas.
- Proxección de fragmentos ou partículas.
- Atrapamento por ou entre obxectos.
- Atrapamento.
- Sobreesforzos.
- Golpes e cortes por obxectos e ferramentas.
- Exposición a temperaturas ambientais extremas

### Riscos especiais

Na execución destas actuacións estará presente un recurso preventivo cando estas tarefas se realicen de forma simultánea con outras actividades.

### Medidas preventivas

- Ante estes traballos, o contratista desenvolverá no seu plan de Seguridade e Saúde dos traballos descritos anteriormente polo menos, os seguintes aspectos:
- A zona de traballo estará separada fisicamente da zona de circulación da estrada mediante a sinalización e o balizamento correspondente en función de a norma 8.3.1.C.
- Colocarase sempre un vehículo de protección con rotativo luminoso e/ou panel luminoso acceso no seu parte posterior como protección.
- Non se deixará unha distancia excesiva entre o vehículo de protección e a máquina de pintar, para evitar a irrupción de vehículos entre ambos.

- Evitarase o contacto directo de todo tipo de pinturas coa pel. Prohíbese a mestura directa de pigmentos e solucións a brazo para evitar a absorción cutánea.
- Está prohibido fumar ou comer en a realización destes traballos. É necesaria unha profunda hixiene persoal especialmente das mans e a cara antes de realizar calquera tipo de comida ou bebida.
- Para evitar o perigo de explosión prohíbese realizar traballos de soldadura e oxicorte en lugares próximos aos lugares de traballo nos que se empreguen pinturas inflamables.
- Almacenaxe de materiais (pinturas, disolventes) efectuarase en lugares específicos, os cales reunirán as condicións adecuadas, con especial incidencia en o referente a ventilación e protección contra incendios (prohibicións de fumar, facer fogatas, etc.).
- Advertirase ao persoal de a posible toxicidade e risco de explosión dalgúns produtos, así como das condicións da súa utilización e os medios orientados cara ao seu prevención.
- As etiquetas de todos os envases terán claras e nunca borradas ou tapadas as características do produto. Para ese efecto prohibirase o cambio de envase dos produtos, para que nunca se poida alegar o descoñecemento do seu contido e características.
- Dispoñerese dun extintor xunto aos traballos.
- Tanto a aplicadora e o camión nodriza como a furgoneta de apoio levarán un extintor ABC, así como teléfono e dirección dos servizos de urxencia e centros hospitalarios máis próximos.
- Ao realizarse o traballo ao aire libre minimízase a produción de vapores tóxicos. De todos os xeitos, o fogonero deberá levar unha protección respiratoria adecuada.
- Para evitar salpicaduras e formación de atmosferas saturadas de po en suspensión na súa contorna, o vertido realizarase sobre o soporte desde a menor altura posible.
- Ademais, e dado que os sacos teñen un peso de 25 a 30 kg, esta tarefa realizarase entre dúas persoas.
- Extremarase a limpeza dos equipos ao finalizar a xornada de traballo e cumprirse o disposto no libro de mantemento dos mesmos.

#### Proteccións individuais

- Luvas de seguridade.
- Calzado de seguridade.
- Casco de seguridade.
- Chaleco reflectante.
- Mascara con filtro antivapores
- Lentes de protección
- Protección auditivas

#### Proteccións colectivas

- Sinalización de estradas segundo Instrución 8.3 I.C
- Conos.
- New Xerseis

## 9.16. TRABALLO DE VARRIDO DE SUPERFICIE

---

### Descrición do traballo

Consiste en limpar a sucidade da estrada.

### Riscos:

- Risco de atropelo e colisión: Debido a que se trata dun traballo na estrada, a seguridade do operario dependerá, en gran medida, do grado de precaución que adopten os usuarios da vía ante as obras.
- Risco de caída a distinto nivel: Debido á acción de subir e baixar do camión.
- Risco de atrapamento coa maquinaria: Debido ó uso indebido da maquinaria ou a situacións de traballo próximas a zonas con movemento de vehículos.
- Risco derivado da climatoloxía: condicións como néboa, neve, xeo, choiva intensa,...

### Medidas Preventivas:

- Será obrigatorio o uso de botas de seguridade e luvas contra proteccións mecánicas, excepto en aquelas operacións en que sexa preciso a utilización doutras proteccións incompatibles coas anteriores. Da mesma forma tódolos traballadores usaran roupa de alta visibilidade.
- A maquinaria de traballo, levará sempre os xira faros, as luces de emerxencia e a frecha luminosa indicando o carril de circulación conectados.
- Para acceder á cabina do vehículo disporase dos estribos correctos, co suficiente numero de banzos, que serán antideslizantes. Da mesma forma prohibese o acceso á cabina apoiándose nos parafusos das rodas ou outros elementos similares.
- Manterase todos os sistemas de seguridade existentes na maquinaria, así como carcasas protectoras, illantes eléctricos e demais. Para evitar accidentes por atrapamento prohibese a manipulación de algún deles.
- Debido a que se trata de un traballo que pode xerar problemas á circulación, realizarase, sempre que sexa posible en momentos na que a intensidade de vehículos sexa baixa.
- Os traballos realizaranse con condicións atmosféricas favorables. En caso de condicións climatolóxicas adversas, tales como choiva intensa, néboa, neve ou forte vento, suspenderanse os traballos. Os traballadores deberán recibir información que lles permita detectar cando deben deter os traballos.
- Co fin de diminuír o perigo de atropelos, todos os traballos encontraranse debidamente sinalizados, como se detallará no apartado “tipo de sinalización en cada caso”, SEGUNDO O ESTABLECIDO NA 8.3 IC.

### Equipos de protección individual:

- Casco homologado
- Botas de seguridade
- Luvas de coiro
- Gafas de seguridade contra las proxeccións
- Mono de traballo cubrindo a totalidade do corpo
- Traxes de auga

- Botas de goma o de P.V.C. de seguridade
- Chaleco reflíctante.
- Cinto porta – ferramentas.

## 10. TIPO DE MAQUINARIA A EMPLEAR NA OBRA.

Relación de maquinas, ferramentas, instrumentos ou instalación empregados na obra que cumpran as condicións técnicas e de utilización que se determinan no Anexo IV do R.D. 1627/97 así como na súa regulamentación específica e que van a utilizarse ou cuxa utilización está prevista nesta obra, con identificación dos riscos laborais indicando as medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir ditos riscos, incluíndo a identificación de riscos en relación co entorno da obra en que se encontran.

### 10.1. DUMPER

Operacións a desenrolar previstas no proxecto
Utilizarémolo na obra para realizar tarefas de autocarga movéndose por terreos difíciles e superado maiores pendentes grazas a súa tracción ás catro rodas. Utilizarase para as operacións de carga e transporte de áridos, ladrillos ou escombros de maneira áxil e eficaz.

**Identificación e avaliación de riscos avaliados coa valoración da eficacia da prevención adoptada e aplicada.**

Risco	Probabilidade	Consecuencias	Calificación	Estado
Atropelo de persoas	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado
Envorcos	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado
Colisións	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Atrapamentos	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado
Proxección de obxectos	Media	Dañino	Moderado	Evitado
Desprendemento de Terras	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Vibracións	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Ruído ambiental	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Polvo ambiental	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Caídas ó subir ou baixar do vehículo	Media	Dañino	Moderado	Evitado
Contactos con enerxía eléctrica	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Queimaduras durante o mantemento	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Golpes debidos á manguera de suministro de aire	Alta	Dañino	Importante	Non eliminado

Sobreesforzos	Alta	Lixeiramente dañino	Moderado	Evitado
---------------	------	---------------------	----------	---------

Relación de Epi's
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Casco de seguridade (de uso obrigatorio para abandonar a cabina).</li> <li>- Roupa de traballo.</li> <li>- Luvas de coiro.</li> <li>- Cinto elástico antivibratorio.</li> <li>- Calzado antideslizante.</li> <li>- Roupa de abrigo (en tempo frío).</li> </ul>

Medidas preventivas e proteccións técnicas adoptadas, tendentes a controlar e reducir os riscos anteriores
<p>Os accesos e camiños da obra conservaranse Os accesos e camiños da obra conservaranse en adecuado estado para a circulación evitando a circulación de brandón e embarramentos excesivos.</p> <p>A máquina deberá estacionarse sempre nos lugares establecidos.</p> <p>Sinalizaranse todas as zonas, para advertencia dos vehículos que circulan. Así mesmo, instalaranse topes de seguridade de fin de percorrido, ante a coroación dos cortes de noiros ou terrapléns, aos que debe de aproximarse a maquinaria empregada no movemento de terras.</p> <p>Antes de poñer en servizo a máquina, comprobaranse o estado dos dispositivos de freado, pneumáticos, batería, niveis de aceite e auga, luces e sinais acústicas e de alarma.</p> <p>O operario que manexe a máquina debe ser cualificado, con boa capacidade visual, experiencia e dominio da máquina.</p> <p>Os accidentes mais frecuentes son ocasionados polo basculamento da máquina, por elo será necesario non cargalos esaxeradamente, sobre todo en terreos con gran declive. A súa velocidade nestas operacións debe reducirse por debaixo dos 20 km./h.</p> <p>Non se cargará o cubilote por enriba da zona de carga máxima nel marcada.</p> <p>As pendentes poderanse remontar de forma mais segura en marcha cara atrás, pois do contrario, podería envorcar.</p> <p>Prohíbese transportar pezas que sobresalgan lateralmente do cubilote.</p> <p>Os dumpers, sobre todo os de gran capacidade, presentan serios perigos nos desprazamentos cara atrás pola súa pouca visibilidade, por elo deberán de incorporar avisadores automáticos acústicos desta operación.</p> <p>Colocaranse topes que impidan o retroceso.</p> <p>Será imprescindible dispoñer de pórtico de seguridade antienvorco, con cinto de seguridade complementario a el.</p> <p>Prohibirase a circulación por pendentes superiores ó 20 por cento ou ó 30 por cento, en terreos húmidos ou secos, respectivamente.</p> <p>É convinte coller a manivela colocando o pulgar do mesmo lado que os demais dedos, evitando posibles golpes.</p>

## 10.2. CAMIÓN TRANSPORTE

Operacións a desenrolar previstas no proxecto
<p>Utilizaremos o camión de transporte en diversas operacións na obra, pola capacidade da cubeta, utilizándose en transporte de materiais, terras, e outras operacións da obra, permitindo facer notables economías en tempos de transporte e carga.</p> <p>Permiten obter un rendemento óptimo da parte motriz reducindo os tempos de espera e de manobra xunto á escavadora.</p> <p>A pista que una os puntos de carga e descarga debe ser o suficientemente ancha para permitir a circulación incluso o cruce deles.</p> <p>Este tipo de transporte foi elixido porque considerábase que para a natureza das operacións a realizar na obra é o mais apropiado dende o punto de vista da seguridade.</p>

**Identificación e avaliación de riscos avaliados coa valoración da eficacia da prevención adoptada e aplicada.**

Risco	Probabilidade	Consecuencias	Calificación	Estado
Atropelo de persoas	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado
Choques contra outros vehículos	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Envorco por fallo de noiros	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado
Envorco por desprazamento de carga	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado
Atrapamentos, por exemplo ó baixar a caixa	Baixa	Extremadamente dañino	Moderado	Evitado

Relación de Epi's necesarios en cuxa eficacia foi avaliada
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Casco de seguridade (de uso obrigatorio para abandonar a cabina).</li> <li>- Roupa de traballo.</li> <li>- Luvas de coiro.</li> <li>- Cinto elástico antivibratorio.</li> <li>- Calzado antideslizante.</li> </ul>

Medidas preventivas e proteccións técnicas adoptadas, tendentes a controlar e reducir os riscos anteriores
<p>Si se tratase dun vehículo de marca e tipo que previamente non manexou, solicite as instrucións pertinentes.</p> <p>Antes de subir á cabina para arrancar, inspeccionar arredor e debaixo do vehículo, por si houbera algunha anomalía.</p> <p>Deberase facer soar a bucina inmediatamente antes de iniciar a marcha.</p> <p>Comprobaranse os freos despois dun lavado ou de haber atravesado zonas de auga.</p> <p>Non se poderá circular polo bordo de escavacións ou noiros.</p> <p>Quedarán totalmente prohibido a utilización de móbiles (teléfono móbil particular) durante o manexo da maquinaria.</p> <p>Non se deberá circular nunca en punto morto.</p> <p>Non se deberá circular demasiado próximo ao vehículo que o preceda.</p> <p>Non se deberá transportar pasaxeiros fora da cabina.</p> <p>Deberase baixar o basculante inmediatamente despois de facer a descarga, evitando circular con el levantado.</p> <p>Non se deberán realizar revisións ou reparacións co basculante levantado, sen habelo calzado previamente.</p> <p>Tódolos camións que fagan labouras de transporte nesa obra estarán en perfectas condicións de mantemento e conservación.</p> <p>Antes de iniciar as labouras de carga e descarga estará o freo de man posto e as rodas estarán inmovilizadas con cuñas.</p> <p>O izado e descenso da caixa realizarase con escaleira metálica suxeita ó camiión.</p> <p>Se fai falta, as manobras de carga e descarga serán dirixidas polo encargado de seguridade.</p> <p>A carga taparase cunha lona para evitar desprendementos.</p> <p>As cargas repartiranse uniformemente pola caixa, e se é necesario ataranse.</p> <p>A) Medidas Preventivas a seguir nos traballos de carga e descarga.</p> <p>O encargado de seguridade ou o encargado de obra, entregará por escrito o seguinte listado de medidas preventivas ó Xefe da cuadrilla de carga e descarga. Desta entrega quedará constancia coa firma do Xefe de cuadrilla ó pe deste</p>

escrito.

Pedir luvas de traballo ante de facer traballos de carga e descarga, evítanse lesións molestas nas mans.

Usar sempre calzado de seguridade, evítanse golpes nos pes.

Subir á caixa do camiión cunha escaleira.

Seguir sempre as indicacións do Xefe do equipo, é un experto que vivía que non haxa accidentes.

As cargas suspendidas hanse de conducir con cordas y non tocalas nunca directamente coas mans.

Non saltar a terra dende a caixa, perigo de fractura dos talóns.

### 10.3. CAMIÓN BASCULANTE

#### Riscos

- Atropelo de persoas.
- Envorco.
- Colisión
- Atrapamentos.
- Proxección de obxectos.
- Esborralle de terras.
- Vibracións.
- Ruído ambiental.
- Po ambiental.
- Caídas ao subir ou baixa á cabina.
- Contactos coa enerxía eléctrica. (liñas eléctricas)
- Queimaduras(mantemento).
- Golpes pola manguera de fornezo de aire.
- Sobreesforzos.

#### Normas preventivas

- O persoal encargado do manexo desta máquina será especialista e estará en posesión do preceptivo carné de conducir.
- A caixa será baixada inmediatamente logo de efectuada descárgaa, e antes de emprender a marcha.
- Respetará as normas do código de circulación.
- Si por calquera circunstancia tivese que parar en rampa, o vehículo quedará freado e calzado con topes.
- Respetará en todo momento a sinalización da obra.
- A velocidade de circulación estará en consonancia coa carga transportada, a visibilidade e as condicións do terreo.
- Durante as operacións de carga, permanecerá dentro da cabina (si ten viseira de protección) ou afastado do área de traballo da cargadora.

- Na aproximación ao bordo da zona de vertido, terá especialmente en conta a estabilidade do vehículo, asegurándose que de que dispón dun tope limitador sobre o chan, sempre que fose preciso.
- Calquera operación de revisión, co basculante levantado, farase impedindo o seu descenso, mediante encravamento.
- Non permanecerá ninguén nas proximidades do camión, no momento de realizar este as manobras.
- Si descarga material nas proximidades da gabia, aproximarase a unha distancia máxima de 1,00 m., garantindo esta mediante topes.
- Realizaranse as revisións e mantemento indicadas polo fabricante, deixando constancia no "libro de revisións".
- Posuirá bucina de marcha atrás, extintor e casco de seguridade, botiquín, protectores auditivos e faixa lumbar para o uso do manipulador. Todos os pestillos incluirán pechadura de seguridade.

#### Equipos de Protección Individual

- Casco( sempre que baixe do camión).
- Durante a carga permanecerá fóra do radio de acción das máquinas e afastado do camión.
- Roupa de Traballo.
- chaleco refictante.
- Calzado antideslizante.

#### **10.4. CAMIÓN FORMIGONEIRA**

<b>Operacións a desenrolar previstas no proxecto</b>
<p>Utilizaremos camiós formigoneira para o subministro de formigón á obra, xa que se considera que son os medios adecuados cando a confección ou mestura realizase nunha planta central.</p> <p>O camión formigoneira está formado por unha cuba ou bombo xiratorio soportado por o bastidor dun camión adecuado para soportar o peso.</p> <p>A cuba ou bombo xiratorio, ten forma cilíndrica ou bicónica estando montada sobre a parte posterior e nela efectúase a mestura dos compoñentes.</p>

#### **Identificación e avaliación de riscos avaliados coa valoración da eficacia da prevención adoptada e aplicada.**

<b>Risco</b>	<b>Probabilidade</b>	<b>Consecuencias</b>	<b>Calificación</b>	<b>Estado</b>
Durante a carga: Risco de proxección de partículas de formigón sobre cabeza e corpo do chofer ó non ser recollidos pola tolva de carga.	Media	Dañino	Moderado	Evitado
Durante o transporte: Risco de golpes a terceiros coa canaleta de saída ou despregarse por mala suxeición, rotura da mesma ou simplemente por non habela suxeitado despois da descarga.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Durante o transporte: Caída de formigón pola tolva ó encherse excesivamente.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado



Durante o transporte: Atropelo de persoas.	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Durante o transporte: Colisións con outras máquinas.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Durante o transporte: envorco do camión.	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Durante o transporte: Caídas, por exemplo no interior dalgunha gabia.	Media	Dañino	Moderado	Evitado
Durante a descarga: Golpes na cabeza ó despregar a canaleta.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Durante a descarga: Atrapamento de dedos ou mans nas articulacións e unións da canaleta ó despregar.	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Durante a descarga: Golpes nos pes ó transportar as canaletas auxiliares ou ó proceder a unilas á canaleta de saída por non seguir normas de manipulación.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Durante a descarga: Golpes a terceiros situados no radio de xiro da canaleta ó non fixar esta e estar persoas alleas próximas á operación de descarga de formigón.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Durante a descarga: Caída de obxectos encima do chofer ou os operarios.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Durante a descarga: Golpes có cubilote de formigón.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Riscos indirectos xerais; Risco de envorco durante o manexo normal do vehículo por causas debidas ó factor humano (corto de vista e non ir provisto de gafas, ataques de nervios, de corazón, perda de coñecemento, tensión alterada, estar ebrio, falta de responsabilidade, lentitude nos reflexos), mecánicos (pezas mal axustadas, rotura de freos, desgaste nos pneumáticos ou mal inchado dos mesmos.)	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Riscos indirectos xerais: Risco de incendio por un cortocircuito producido na instalación eléctrica, combustible, etc., por un fallo técnico ou humano.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Riscos indirectos xerais: Risco de deslizamento do vehículo por estar resbaladiza a pista, levar as cubertas do vehículo en mal estado de funcionamento, traballos en terreos pantanosos ou en grandes pendentos.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Riscos indirectos durante a descarga: Golpes polo cubilote ó baixar ou ó subir	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado

cargado co mesmo como consecuencia dun mal manexo do sistema de transporte utilizado.				
Riscos indirectos durante a descarga: Golpes por obxectos caídos do alto da obra.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Riscos indirectos durante a descarga: Contacto das mans e brazos co formigón.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Riscos indirectos durante a descarga: Aplastamento polo cubilote ó desprenderse o mesmo por un fallo no sistema de transporte.	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Riscos indirectos durante a descarga: Caída de formigón sobre os traballadores situados debaixo da traxectoria das canaletas de descarga.	Baixa	Dañino	Tolerable	Evitado
Riscos indirectos durante a descarga: Atrapamento de mans entre o cubilote e a canaleta de saída cando o cubilote baixa baleiro e o chofer o colle para que na súa baixada quede en posición correcta.	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Riscos indirectos durante a descarga: Atrapamento dos pes entre a estrutura da base do cubilote e o chan cando este baixa para ser cargado.	Baixa	Extremadamente e dañino	Moderado	Evitado
Riscos indirectos durante o mantemento da formigoneira: Risco de caída de altura dende o alto da escaleira de acceso á tolva de carga durante os traballos de inspección e limpeza.	Media	Extremadamente e dañino	Importante	No eliminado
Riscos indirectos durante o mantemento da formigoneira: Risco de caída de altura dende o alto da cuba como consecuencia de subir a inspeccionar ou a facer traballos de pintura, etc.	Media	Extremadamente e dañino	Importante	No eliminado

**Relación de Epi's necesarios e cuxa eficacia foi avaliada**

- Casco de seguridade.
- Gafas de seguridade (antisalpicaduras de pastas).
- Roupa de traballo.
- Chaleco reflector
- Luvas de goma o P.V.C.
- Calzado antideslizante.

**Medidas preventivas e proteccións técnicas adoptadas, tendentes a controlar e reducir os riscos anteriores**

A) Descríbese a secuencia de operacións que deberá realizar o chofer do camiión para cubrir un ciclo completo coas debidas garantías de seguridade:

- 1- Ponse en marcha o camión e se enfila o camión ata colocar a tolva de carga xusto debaixo da tolva de descarga da planta de formigonado.
###### Especificación técnica:

Bota de seguridade antiriscos mecánicos, en varias tallas. Fabricada con serraxe e loneta reforzada antidesgarros. Dotada de punteira metálica pintada anticorrosión, persoal de aceiro inoxidable forradas antisudoral, adoite de goma antideslizante, con talón reforzado. Axustables mediante cordóns.

###### Obrigación de uso

Na realización de calquera traballo con risco de recibir golpes e aplastamento nos dedos dos pes e pisar obxectos cortantes ou punzantes.

### Ámbito da obrigación da utilización

Toda a superficie do solar e obra, en presenza do risco de golpes, aplastamento nos pés ou pisadas sobre obxectos punzantes ou cortantes. Traballos en talleres, carga e descarga.

Os que están obrigados especificamente á utilización das botas de seguridade de loneta e serraxe:

1. Oficiais, axudantes, peóns soltos, que manexen, conformen ou monten ferralla.
2. Oficiais, axudantes, peóns soltos, que manexen, conformen, monten encofrados ou procedan a desencofrar. Especialmente nas tarefas de desencofrados.
3. O encargado, os capataces, persoal de medicións, Delegado de Prevención, durante as fases de estrutura á conclusión do cerramento como mínimo.
4. O persoal que efectúe as tarefas de carga, descarga e descombro durante toda a duración da obra.

### **Botas de serraxe e loneta reforzada**

#### Especificación técnica

Botas de seguridade antiriscos mecánicos, en varias tallas. Fabricada con serraxe e loneta reforzada antidesgarros. Dotada de punteira reforzada en loneta e serraxe, do mesmo xeito que o talón. Con adoite de goma antideslizante e persoal antisudoral. Axustable mediante cordóns.

#### Obrigación de uso

Na realización de calquera traballo que requira garantir a estabilidade dos nocellos e pes do persoal.

#### Ámbito de aplicación

Toda a superficie do solar e obra, unha vez desaparecido o risco de pisadas sobre obxectos cortantes ou punzantes. Traballos nas cubertas. Instalacións en xeral. Traballos sobre estadas. Traballos de solados e chapado en xeral.

Os que están obrigados á utilización das botas de serraxe e loneta reforzada:

1. Oficiais, axudantes, peóns de axuda que realicen traballos de albanelería, solados chapados, techadores, impermeabilizados, enfoscados, xesos, vidro, condutores de maquinaria de O.P., etc.

### **Cascos de seguridade con protección auditiva**

#### Especificación técnica

Casco de seguridade, clase N, con arnés de adaptación de apoio sobre o cranio con cintas téxtiles e antisudatorio frontal. Dotado de dous protectores amortiguadores do ruído, abatibles dende o casco a vontade do usuario, fabricados con casquetes axustables de almofadillas recambiables.

Os que están obrigados ao uso do casco de seguridade, con protección auditiva:

1. Oficial, axudante e peóns de apoio que realicen disparos fixativos de ancoraxe a pistola.
2. Oficial, axudante e peóns de apoio encargados de realizar rozas.
3. Peóns que procedan ao corte ruidoso con serra de calquera material, de forma permanente.



## **Cascos de seguridade normais, clase N**

### Especificación técnica

Casco de seguridade, clase N, con arnés de adaptación de apoio sobre o cranio con cintas téxtiles de amortiguación e antisudatorio frontal.

### Obrigación de uso

Durante toda a realización da obra e en todos os lugares, con excepción de: interior de talleres, instalacións provisionais para os traballadores, oficinas e non interior de cabinas de maquinaria, sempre que non exista risco de caída de obxectos.

### Ámbito da obrigación da utilización

Desde o momento de traspasar o portón de obra, durante toda a estancia na mesma.

Os que están obrigados a utilizar a protección do casco:

1. Todo o persoal en xeral contratado pola empresa principal, polos subcontratistas e autónomos si os houberse. Exceptúase por carecer de risco evidente, e só na obra en fase de terminación, aos pintores e persoal que remate a urbanización e xardinería.
2. Todo o persoal de oficinas sen exclusión. Xefatura de Obra e cadeas de mando de todas as empresas participantes.
3. Dirección Facultativa e Representantes e visitantes da Propiedade.
4. Calquera visita de inspección ou de venda de artigos.

## **Cinto portaferramentas**

### Especificación técnica

Cinto portaferramentas formado por faixa con fibela de pechadura, dotada de bolsa de coiro e aros tipo canana con pasador de inmovilización, para colgar ata 4 ferramentas.

### Obrigación de uso

Na realización de calquera traballo fóra de talleres que requiran un mínimo de ferramentas e elementos auxiliares.

### Ámbito da obrigación da utilización

Toda a obra.

Os que están obrigados á utilización do cinto portaferramentas.

1. Oficiais e axudantes carpinteiros encofradores.
2. Oficiais e axudantes de carpintería de madeira.

## **Cinto de protección contra sobreesforzos**

### Especificación técnica

Cinto de protección de sobreesforzos, de protección da zona lumbar.

### Obrigación de uso

Para a realización de todos os traballos de carga e descarga, e transporte a brazo de obxectos.

### Ámbito da obrigación da utilización

1. Peóns en xeral, que realicen traballos de axudar nos que deban transportar cargas.
2. Peóns adicados a labores de carga, transporte a brazo e descarga de obxectos.

### **Faixa antivibratoria**

#### Especificación técnica

Faixa elástica de protección de cintura e vértebras lumbares, en diversas tallas, para a súa protección contra movementos vibratorios ou oscilatorios.

### Obrigación de uso

Na realización de traballadores con ou sobre máquinas que transmitan ao corpo vibracións.

### Ámbito da obrigación da utilización

Toda a obra.

Os que están obrigados á utilización de faixas antivibratorias:

1. Peóns especialistas que manexen martelos pneumáticos
2. Condutores das máquinas para o movemento de terras.

### **Filtro mecánico para máscaras antipó**

#### Especificación técnica

Filtro para recambio de máscara antipó, tipo A, con retención superior ao 98%.

### Obrigación de uso

En calquera traballo a realizar en atmosferas pulverulentas ou coa súa produción, no que estea indicado o cambio do filtro por rotura ou saturación. Do cambio darase conta documentada á Dirección Facultativa de Seguridade.

### Ámbito da obrigación da utilización

Toda a obra, con independencia do sistema de contratación utilizado.

Os que están obrigados á súa utilización:

1. Oficiais, axudantes, peóns, especialistas e condutores, etc., que realicen traballos con martelos pneumáticos, rozadores, serras, tronzadoras e maquinaria en xeral.

### **Lentes de seguridade de protección de radiacións de soldadura**

#### Especificación técnica

Lentes de seguridade para soldaduras eléctricas, oxiacetilénicas, oxicorte de cazoletas de armadura ríxida, ventilación lateral indirecta graduable e axustable; filtros recambiáveis e abatibles sobre cristais neutros.

#### Obrigación de uso

En toda a obra, na realización de traballos de soldadura eléctrica, oxiacetilénica e oxicorte, con independencia do sistema de contratación utilizado.

#### **Luvas de coiro flor e loneta**

##### Especificación técnica

Luvas fabricadas en coiro flor na parte anterior de palma e dedos da man; dorso en loneta de algodón. Dotados de sistema de fixación á man, mediante bandas extensibles de tecido (gomas).

##### Obrigación de uso

- En todos os traballos de manexo de ferramentas manuais; picos, palas.
- En todos os traballos de manexo e manipulación de puntais e bovedillas.
- Manexo de sogas ou corda de goberno de cargas en suspensión.
- En todos os traballos asimilables, por analoxía aos citados.

##### Ámbito da utilización

En todo o recinto da obra.

Os que están obrigados á súa utilización

1. Peóns en xeral.
2. Peóns especialistas de montaxe de encofrados.
3. Oficiais encofradores.
4. Persoal asimilable por analoxía de riscos nas mans aos mencionados.

#### **Luvas de goma ou P.V.C.**

##### Especificación técnica

Luvas de goma fabricados en usa soa peza, impermeables e resistentes a xabóns, deterxentes, amoníaco, etc.

##### Obrigación de uso

Traballos que impliquen tocar ou soste elementos mollados ou húmidos; traballos de curado de formigóns.

##### Ámbito da utilización

En todo o recinto da obra.

Os que están obrigados ao seu uso

1. Oficiais e peóns de axuda, cuxo traballo lles obríguel a fabricar, manipular ou estender morteiros, formigóns e pastas en xeral.
2. Enlucidores.
3. Teitadores.
4. Albaneis en xeral.
5. Calquera traballador cuxas labores sexan similares por analogía aos descritos.
6. Condutores de maquinaria de O.P.

### **Luvas de loneta de algodón impermeabilizados**

#### Especificación técnica

Luvas completas en loneta de algodón impermeables por revestimento de P.V.C. ou similar da palma da man e dedos.

#### Obrigación de uso

Traballos que impliquen tocar ou soste elementos húmidos ou mollados que esixan unha maior resistencia á perforación da luva. Manipulación e vertido de formigóns en xeral.

#### Ámbito da utilización

Toda a obra, especialmente durante as fases de estrutura.

Os que están obrigados á súa utilización

1. Oficiais, axudantes e peóns de formigonado.

### **Mandís de seguridade en coiro**

#### Especificación técnica

Mandil de coiro de cubrición de peito, ata media perna, fabricado en serraxe, dotado de cinta de coiro de colgue ao pescozo e cintas de coiro de axuste á cintura.

#### Obrigación de uso

- Soldadura eléctrica
- Soldadura oxiacetilénica
- Oxicorte
- Manexo de máquina radiais (rozadoras, serras)
- Manexo de trades portátiles
- Manexo de pistolas fixacravos

#### Ámbito da utilización

Traballos nos que se produzan ou exista o risco diso, partículas ou faíscas proxectadas, e en todos aqueles asimilables por analogía aos descritos.

Os que están obrigados á utilización:

1. Oficiais, axudante e peóns que realicen traballos de soldadura eléctrica, oxiacetilénica, oxicorte, manexo de máquinas radiais, trades, aterraxadoras, pistolas fixacravos e asimilables.

### **Máscara antiemanacións tóxicas**

#### Especificación técnica

Máscara filtrante específica para cada tipo de tóxico, fabricadas en material inalérgico e atóxico, con filtro recambiable de retención superior ao 98 %, cunha ou dúas válvulas.

#### Obrigación de uso

Ante a detención de compostos tóxicos específicos.

#### Ámbito da utilización

En toda a obra, nos traballos de pocería e acometidas á rede de saneamento.

Os que están obrigados ao seu uso:

1. Os poceiros e os peóns de apoio a éstos.

### **Máscara antipartículas con filtro mecánico-recambiable**

#### Especificación técnica

Máscara de cubrición total de vías respiratorias, nariz e boca, fabricada en P.V.C., con portafiltros mecánico e primeiro filtro para o seu uso inmediato, adaptable á cabeza mediante bandas elásticas téxtil, con regulación de presión. Dotada de válvulas de expulsión de expiración de pechadura simple por sobrepresión ao respirar.

#### Obrigación de uso

En calquera traballo con produción de po ou realizado en lugar con concentración de po.

#### Ámbito de utilización

En todo o recinto da obra.

Os que están obrigados á utilización:

1. Oficiais, axudante e peóns que manexen calquera das seguintes máquinas ou ferramentas:
  - Rozadora (apertura de rozar).
  - Tronzadora (sobre masa de terra).
  - Martelo pneumático
  - Maquinaria para o movemento de terras.

### **Polainas impermeables**

#### Especificación técnica

Ud. par de polainas protectoras do empeine do pé, nocello e anteperna, contra líquidos e salpicaduras; fabricadas en P.V.C., e suxeición mediante fibelas.

### Obrigación de uso

Naqueles traballos nos que se manipulen líquidos e pastas.

### Ámbito da utilización

En toda a obra.

Os que están obrigados ao seu uso

1. Oficiais, axudantes e peóns que:
  - Manexen formigoneiras
  - Realicen enfoscados e revocos
  - Escaiolistas.

### **Traxe impermeable**

#### Especificación técnica

Ud. de traxe impermeable, fabricado en P.V.C., termo cosido, formado por chaqueta e pantalón. A chaqueta está dotada de dous petos laterais dianteiros e de pechadura por abotoadura simple. O pantalón suxéitase e axusta á cintura mediante cinta de algodón embutida no mesmo.

### Obrigación de uso

Naqueles suxeitos a salpicaduras ou realizados en lugares con goteos, ou baixo tempo chuvioso leve.

### Ámbito da utilización

En toda a obra.

Os que están obrigados ao seu uso:

1. Todos os traballadores das obras independentemente de que pertencen ao persoal da empresa principal ou subcontratistas.

### **Zapatos de seguridade**

#### Especificación técnica

Ud. de par de zapatos de seguridade contra riscos mecánicos, fabricados en pel; talón acolchado, persoal antiobxectos punzantes e punteira metálica; adoite antideslizante, resistente á abrasión.

### Obrigacións de uso

A todo o persoal (incluídos os mando da obra) cando se atope en zonas de risco.

### Ámbito da utilización

En toda as obras onde se xeren os riscos que se queren combater

Os que están obrigados ao seu uso:

1. Persoal de obra, independentemente de que pertenza ao persoal principal ou subcontratado. Durante a visita aos lugares de traballo:
  1. Dirección Facultativa.
  2. Membros da propiedade, alleos aos membros da Dirección Facultativa.
  3. Mandos das empresas participantes.
  4. Xefe de Obra.
  5. Axudantes do Xefe de Obra.
  6. Encargados.
  7. Capataces.
  8. Auxiliares técnicos de obra.

Esta relación non é limitativa, senón enunciativa e orientadora, polo que é de aplicación toda a lexislación vixente na materia.

## **15.5. NORMAS E CONDICIÓNS E INFORMACIÓN XERAL AOS TRABALLADORES**

---

### **15.5.1. CONDICIÓNS DOS MEDIOS AUXILIARES, MÁQUINAS E EQUIPOS**

Todos os traballadores terán coñecemento dos riscos que con leva o seu traballo, así como das condutas a observar e do uso das proteccións colectivas e persoais; con independencia da formación que reciban. Esta información darase por escrito. Estableceranse as Actas:

- De autorización de uso de máquinas, equipos e medios
- De recepción de equipos de protección individual
- De instrución e manexo
- De mantemento

Estableceranse por escrito as normas a seguir cando se detecte situación de risco, accidente ou incidente.

## **15.6. NORMAS DE ACTUACIÓN ANTE UN ACCIDENTE**

---

### **15.6.1. COMPORTAMENTO ANTE UN ACCIDENTE EN XERAL**

- Non mover a un ferido sen estar absolutamente seguro de que non ten lesións que se poidan agravar.
- Non dar de beber líquido aos accidentados que estean inconscientes.
- Non dar bebidas estimulantes (incluído o alcohol) a persoas que sufran un accidente.
- Non deixar boca arriba a persoas inconscientes. Si non se presentan lesións na columna, débeseles colocar de lado.

### **15.6.2. COMPORTAMENTO ANTE UNHA FERIDA**

- Non se debe tocar ou furgar nas feridas, aumentarase o risco de infección.
- Non se debe dar bebida ou comida a accidentados con feridas profundas en tórax ou abdome.
- Si existe un obxecto cravado, nunca intentar sacalo, posto que se podería causar máis dano do existente.

**15.6.3. COMPORTAMENTO ANTE HEMORRAXIAS**

- En caso que un ferido, logo de sufrir un golpe forte na cabeza, sangue por un oído, significa que se rompeu algún óso da cabeza.
- Non colocar un torniquete salvo que sexa absolutamente necesario, poderíanse producir lesións máis graves.
- A hemorraxia máis grave é cando a sangue sae a gallarón por unha ferida, isto significa que se rompeu un arteria importante.
- No caso de que o accidentado sangue polo nariz, débese colocar coa cabeza inclinada cara adiante para evitar que trague sangue
- En caso de ter que poñer un torniquete, hai que saber que non se debe colocar na perna, antebrazo, axila e ingua. Só se debe colocar na coxa e no brazo.

**15.6.4. COMPORTAMENTO ANTE AMPUTACIÓN TRAUMÁTICA**

- En caso de amputación débese colocar un torniquete, aínda que non sangre, no membro afectado
- Coa parte amputada débese seguir os seguintes pasos:
  1. Débese lavar o membro cunha solución salina estéril (soro fisiolóxico), envolvelo en gasas ou compresas humedecidas con soro fisiolóxico.
  2. Así envolta débese introducir nunha bolsa de plástico que se debe manter fría durante o transporte. De forma preferente, débese introducir a bolsa e o seu contido nun cubo de auga e xeo. Nunca usar xeo seco para a súa conservación.
- O transporte destes pacientes ha de ser tan rápido como sexa posible, avisando ao centro hospitalario para que prepare o equipo quirúrxico multidisciplinar

**15.6.5. COMPORTAMENTO ANTE UN ACCIDENTE PRODUCIDO POLA ELECTRICIDADE**

- Non se debe tocar a un electrocutado sen antes comprobar que non este en contacto coa corrente eléctrica ou demasiado preto de cables de alta tensión.
- Débese manter sempre a distancia de seguridade ante columnas, cadros e cables de alta tensión.
- Debe coñecerse que o paso da corrente eléctrica polo corpo produce tanto queimaduras da pel como nos órganos internos.
- Calquera persoa que reciba unha descarga eléctrica importante debe ser examinada por un médico.

**15.6.6. COMPORTAMENTO ANTE QUEMAIDURAS**

- No caso de que se incendien as roupas, débese tumbar ao accidentado o máis rápido posible, evitase que se lle queime a cara e o pelo.
- Non se deben arrincar os restos de roupa queimada que se quedaron pegados á pel.
- Non se debe pinchar ou rebentar as borbullas que forman unha queimadura, xa que estas protéxena contra unha infección e curará antes.
- A un "gran queimado", en caso de estar consciente, débese dar auga con bicarbonato e sal a grollos curtos.
- Cando a alguén se lle derrame na roupa algún líquido corrosivo, débese quitar a roupa rapidamente para evitar que se queime.



- Ao realizar unha vendaxe sobre unha zona danada, non se debe apertar excesivamente a venda, dado que se poderían causar máis lesións das que hai.

#### 15.6.7. COMPORTAMENTO ANTE UNHA CAÍDA DE ALTURA


- Non mover ao lesionado salvo necesidade absoluta.
- Desatar a roupa axustada: pescozo, peito e cintura.
- Si o lesionado está inconsciente ou vomitando: ladear a cabeza e colocalo en posición lateral de seguridade (PSL).
- Deixar vías aéreas posibles sacando elemento estraños, lingua, dentaduras postizas...
- Non administrar auga ou líquidos.

#### 15.7. INFORMACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO POLO CONTRATISTA

---

- Todo contratista de menos de 6 traballadores deberá ter un traballador con suficientes coñecementos en seguridade e saúde, ou dispoñer dos servizos de prevención que lle asesoren, segundo o R.D: 39/1997.
- Todo contratista debe pertencer a unha mutua á que se paga o seguro de accidentes. Esta mutua asesoraralle para a redacción do plan e a aplicación da prevención na obra.
- O Contratista elaborará o Plan de Seguridade e Saúde para esta obra segundo os seguintes principios:
  1. Dado que a obra é pequena, o Contratista principal coa colaboración técnica fará o Plan de seguridade de toda a obra, para o seu persoal e dos autónomos, integrados nun só documento de plan, e determinará quen aportará os medios de protección persoal e colectiva e que persoa (axeitado o Xefe de Obra) viviará constantemente o desenvolvemento do Plan e a súa eficacia.
  2. O plan explicará os medios, a maquinaria e ferramentas que se van a utilizar, e o Xefe de Obra dispoñerá dos folletos de prevención de cada máquina ferramenta emitidos polo fabricante.
  3. O plan desenvolverase mediante un calendario, fixando data de comezo e a de previsible terminación. Comezará coa relación de medidas preventivas de implantación do centro e traballo, os acordos cos traballadores sobre comida e hixiene, e a comprobación de que os traballadores coñecen a prevención dos traballos que se van a realizar; senón, repartiranlle fichas preventivas.
  4. O plan irá asinado polo Contratista, non polo técnico autor do mesmo, e recollerá todas as normas de seguridade necesarias para esta obra aínda que non estén expresadas no Estudo de Seguridade e Saúde, disporá do concerto e a aceptación dos traballadores previstos, e presentarase á aprobación do Coordinador en materia de Seguridade e Saúde antes do inicio da obra.

Ourense, febreiro de 2024



**Asdo.: Salvador Añel Prada**  
GRAO EN ENXEÑARÍA DO MEDIO RURAL E  
TEC. SUPERIOR EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS


**DOCUMENTO N° 2:**  
**PLANOS**

---


## **PLANOS**

1. SITUACIÓN
  2. PLANTAS DE ACTUACIONES
  3. SECCIONES TIPO
-









1:200.000



1:25.000

PROMOTOR: 	CONCELLO DE <b>NOGUEIRA DE RAMUJÍN</b>	CONSULTOR: 	ENXENEIRO DE MEDIO RURAL AUTOR DO PROXECTO  SALVADOR AÑEL PRADA	ESCALAS: A3: 1/25000 	TÍTULO: PROXECTO <b>MELLORA DE CAMIÑOS MUICPAIS DE ACCESO A PARCELAS          AGRICOLAS 2024-2025 NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE          RAMUJÍN</b>	Nº PLANO: <b>1</b> FOLLA 1 DE 1	DESIGNACIÓN DO PLANO: <b>SITUACIÓN</b>	DATA: FEBREIRO 2024
--	---	---	---	--	---	---------------------------------------	---	------------------------





REF. CATASTRAL:  
32053A056001060000IY

REF. CATASTRAL:  
32053A056001740000IG

REF. CATASTRAL:  
32053A056000830000IL


REF. CATASTRAL:  
32053A056000760000IY

REF. CATASTRAL:  
32053A056001870000ID

REF. CATASTRAL:  
32053A056000560000IK

COORDENADAS ETRS-89		
CAMIÑO DE ACCESO A GUNDÍAS		
	X	Y
INICIO	600.367,94	4.692.025,82
FIN	600.070,61	4.691.579,83

LENDA	
	BARRIDO DE FIRME POR MEDIOS MECÁNICOS + REGULARIZACIÓN CON AGLOMERADO EN QUENTE (1 cm) + FIRME AGLOMERADO EN QUENTE D-12 (5 cm) PK 0+000 - 0+230 (ancho: 6,50 m)    PK 0+230 - 0+274 (ancho: 10,00 m) PK 0+274 - 0+316 (ancho: 8,00 m)    PK 0+316 - 0+566 (ancho: 6,50 m) SUPERFICIE TOTAL: 3.896,00 m <sup>2</sup>
	DESBROCE E LIMPEZA ESPESOR MÁXIMO 10 cm PK 0+000 - 0+566 (2) (ancho: 0,30 m) SUPERFICIE TOTAL: 339,60 m <sup>2</sup>



PROMOTOR:  
**CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN**



CONSULTOR:  
ENXEÑEIRO DE MEDIO RURAL  
AUTOR DO PROXECTO  
**SALVADOR AÑEL PRADA**  
COLEX. Nº 196 - OURENSE



TÍTULO:  
PROXECTO  
**MELLORA DE CAMIÑOS MUICPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRICOLAS 2024-2025 NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN**


Nº PLANO:  
**2**  
FOLLA 1 DE 1

DESIGNACIÓN DO PLANO:  
**PLANTA DE ACTUACIÓN**

DATA:  
FEBREIRO 2024



# REFORZO DE FIRME AGLOMERADO EN QUENTE



DOCUMENTO N° 3:  
**PREGO DE PRESCRICIÓN**  
**TÉCNICAS PARTICULARES**

---

## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

### ÍNDICE

<b>CAPÍTULO 1.</b>	<b>XENERALIDADES .....</b>	<b>2</b>
ARTIGO 1.	OBXECTO DO PREGO .....	2
ARTIGO 2.	NORMATIVA COMPLEMENTARIA.....	2
ARTIGO 3.	DOCUMENTOS QUE DEFINEN AS OBRAS .....	3
ARTIGO 4.	COMPATIBILIDADE E PRELACIÓN ENTRE DOCUMENTOS.....	3
ARTIGO 5.	CONFRONTACIÓN DE PLANOS E MEDIDAS .....	3
ARTIGO 6.	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA .....	3
<b>CAPÍTULO 2.</b>	<b>DESCRICIÓN DAS OBRAS .....</b>	<b>4</b>
<b>CAPÍTULO 3.</b>	<b>CONDICIÓN TÉCNICAS REFERENTES AOS MATERIAIS .....</b>	<b>5</b>
ARTIGO 7.	CONDICIÓN XERAIS .....	5
ARTIGO 8.	CONDICIÓN PARTICULARES.....	6
<b>CAPÍTULO 4.</b>	<b>EXECUCIÓN DAS OBRAS .....</b>	<b>22</b>
ARTIGO 9.	REFORMULO .....	22
ARTIGO 10.	OBRAS MAL EXECUTADA.....	22
ARTIGO 11.	OBRAS NON DETALLADAS .....	22
ARTIGO 12.	FACILIDADES Á INSPECIÓN .....	22
ARTIGO 13.	INSTALACIÓN PROVISIONAIS E CONSTRUCIÓN AUXILIARES.....	22
ARTIGO 14.	ENSAIOS .....	22
ARTIGO 15.	TRABALLOS PREVIOS .....	22
ARTIGO 16.	ESCAVACIÓN EN XERAL .....	23
ARTIGO 17.	PRODUCTOS SOBRANTES DA ESCAVACIÓN.....	25
ARTIGO 18.	COLOCACIÓN DE TUBOS.....	25
ARTIGO 19.	RECHEO E APISOADO DE GABIAS .....	25
ARTIGO 20.	ARQUETAS E POZOS DE REXISTRO .....	26
ARTIGO 21.	ARRANQUE E REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS.....	26
ARTIGO 22.	MORTEIROS.....	26
ARTIGO 23.	ENCOFRADOS .....	26
ARTIGO 24.	FORMIGÓN .....	27
ARTIGO 25.	SABURRA ARTIFICIAL .....	27
ARTIGO 26.	MACADAM .....	28
ARTIGO 27.	MESTURAS BITUMINOSAS.....	29
ARTIGO 28.	LECHADAS BITUMINOSAS.....	30
ARTIGO 29.	PAVIMENTOS DE FORMIGÓN .....	31
ARTIGO 30.	TRATAMENTOS SUPERFICIAIS .....	33
ARTIGO 31.	COLOCACIÓN DE TUBOS.....	34
ARTIGO 32.	MARCAS VIALES.....	35
ARTIGO 33.	SEÑALES VERTICALES DE CIRCULACIÓN .....	36
ARTIGO 34.	OBRAS INCOMPLETAS .....	37
ARTIGO 35.	UNIDADES NON INDICADAS NO PRESENTE PREGO.....	37
<b>CAPÍTULO 5.</b>	<b>MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS .....</b>	<b>38</b>
ARTIGO 36.	NORMAS XERAIS.....	38
ARTIGO 37.	RELACIÓN VALORADAS.....	38
ARTIGO 38.	CERTIFICACIÓN E ABONO DAS OBRAS.....	38
ARTIGO 39.	ABONO DE OBRA INCOMPLETA OU DEFECTUOSA PERO ACEPTABLE .....	38
<b>CAPÍTULO 6.</b>	<b>DISPOSICIÓN FINAIS .....</b>	<b>39</b>
ARTIGO 40.	CONDICIÓN ECONÓMICAS .....	39
ARTIGO 41.	OBRIGACIÓN DO CONTRATISTA .....	39



## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

### ARTICULADO

#### CAPÍTULO 1. XENERALIDADES

##### ARTIGO 1. OBXECTO DO PREGO

O presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares ten por obxecto describir as obras, fixar as condicións técnicas referentes aos materiais, establecer os procedementos a seguir para a execución, medición e abono das unidades de obra, e determinar as prescricións que, xunto coas disposicións e normas que se indican no artigo II.2, rexerán a execución dos traballos incluídos no Proxecto titulado:

**"MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN".**

As condicións esixidas no presente Prego deberán entenderse como condicións mínimas.

##### ARTIGO 2. NORMATIVA COMPLEMENTARIA

Son de aplicación, en todo o que non se contradiga co presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares, as disposicións e normas seguintes:

- LEI 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.
- Real Decreto 470/2021, do 29 de xuño, polo que se aproba o Código Estrutural.
- Instrución para a Recepción de Cementos (RC-16), aprobada por Real Decreto 256/2016, de 10 de xuño.
- Instrucións de Estradas vixentes: 3.1-IC "Trazado", 5.1-IC "Drenaxe", 5.2-IC "Drenaxe superficial", 6.1-IC "Seccións de firme", 6.3-IC "Rehabilitación de firmes", 7.1-IC "Plantacións nas zonas de servidume das estradas", 8.1-IC "Sinalización vertical", 8.2-IC "Marcas viais", 8.3-IC "Sinalización, balizamento e defensa de obras", así como as vixentes recomendacións e Ordes Circulares aprobadas pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes da Dirección Xeral de Estradas e Camiños Veciñais (PG-3/75), aprobado por O.M. de 6 de febreiro de 1976, así como as súas posteriores modificacións.
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, así como as súas posteriores modificacións.
- Real Decreto 604/2006, de 19 de maio, por el que se modifican el Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, por el que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención, e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra disposición legal que resulte de aplicación.

Cando exista algunha diferenza, contradición ou incompatibilidade entre un concepto sinalado expresamente neste Prego de Prescricións Técnicas Particulares, e o mesmo concepto sinalado nalgunha das disposicións e normas relacionadas anteriormente, prevalecerá o disposto naquel, salvo manifestación expresa ao contrario por parte do Director da Obra.

No caso de que se presente algunha discrepancia entre unha condición imposta nalgunha das disposicións e normas relacionadas anteriormente, sobreentenderase que é válida a máis restritiva, salvo manifestación expresa ao contrario por parte do Director da

Obra.

---

### **ARTIGO 3. DOCUMENTOS QUE DEFINEN AS OBRAS**

---

A obra está definida en catro documentos: Memoria, Planos, Prego de Prescricións Técnicas Particulares e Orzamento.

---

### **ARTIGO 4. COMPATIBILIDADE E PRELACIÓN ENTRE DOCUMENTOS**

---

En caso de discrepancia ou incompatibilidade entre os distintos documentos do Proxecto, establécese en xeral a seguinte prelación:

- Planos
- Orzamento
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares
- Memoria

En última instancia será determinante o criterio da Dirección da Obra.

En caso de contradición entre os Planos e o Prego de Prescricións Técnicas Particulares, prevalece o prescrito neste último. O mencionado no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e omitido nos Planos, ou viceversa, haberá de ser executado como se estivese exposto en ambos os dous documentos, sempre que, a xuízo do Director da Obra, quede suficientemente definida a unidade de obra correspondente, e esta teña prezo no Contrato.

As omisións nos Planos e o Prego de Prescricións Técnicas Particulares ou as descricións erróneas dos detalles da obra que sexan manifestamente indispensables para levar a termo o espírito ou intención exposto nos citados documentos, non só non eximen ao Contratista da obrigaón de executar ditos detalles de obra omitidos ou erroneamente descritos, senón que, ao contrario, deberán ser executados como se foran completa e correctamente especificados nos Planos e o Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

Os documentos do Proxecto que se incorporarán ao Contrato como documentos contractuais son os seguintes:

- Memoria (en todo o referente á descrión dos materiais básicos ou elementais que forman parte das unidades de obra)
- Planos
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares
- Cadro de Prezos nº 1
- Cadro de Prezos nº 2
- Orzamento

---

### **ARTIGO 5. CONFRONTACIÓN DE PLANOS E MEDIDAS**

---

O Contratista deberá confrontar, inmediatamente despois de recibidos, todos os planos que lle foran facilitados e deberá informar prontamente ao Director da Obra sobre calquera contradición neles.

O Contratista será responsable de calquera erro que sexa consecuencia de non confrontar os planos e comprobar as medidas antes de comezar as obras.

---

### **ARTIGO 6. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

---

O presente Prego estará complementado polas condicións económicas que podan fixarse no Anuncio de Licitación, nas Bases de Execución da Obra ou na Escritura do Contrato de Obras.

As condicións deste Prego serán preceptivas en tanto non sexan anuladas ou modificadas en forma expresa pola documentación antes citada.

**CAPÍTULO 2. DESCRICIÓN DAS OBRAS**

A continuación resúmese o alcance das obras previstas, cos seus elementos principais:

MEDICIÓN	UD	DESCRIPCIÓN
<b>C01. MOVEMENTOS DE TERRAS</b>		
339.70	m <sup>2</sup>	Desbroce e limpeza espesor máximo 10 cm, D<= 20 m
67.80	m <sup>3</sup>	Carga pala mecánica d<=5m
67.80	m <sup>3</sup>	Transporte con camión basculante d>3 km
<b>C02. FIRMES</b>		
3896.00	m <sup>2</sup>	Barrido de firme por medios mecánicos
3896.00	m <sup>2</sup>	Firme aglomerado quente D-12 e=5cm
1051.92	m <sup>2</sup>	Regularización con aglomerado en quente 1 cm, i. p.p. rega adh.
<b>C03. XESTIÓN DE RESIDUOS</b>		
196.66	m <sup>3</sup>	Xestión en centro autorizado de terras e mat. pétreos mixturado

## **CAPÍTULO 3. CONDICIÓN TÉCNICAS REFERENTES AOS MATERIAIS**

### **ARTIGO 7. CONDICIÓN XERAIS**

#### **1.1. CARACTERÍSTICAS**

Todos os materiais que se empreguen na execución das obras deberán reunir as características indicadas no presente Prego e nos Cadros de Prezos, e merecer a conformidade do Director de Obra.

O Director de Obra terá a facultade de rexeitar en calquera momento aqueles materiais que considere que non responden ás condicións do Prego ou que sexan inadecuados para o bo resultado dos traballos. Os materiais rexeitados deberán eliminarse da obra dentro do prazo que sinala o Director de Obra.

#### **1.2. PROCEDENCIA**

Os materiais serán da mellor procedencia, debendo cumprir as especificacións que para os mesmos se indican no presente Prego.

O Contratista notificará ao Director de Obra, con suficiente antelación, a procedencia dos materiais, aportando as mostras e datos necesarios para determinar a posibilidade da súa aceptación.

A aceptación dunha procedencia non anula o dereito do Director de Obra a rexeitar aqueles materiais que, ao seu xuízo, non respondan ás consideracións do presente Prego, aínda no caso de que tales materiais estiveran xa postos en obra.

#### **1.3. EXAME E ENSAIO**

Todos os materiais que propoña o Contratista para o seu emprego nas obras deberán ser examinados e ensaiados antes da súa aceptación.

O Contratista poderá presentar e propoñer marcas e mostras dos materiais para a súa aprobación, e os certificados dos ensaios e análises que a Dirección xulgue necesarios, os cales faranse en laboratorios e talleres que se determinen ao Contratista. As mostras dos materiais serán gardadas conxuntamente cos certificados dos análises para a aprobación dos materiais.

Todos estes exames previos non supoñen a recepción dos materiais. Por tanto, a responsabilidade do Contratista no cumprimento desta obrigaón non cesará mentres non sexan recibidas as obras nas que se empregaran e transcorran os prazos expresados na Lei de Contratos do Sector Público. Por conseguinte o Enxeñeiro Director pode mandar retirar aqueles materiais que, aínda estando colocados, presenten defectos non observados no recoñecemento.

Os ensaios de materiais realizaranse de acordo coas "Normas de Ensaio do Laboratorio de Transportes e Mecánica do Solo", e se algún dos ensaios previstos non estivera aínda normalizado por dito Organismo, realizarase conforme ás normas UNE, ASTM ou AASHTO, ou ben segundo se detalle no correspondente artigo deste Prego.

En todos os casos, o importe de ensaios e probas serán de conta do Contratista, así como a achega de medios materiais e humanos para a realización de calquera tipo de control, sempre que non superen o 1% do orzamento de adjudicación da obra.

#### **1.4. TRANSPORTE**

O transporte dos materiais ata os lugares do acopio e emprego efectuarase en vehículos mecánicos adecuados para cada clase de material, que ademais de cumprir todas as disposicións legais referentes ao transporte, estarán provistos dos elementos que se precisan para evitar calquera alteración prexudicial do material transportado e posible vertido sobre as rutas empregadas.

#### **1.5. ALMACENAMENTO E ACOPIO**

Os materiais almacenaranse de tal modo que se asegure a conservación das súas características e aptitudes para o seu emprego na obra, e en forma que se facilite a súa inspección.

O emprazamento de acopios nos terreos das obras ou nos marxinais que puideran afectalas requirirá a aprobación previa do Director das Obras. As superficies utilizadas deberán acondicionarse, unha vez utilizado o acopio, restituíndoas ao seu estado orixinal. Todos os gastos e indemnizacións, no seu caso, que se deriven da utilización dos acopios serán de conta do Contratista.

## 1.6. MEDICIÓN

As básculas ou instalacións necesarias para efectuar as medicións requiridas no Proxecto, cuxa utilización deberá ir precedida da correspondente aprobación do Enxeñeiro Director das Obras, serán situadas polo Contratista nos puntos que sinala o citado Enxeñeiro Director.

Os materiais que deban abonarse por unidades de volume ou peso, poderán ser medidos, se así o estima o Enxeñeiro Director das Obras, sobre vehículos adecuados e nos puntos en que se vaian utilizar. Ditos vehículos deberán ser previamente aprobados polo citado Enxeñeiro Director e, a menos que todos eles teñan unha capacidade uniforme, cada vehículo autorizado levará unha marca, claramente lexible, que indique a súa capacidade nas condicións que se consideraran para a súa aprobación. Cando se autorice a conversión do peso a volume, ou viceversa, os factores de conversión serán definidos polo Enxeñeiro Director das Obras, quen, por escrito, xustificará ao Contratista os valores adoptados.

## ARTIGO 8. CONDICIÓN PARTICULARES

### 1.1. TERRAS PARA RECHEO DE FOXOS

Para o recheo de foxos empregaranse produtos procedentes de escavacións, rexeitándose aqueles tipos de terras que, cos medios mecánicos de compactación utilizados, non sexan susceptibles de alcanzar as densidades mínimas que se fixan máis adiante.

A densidade mínima das terras empregadas no recheo de foxos será de un con setenta e cinco quilogramos por decímetro cúbico (1,75 kg/dm<sup>3</sup>), no ensaio Proctor Normal.

O límite líquido será sempre inferior a cincuenta (LL<50).

As terras que non cumpran estas condicións non poderán utilizarse sen autorización do Director das Obras, que por razón xustificada poderá permitir o seu emprego

### 1.2. AUGA

A auga a usar en calquera parte da obra cumprirá o establecido no artigo vinte e sete (27) da EHE e o douscentos oitenta (280) do PG-3/75.

### 1.3. ÁRIDOS

Os áridos para formigóns, tanto finos, areas e grosos, cumprirán o establecido no artigo vinte e oito (28) da EHE e no seiscentos dez (610) do PG-3/75.

Para o control estarase ao indicado no artigo oitenta e cinco (85) da EHE.

A area que se empregue na construción será limpa, solta, áspera, crocante ao tacto e exenta de sustancias orgánicas ou partículas terrosas, para o cal, se fora necesario, peneirase e lavarase convenientemente en auga potable.

### 1.4. CEMENTOS

Todos os cementos cumprirán as especificacións sinaladas na Orde FOM/2523/2014 que modifica o artigo 202 do PG-3/75, no artigo vinte e seis (26) da EHE e as sinaladas na RC-16. Ademais satisfarán as condicións esixidas aos morteiros e formigóns nos correspondentes apartados.

Cumprirán, en canto ao seu control, o especificado no artigo oitenta e cinco (85) da EHE.

### 1.5. FORMIGÓN E MORTEIROS

Establécense, con carácter xeral, os tipos de formigóns que figuran no cadro adxunto:

DESIGNACIÓN	CONTIDO MÍNIMO DE CEMENTO EN kg/m <sup>3</sup>	TIPO DE CEMENTO	RESISTENCIA MÍNIMA EN N/mm <sup>2</sup>
HL-150	150	CEM I 32,5N	15
HNE-15 ó HM-15	200	CEM II/A 32,5N	15
HNE-20 ó HM-20	200	CEM II/A 42,5N	20

HA-25	275	CEM II/A 42,5N	25
HA-30	325	CEM II/A 42,5N	30

Poderán utilizarse, non obstante, outros tipos de formigón, segundo se especifique noutros documentos do Proxecto, ou por indicación do Director das Obras.

Para establecer a dosificación e controlar a consistencia o Contratista deberá realizar ensaios previos de laboratorio de acordo co especificado nos artigos setenta e un (71) e oitenta e seis (86) da EHE.

Os morteiros cumprirán o establecido no PG-3/75, artigo seiscentos once (611).

## 1.6. ADITIVOS

Non se utilizará, baixo ningún concepto, clase algunha de aditivos, a menos que o Director das Obras o autorice por escrito. Para elo poderá esixir ao Contratista que realice unha serie completa de ensaios sobre probetas co aditivo que se pretenda utilizar. En calquera caso estarase ao especificado no artigo vinte e nove (29) da EHE.

A autorización para a súa utilización non dará dereito ao Contratista a percibir cantidade algunha por dito concepto nin o eximirá de responsabilidade por defectos ou fallos observados con posterioridade ao seu uso, polo que será da súa exclusiva conta e risco a corrección dos defectos ou, no seu caso, a demolición, eliminación e reposición da parte de obra executada en forma inaceptable.

Estarase ademais ao disposto nos apartados douscentos oitenta e un (281), douscentos oitenta e dous (282), douscentos oitenta e tres (283) e douscentos oitenta e catro (284) do PG-3/75.

## 1.7. TUBAXE DE PLÁSTICO

### Tubaxe de cloruro de polivinilo (PVC)

Os materiais das tubaxes de policloruro de vinilo, cumprirán tódalas prescricións dadas nos apartados 2.17. do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Tubaxes de Abastecemento de Auga e no apartado 9 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Tubaxes de Saneamento de Poboacións.

## 1.8. FERROS E ACEIRO

Os materiais metálicos serán da maior calidade ou clase, sen deformacións, roturas nin outros defectos. Non se admitirán empalmes nin acoplamentos nas pezas que formen parte das armaduras.

Todos os materiais serán de boa calidade, exentos de deformacións e roturas, e estarán ben traballados, presentando bo axuste en todos os empalmes e xuntas.

## 1.9. ACEIROS PARA ARMADURAS

Todos os aceiros para armaduras serán corrugados e cumprirán o establecido nos artigos trinta e dous (32) e trinta e tres (33) da EHE.

Os seus diámetros e calidades indícanse nos planos, entendéndose que cando se omite esta última é do tipo B 500 S.

Aos efectos de control de calidade cumprírase o especificado nos artigos sesenta e nove (69), oitenta e sete (87) e oitenta e oito (88) da EHE.

## 1.10. MAMPOSTERÍA DE GRANITO

As pedras de granito de tamaño irregular ou mampostos empregados nas fábricas de mampostería serán de bo tamaño e presentarán polo menos un bo paramento con poucas irregularidades nunha das súas caras, e terán polo menos unha dimensión igual ou maior de 30 cm. Poderán proceder de ruínas de edificacións, do monte ou da canteira, e antes do seu uso procederá á eliminación de po, terra e todo tipo de incrustacións ou sucidade que presente.

En caso de que a pedra non presente o bo paramento mencionado traballarase manualmente co pico ou a buxarda grosa co obxecto de preparala e adaptala ao tamaño e características esixidas no Proxecto.

### 1.11. ADOQUINS E LOUSAS DE GRANITO

O granito a empregar será principalmente de tipo moreno ou "silvestre". Trátase dun granito de cor amarela, de gran fino e de fractura irregular. É un material moi utilizado na construción típica galega, polo seu tamaño de gran e tonalidade dourada, existindo numerosas canteiras nas provincias de Ourense e Pontevedra.

As laxes de granito forneceranse cunhas dimensións regulares e axustadas ao reflectido nos planos, e non presentarán fracturas ou calquera tipo de dano. O acabado será de tipo abuxardado.

As lastras terán un volume sensiblemente cúbico ou prismático, coas dimensións medias reflectidas nos planos, e non se apreciarán neles fracturas ou danos de ningunha clase. Presentarán corte de canteira.

No caso de que a pedra non presente as dimensións ou o acabado indicado, traballarase manualmente con esmeril ou buxarda grossa co obxecto de preparala e adaptala ao tamaño e características esixidas no Proxecto.

En canto ás características físico-químicas do granito a empregar, as máis destacables son as seguintes:

- Masa volúmica: 2,62 g/cm<sup>3</sup>
- Coeficiente de absorción: 0,43%
- Resistencia mecánica a compresión: 107 MPa
- Resistencia mecánica a flexión: 10 MPa
- Resistencia ao desgaste: 1,9 mm
- Resistencia ao impacto: 70 cm
- Choque térmico: altérase localmente

### 1.12. SABURRA

Defínese como saburra o material granular, de granulometría continua, utilizado como capa de firme. Denomínase saburra artificial ao constituído por partículas total ou parcialmente trituradas, na proporción mínima que se especifique en cada caso. Saburra natural é o material formado basicamente por partículas non trituradas.

Os materiais para a saburra artificial procederán da trituración, total ou parcial, de pedra de canteira ou de grava natural. Para a saburra natural procederán de graveiras ou depósitos naturais, solos naturais ou unha mestura de ambos os dous.

O Director das Obras poderá fixar especificacións adicionais cando se vaian empregar materiais cuxa natureza ou procedencia así o requirise.

Os materiais para as capas de saburra non serán susceptibles de ningún tipo de meteorización ou de alteración física ou química apreciable baixo as condicións máis desfavorables que, previsiblemente, podan darse no lugar de emprego. Tampouco poderán dar orixe, coa auga, a disolucións que podan causar danos a estruturas ou a outras capas do firme, ou contaminar o solo ou correntes de auga.

O Director das Obras deberá fixar os ensaios para determinar a inalterabilidade do material granular. Se se considera conveniente, para caracterizar os compoñentes que podan ser lixiviados e que podan significar un risco potencial para o medio ambiente ou para os elementos de construción situados nas súas proximidades empregarase a NLT-326.

O contido ponderal de compostos de xofre totais (expresados en SO<sub>3</sub>), determinado segundo a UNE-EN 1744-1, será inferior ao cinco por mil (0,5%) onde os materiais estean en contacto con capas tratadas con cemento, e inferior ao un por cento (1%) nos demais casos.

Os materiais estarán exentos de terróns de arxila, marga, materia orgánica, ou calquera outra que poda afectar á durabilidade da capa.

No caso das saburras artificiais o coeficiente de limpeza, segundo a NLT-172, deberá ser inferior a dous (2).

O equivalente de area (EA), segundo a UNE-EN 933-8, do material da saburra artificial deberá cumprir o indicado na Táboa 1. De non cumprirse esta condición, o seu índice de azul de metileno (AM), segundo a UNE-EN 933-9, deberá ser inferior a un (1), e simultaneamente o equivalente de area non deberá ser inferior en máis de cinco unidades aos valores indicados na Táboa 1.

**TÁBOA 1.- EQUIVALENTE DE AREA DA SABURRA ARTIFICIAL**

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO		
T00 a T1	T2 a T4 BEIRAVÍAS T00 a T2	BEIRAVÍAS T3 a T4
EA > 40	EA > 35	EA > 30

No caso da saburra natural, o Director das Obras poderá diminuír en cinco (5) unidades cada un dos valores esixidos na Táboa 1.

O material será "non plástico", segundo a UNE 103104, para as saburras artificiais, en calquera caso.

No caso de beiravías non pavimentadas, das categorías de tráfico pesado T32 e T4 (T41 e T42), o Director das Obras poderá admitir, tanto para as saburras artificiais como para as naturais, que o índice de plasticidade segundo a UNE 103104, sexa inferior a dez (10), e que o límite líquido, segundo a UNE 103103, sexa inferior a trinta (30).

O coeficiente de Los Ángeles, segundo a UNE-EN 1097-2, dos áridos para a saburra artificial non deberá ser superior aos valores indicados na Táboa 2.

**TÁBOA 2.- VALOR MÁXIMO DO COEFICIENTE DE LOS ÁNGELES PARA OS ÁRIDOS DA SABURRA ARTIFICIAL**

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	
T00 a T2	T3, T4 e BEIRAVÍAS
30	35

Para materiais reciclados procedentes de capas de aglomerado de firmes de estrada ou de demolicións de formigóns de resistencia a compresión final superior a trinta e cinco megapascais (35 MPa), o valor do coeficiente de Los Ángeles poderá ser superior en cinco (5) unidades aos valores que se esixen na Táboa 2, sempre e cando a súa composición granulométrica estea adaptada ao fuso ZAD20 especificado na Táboa 3.1.

No caso dos áridos para a saburra natural, o valor do coeficiente de Los Ángeles será superior en cinco (5) unidades aos valores que se esixen na Táboa 2, cando se trate de áridos naturais. Para materiais reciclados procedentes de capas de aglomerado de firmes de estrada ou de demolicións de formigóns a empregar como saburras naturais o valor do coeficiente de Los Ángeles poderá ser superior ata en dez (10) unidades aos valores que se esixen na Táboa 2.

No caso das saburras artificiais, o índice de laxas das distintas fraccións do árido groso, segundo a UNE-EN 933-3, deberá ser inferior a trinta e cinco (35).

A porcentaxe mínima de partículas trituradas, segundo a UNE-EN 933-5, para as saburras artificiais será do cen por cento (100%) para firmes de calzada de estradas con categoría de tráfico pesado T00 e T0, do setenta e cinco por cento (75%) para firmes de calzada de estradas con categoría de tráfico pesado T1 e T2 e beiravías de T00 e T0, e do cincuenta por cento (50%) para os demais casos.

A granulometría do material, segundo a UNE-EN 933-1, deberá estar comprendida dentro dalgún dos fusos fixados na Táboa 3.1 para as saburras artificiais e na Táboa 3.2 para as saburras naturais.

**TÁBOA 3.1.- FUSOS GRANULOMÉTRICOS SABURRAS ARTIFICIAIS. CERNIDO ACUMULADO (% en masa)**

TIPO DE SABURRA ARTIFICIAL (*)	ABERTURA DOS PENEIRAS UNE-EN 933-2 (mm)								
	40	25	20	8	4	2	0,500	0,250	0,063
ZA25	100	75-100	65-90	40-63	26-45	15-32	7-21	4-16	0-9
ZA20	-	100	75-100	45-73	31-54	20-40	9-24	5-18	0-9
ZAD20	-	100	65-100	30-58	14-37	0-15	0-6	0-4	0-2

(\*) A designación do tipo de saburra faise en función do tamaño máximo nominal, que se define como a abertura da primeira peneira que retén máis dun dez por cento en masa.

**TÁBOA 3.2.- FUSOS GRANULOMÉTRICOS SABURRAS NATURAIS. CERNIDO ACUMULADO (% en masa)**

TIPO DE SABURRA NATURAL (*)	ABERTURA DAS PENEIRAS UNE-EN 933-2 (mm)									
	50	40	25	20	8	4	2	0,500	0,250	0,063



ZN40	100	80-95	65-90	54-84	35-63	22-46	15-35	7-23	4-18	0-9
ZN25	-	100	75-95	65-90	40-68	27-51	20-40	7-26	4-20	0-11
ZN20	-	-	100	80-100	45-75	32-61	25-50	10-32	5-24	0-11

(\*) A designación do tipo de saburra faise en función do tamaño máximo nominal, que se define como a abertura da primeira peneira que retén máis dun dez por cento en masa.

En todos os casos, o cernido pola peneira 0,063 mm da UNE-EN 933-2 será menor que os dous tercios (2/3) do cernido pola peneira 0,250 mm da UNE-EN 933-2.

Todas as saburras cumprirán as especificacións sinaladas no artigo 510 da Orde FOM/2523/2014 que modifica o PG-3/75.

### 1.13. MACADAM

O macádám non se estenderá ata que se comprobe que a superficie sobre a que se asente ten a densidade debida e as rasantes indicadas nos planos, coas tolerancias establecidas no presente Prego. Se en dita superficie existen irregularidades que excedan das mencionadas tolerancias, corrixiranse.

Unha vez comprobada a superficie de asento da tongada, procederase á construción desta. O árido grosso será estendido en tongadas de espesor uniforme, comprendido entre dez centímetros (10 cm) e vinte centímetros (20 cm).

Despois de estendida a tongada do árido grosso, procederase á súa compactación. Esta executarase lonxitudinalmente, comezando polos bordos exteriores, progresando cara ao centro, e solapándose en cada recorrido un ancho non inferior a un tercio (1/3) do elemento compactador. A compactación continuarase ata que o árido grosso quedara perfectamente trabado e non se produzan correntos, ondulacións ou desprazamentos diante do compactador.

As irregularidades que se observen corrixiranse despois de cada pasada, e non se estenderá ningunha nova tongada en tanto non foran realizadas a nivelación e comprobación do grao de compactación da precedente.

As zonas que pola súa reducida extensión, a súa pendente ou a súa proximidade a obras de fábrica non permitan o emprego do equipo que normalmente se estivera utilizando, compactarase mediante pisóns mecánicos ou outros medios aprobados polo Director das Obras, ata lograr resultados análogos aos obtidos polos procedementos normais.

Unha vez que o árido grosso quedara perfectamente encaixado, procederase ás operacións necesarias para encher os seus ocos co material aceptado como recebo.

A extensión do recebo realizarase coa dotación aprobada polo Director das Obras, e inmediatamente despois da súa extensión procederase á súa compactación.

Se en dita compactación non se utilizan elementos vibratorios, a extensión do recebo realizarase de maneira gradual e uniforme, constituíndo delgadas capas que se compactarán e regarán con auga, ata conseguir a súa inclusión entre o árido grosso. Estas operacións poden facilitarse mediante o uso de cepillos ou vasoiras de man, e continuarase ata que o Director das Obras estime que se alcanzou unha estabilidade suficiente.

Se a compactación se efectúa con elementos vibratorios sobre o árido grosso, estenderase aproximadamente un cincuenta por cento (50%) do recebo previsto para encher o total dos seus ocos, pasando a continuación o vibrador ata que se conseguira a súa penetración. Esta operación repetirase, a continuación, cunha cantidade de recebo algo inferior ao outro cincuenta por cento (50%) e, finalmente, volverase a repetir coa cantidade de recebo restante. En todo caso, será preciso evitar que un exceso de vibración chegue a ocasionar que as pedras que compoñen o árido deixen de estar en contacto.

A humectación da superficie realizarase de maneira uniforme, coa dotación aprobada polo Director das Obras.

As zonas que non quedaran suficientemente recheas de recebo trataranse manualmente, axudándose mediante o emprego de cepillos ou vasoiras de man.

O acabado final do macádám efectuarase utilizando rolos estáticos.

Dispostas estacas de refino, niveladas ata milímetros (mm) con arranxo ao disposto nos planos, no eixe e bordos de perfís transversais, cuxa distancia non exceda de vinte metros (20 m), compararse a superficie acabada coa teórica que pase polas cabezas de ditas estacas.

A superficie acabada non deberá superar á teórica en ningún punto.

A superficie non deberá variar en máis de dez milímetros (10 mm) cando se comprobe cunha regra de tres metros (3 m), aplicada tanto paralela como normalmente ao eixe da estrada.

As zonas nas que as irregularidades excedan das tolerancias anteditas, ou que reteñan auga sobre a superficie, reconstruiranse de acordo coas instrucións do Director das Obras, a non ser que este autorice a que se modifique convenientemente a rasante, se o error é por exceso e se vai dispoñer enriba outra capa de firme, ou a que se dispoña unha capa de regularización adecuada, se se vai dispoñer enriba o pavimento.

O macadám abonarase por metros cúbicos (m<sup>3</sup>) realmente executados, medidos nas seccións tipo sinaladas nos planos, ou en m<sup>2</sup> de capa de espesor uniforme medido unha vez compactada e rasanteada, segundo se defina no Cadro de Prezos nº 1.

#### **1.14. PAVIMENTOS DE FORMIGÓN**

As superficies a formigonar estarán saneadas e limpas. Os produtos de escavación, terra vexetal e entullos serán transportados a lugares previamente autorizados polo Director das Obras e serán de conta do Contratista os gastos ocasionados.

Non se permitirá a existencia de cascotes, madeiras ou materiais de calquera tipo que afecten á calidade ou resistencia da superficie de formigón definitiva.

A capa de pedra machucada ou grava (de existir) entre o formigón e o terreo estará debidamente compactada e estendida, presentando unha superficie regular, cerrada e limpa de todo obxecto ou graxa.

Non se procederá ao formigonado da superficie sen a previa autorización do Director da Obra.

O formigón amasarase durante un tempo mínimo de 60 (sesenta) segundos a velocidade de réxime, de forma que todos os áridos queden recubertos totalmente de pasta de cemento.

Cando o transporte ou amasado se realice sobre camión formigoneira, ademais das anteriores condicións cumpriranse as seguintes:

- O volume da mestura do formigón fresco non será superior ao 60% (sesenta por cento) da capacidade de dita formigoneira segundo o fabricante.
- A velocidade de batido do tambor será maior de 4 r.p.m. (catro revolucións por minuto). O tambor será de tipo cerrado.

As formigoneiras de todo tipo utilizadas permitirán que, cando o dispoña o Director da Obra, poidan ser tomadas mostras á súa saída ao obxecto de efectuar ensaios.

A descarga do formigón farase tomando as precaucións necesarias para evitar a segregación dos compoñentes do formigón.

A formigoneira, entre amasado e amasado, será baleirada por completo. Si vai estar parada durante máis de trinta minutos, limparase perfectamente antes de volver a usala.

O formigonado farase en franxas alternas, de 4 m de lonxitude e ancho máximo de 5 m (2,5 m neste proxecto), de forma que as xuntas de contracción finais queden separadas a esa distancia (prefisuración). Non se disporán pasadordes nas xuntas.

Evitarase a permanencia de madeira ou outros materiais distintos aos autorizados polo Director da Obra unha vez fraguado o formigón.

O formigón así estendido vibrarase con regras vibradoras de superficie, presentando ao final unha superficie de rugosidade proporcional á pendente e perfectamente regular.

Non se tolerarán resaltes entre lousas, unha vez terminadas de formigonar, maiores de cinco (5) milímetros.

Así mesmo, as xuntas de contracción non terán un espesor maior de dos (2) milímetros, sexa cal sexa o material empregado na súa construción.

Os ligantes e áridos reunirán as condicións especificadas para eles no presente Prego.

En tempo chuvioso deixarase de formigonar cando a intensidade da chuvia sexa tal que altere a composición do formigón ou prexudique a súa calidade ao xuízo do Director da Obra.

Ao baixar a temperatura ambiente de dous graos sobre cero (2°C) suspenderase o formigonado.

Cando a temperatura se aproxime aos dous graos sobre cero, protexerase, con todos os medios necesarios, a superficie formigonada.

Para formigonar a menos de dous graos sobre cero haberá que ter autorización expresa do Director da Obra. Tomaranse as seguintes precaucións:

- a) Rexeitar áridos xeados.
- b) Quitar a auga de amasado a temperatura non maior de 60°C (sesenta graos centígrados).

Entre as 18 (dezaioito) horas e as 8 (oito) horas non se poderá formigonar con temperaturas de 2°C ou inferiores.

Todo formigón que presente indicios de xearse será picado, retirado e substituído por conta do Contratista nas zonas nas que a xuízo do Director da Obra sexa necesario.

O curado do formigón iniciárase inmediatamente despois de acabar o primeiro período de fraguado do mesmo. En calquera caso, a superficie exposta ao aire e a superficie dos encofrados han de manterse constantemente húmidas con regos de auga de características similares (cando non superiores) á de amasado. O curado do formigón durará ao menos 7 (sete) días, durante os cales manterase constantemente húmida a súa superficie. En todo caso cumprírase o disposto no artigo setenta e un (71) da Instrución de Formigón Estrutural EHE. A canalización de auga usada para o curado non será nunca de material férreo, nin de outro tipo que confira á auga características nocivas para o normal proceso de curado.

Durante os traballos de formigonado o Director da Obra pode ordenar a toma de mostras para a realización de ensaios en calquera momento, que serán por conta do Contratista, o cal ademais proporcionará toda a axuda necesaria para levar a cabo estas operacións.

Non se admitirán na obra definitiva formigóns cuxa resistencia sexa inferior ao 90% (noventa por cento) da resistencia característica esixida no Proxecto. Se algún ensaio indicase unha resistencia inferior a este valor, o Contratista estará obrigado a demoler pola súa conta todo o volume de formigón afectado pola baixa resistencia e definido polo Director da Obra, salvo que coa realización doutros dous ensaios ao menos (con probetas das mostras) a resistencia característica media dera máis do 90% (noventa por cento).

A cubicación da pavimentación farase por procedementos xeométricos sobre a obra terminada no seu emprazamento xusto.

No prezo inclúese:

- a) A limpeza total da superficie de escavación, incluso con pico e pala se fose necesario para eliminar os cascotes de pedra solta ou agretada.
- b) A capa de pedra machucada ou grava (se existise), estendida e compactada previo formigonado.
- c) Todas as operacións de curado con rego de auga permanente na forma indicada neste Prego.
- d) A formación de xuntas transversais cada 4 m (prefisuración).
- e) As precaucións a tomar por orde do Director da Obra en tempo frío ou caloroso.
- f) Canons e indemnizacións ocasionadas pola instalación de maquinaria auxiliar en obra ou canteira.
- g) Todas as instalacións accesorias.
- h) A retirada e vertido dos formigóns rexeitados polo Director da Obra.
- i) As probas para a obtención de ensaios en laboratorio.

### 1.15. TRATAMENTOS SUPERFICIAIS

Segundo o vixente PG-3/75 e modificacións, defínese como simple tratamento superficial a aplicación dun ligante bituminoso sobre unha superficie, seguida da extensión e apisoado dunha capa de árido.

A aplicación consecutiva de dous ou tres simples tratamentos superficiais, en xeral de distintas características, denomínase dobre tratamento superficial ou triplo tratamento superficial.

A execución do simple tratamento superficial inclúe as operacións seguintes:

- Preparación da superficie existente.
- Aplicación do ligante bituminoso.

- Extensión e apisoado do árido.

No caso de execución dun dobre ou triplo tratamento superficial realizaranse, ademais, as seguintes:

- Segunda aplicación do ligante bituminoso.
- Segunda extensión e apisoado do árido.
- Terceira aplicación do ligante bituminoso.
- Terceira extensión e apisoado do árido.

Os ligantes e áridos reunirán as condicións específicas para eles no presente Prego.

A dosificación dos materiais e os tipos de ligantes a utilizar serán os definidos na descrición das obras e definición de unidades do orzamento. Non obstante, o Director das Obras poderá modificar o establecido cando as circunstancias da obra o aconsellen e se xustifique debidamente á vista das probas e ensaios realizados.

O equipo para a aplicación do ligante irá montado sobre pneumáticos e deberá ser capaz de aplicar a dotación de ligante especificada, á temperatura prescrita. O dispositivo regador proporcionará unha uniformidade transversal suficiente e deberá permitir a recirculación en baleiro do ligante e restantes características especificadas ao respecto no PG-3/75 e debendo realizar pesaxes antes e despois na báscula indicada polo Director das Obras.

Para o apisoado empregaranse preferentemente compactadores de pneumáticos de peso superior a cinco toneladas (5 t). Cando se utilicen rolos de lamia metálica, deberá garantirse que non se produza a trituración dos áridos. Os compactadores deberán estar provistos de dispositivos para manter os rolos limpos durante a compactación.

Comprobarase que a superficie sobre a que se vai efectuar o tratamento cumpre as condicións de calidade e compactación especificadas para a unidade de obra correspondente, e non se encontra rebrandecida por un exceso de humidade. En caso contrario, antes de que o Director das Obras poda autorizar a iniciación da extensión do ligante, deberá ser corrixida de acordo co PG-3/75.

Si o tratamento se vai aplicar sobre un pavimento bituminoso antigo, eliminaranse os excesos de betún existentes na superficie do mesmo en forma de manchas negras localizadas.

No caso de pavimentos de nova construción a superficie da base deberá ser tratada cun rego de imprimación antes de proceder á execución do tratamento superficial.

A aplicación do ligante elixido farase coa dotación e á temperatura aprobadas polo Director das Obras, de maneira uniforme e evitando a duplicación da dotación nas xuntas transversais de traballo.

A temperatura de aplicación do ligante será tal que a súa viscosidade estea comprendida entre vinte e cinco e cen segundos Saybolt Furol (25-100 sSF).

Protexeranse, para evitar manchalos de ligante, cantos elementos construtivos ou accesorios (tales como bordos, valos, árbores, etc.) podan sufrir ese efecto.

A extensión do árido elixido realizarase de maneira uniforme, coa dotación aprobada polo Director das Obras, non deixando transcorrer máis de cinco (5) minutos desde a aplicación do ligante. A distribución do árido efectuarase de maneira que se evite o contacto das rodas da estendedora co ligante sen cubrir.

Inmediatamente despois da extensión do árido procederase ao seu apisoado, que se executará lonxitudinalmente, comezando polo bordo exterior e progresando cara ao centro, solapándose cada recorrido co anterior, de acordo co que sobre o particular ordene o Director das Obras, á vista do equipo de apisoado empregado. O apisoado continuarase ata obter unha superficie lisa e estable, debendo quedar terminado antes de media hora (1/2 h) de iniciada a extensión.

Nos lugares inaccesibles para os equipos normais, o apisoado efectuarase mediante pisóns mecánicos ou outros medios aprobados, ata lograr resultados análogos aos obtidos polos procedementos normais.

No caso de dobres tratamentos superficiais, a segunda aplicación do ligante elixido realizarase coa dotación e á temperatura aprobadas polo Director das Obras e, si o tempo o permite, dentro das vinte e catro horas (24 h.) seguintes á construción da primeira capa.

Esta segunda aplicación farase da mesma forma que a primeira anteriormente descrita, e a segunda extensión e apisoado do árido elixido realizarase coa dotación aprobada polo Director das Obras da mesma forma que a primeira anteriormente descrita.

Os tratamentos superficiais realizaranse cando a temperatura ambiente, á sombra, sexa superior aos dez graos centígrados (10°C) e non exista fundado temor de precipitacións atmosféricas. Non obstante, si a temperatura ambiente ten tendencia a aumentar, poderá fixarse en cinco graos centígrados (5°C) a temperatura inferior.

Non se realizarán tratamentos sobre superficies molladas, salvo que se utilicen emulsións bituminosas ou ligantes activados.

Sempre que sexa posible deberá evitarse a acción de todo tipo de tráfico sobre a capa recen executada, polo menos durante as vinte e catro horas (24 horas) que sigan á súa terminación. Si elo non é factible, a velocidade máxima dos vehículos deberá reducirse a trinta quilómetros por hora (30 km/h).

A reparación da superficie existente considerarase incluída na unidade de obra correspondente á construción da capa subxacente e, por tanto, non haberá lugar ao seu abono por separado. Sen embargo, cando dita construción non fora realizada baixo o mesmo Contrato, a preparación da superficie existente constituirá unha unidade independente dos tratamentos superficiais.

O ligante e os áridos, así como todas as operacións, están incluídos no m<sup>2</sup> de tratamento, tal como se define no Cadro de Prezos nº 1, en cuxa descomposición reflectirase a dotación de cada material.

### 1.16. ÁRIDOS PARA REGAS

Os áridos obteranse triturando pedra de canteira ou grava natural, e produciranse ou subministraranse en fraccións granulométricas diferenciadas, as cales acopiaranse e manexaranse por separado.

En función das categorías de tráfico pesado previstas na Norma 6.1-IC, a proporción mínima de partículas que presenten dous (2) ou máis caras de fractura, segundo a norma NLT 358/87, será:

PROPORCIÓN MÍNIMA (%) DE PARTÍCULAS CON DOUS OU MÁIS CARAS DE FRACTURA (NLT-358/87)	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO		
	T0 e T1	T2	T3, T4 e BEIRAVÍAS
	100	90	75

O árido deberá estar exento de terróns de arxila, materia vexetal, marga ou outras materias estrañas. O valor máximo do seu coeficiente de limpeza, segundo a norma NLT-172/86, en función das categorías de tráfico pesado previstas na Norma 6.1-IC, será:

VALOR MÁXIMO DO COEFICIENTE DE LIMPEZA (NLT-176/86)	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	
	T0 e T1	T2, T3, T4 e BEIRAVÍAS
	0,5	1,0

De non cumprirse esta prescrición o Director das Obras poderá esixir o lavado do árido e unha nova comprobación.

O máximo valor do coeficiente de desgaste Los Ángeles do árido grosso, segundo a norma NLT-149/72, e o mínimo valor do coeficiente de pulido acelerado, segundo as normas NLT-174/72 e NLT-175/72, en función das categorías de tráfico pesado previstas na Norma 6.1-IC, serán:

CALIDADE	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO			
	T0	T1	T2	T3 e T4
COEFICIENTE MÁXIMO DESGASTE LOS ÁNGELES (NLT-149/72)	15		20	30
COEFICIENTE MÍNIMO PULIDO ACELERADO (NLT- 174/72)	0,50	0,45		0,40

Nota: estas condicións non serán esixibles en beiravías.

O valor máximo do índice de laxas, segundo a norma NLT-354/74, en función das categorías de tráfico pesado previstas na Norma 6.1-IC, será:

VALOR MÁXIMO DO ÍNDICE DE LAXAS (NLT-354/74)	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO		
	T0 e T1	T2	T3, T4 e BEIRAVÍAS
	20	25	30

Salvo especificación contraria do Director das Obras, considerarase que a adhesividade é suficiente cando simultaneamente:

- A proporción en masa de árido totalmente envolto despois do ensaio de inmersión en auga, segundo a norma NLT-166/76, sexa superior ao noventa e cinco por cento (95%).
- A proporción de árido non desprendido no ensaio de placa Vialit, segundo a norma NLT-313/87, sexa superior ao noventa por cento (90%) en masa por vía húmida, e ao oitenta por cento (80%) en masa por vía seca.

Poderá mellorarse a adhesividade do árido elixido mediante activantes ou calquera outro produto sancionado pola experiencia, ou mediante métodos tales como o seu pre-quecemento ou a súa pre-envolta con un ligante hidrocarbonado. En tales casos, o Director das Obras establecerá o tipo de adición ou as especificacións que terán que cumprir ditos métodos e, en todo caso, as correspondentes aos áridos resultantes.

No momento da súa extensión a humidade do árido non deberá ser tal que prexudique a súa adhesividade co ligante bituminoso empregado.

O fuso ao que deberá axustarse a curva granulométrica do árido será o definido no Orzamento ou, no seu defecto, o indicado polo Director das Obras, estando incluído entre os que se indican nas Táboas 1 e 2. Os áridos de granulometría uniforme especial, ao ser de mellor calidade, deberán empregarse obrigatoriamente para as categorías de tráfico pesado T0 e T1 previstas na Norma 6.1-IC.

TÁBOA 1.- GRANULOMETRÍA NORMAL

PENEIRAS UNE	CERNIDO PONDERAL ACUMULADO (% EN MASA)				
	A 20/10	A 13/7	A 10/5	A 6/3	A 5/2
25	100				
20	90-100	100			
12,5	0-30	90-100	100		
10	0-15	20-55	90-100	100	
6,3	-	0-15	10-40	90-100	100
5	0-5	-	0-15	20-55	90-100
3,2	-	0-5	-	0-15	10-40
2,5	-	-	0-5	-	0-15
1,25	-	-	-	0-5	-
630 µm	-	-	-	-	0-5

TÁBOA 2.- GRANULOMETRÍA ESPECIAL

PENEIRAS UNE	CERNIDO PONDERAL ACUMULADO (% EN MASA)				
	AE 20/10	AE 13/7	AE 10/5	AE 6/3	AE 5/2
25	100				
20	85-100	100			
12,5	0-20	85-100	100		
10	0-7	0-30	85-100	100	
6,3	-	0-7	0-25	85-100	100
5	0-2	-	0-7	0-30	85-100
3,2	-	0-2	-	0-10	0-25
2,5	-	-	0-2	-	0-10
1,25	-	-	-	0-2	-
630 µm	-	-	-	-	0-2

### 1.17. MESTURAS BITUMINOSAS EN QUENTE

Será de obrigado cumprimento o artigo 542 do PG-3/75, na súa redacción dada pola Orde FOM/2523/2014, de 12 de decembro.

Defínese como mestura bituminosa en quente tipo formigón bituminoso a combinación dun ligante hidrocarbonado, áridos (incluído o po mineral) con granulometría continua e, eventualmente, aditivos, de maneira que todas as partículas do árido queden recubertas por unha película homoxénea de ligante. O seu proceso de fabricación implica quentar o ligante e os áridos (excepto, eventualmente, o po mineral de aportación) e a súa posta en obra debe realizarse a unha temperatura moi superior á do ambiente.

O tipo de ligante hidrocarbonado a empregar será o definido nos documentos do Proxecto ou, no seu defecto, será seleccionado polo Director das Obras, en función da capa a que se destine a mestura bituminosa en quente e da categoría de tráfico pesado (definidas na Norma 6.1-IC ou na Norma 6.3-IC), entre os que se indican na Táboa 1 e, salvo xustificación en contrario, deberá cumprir as especificacións do artigo 211 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes PG-3/75, na súa redacción dada pola Orde FOM/2523/2014, de 12 de decembro.

**TÁBOA 1.- TIPO DE LIGANTE HIDROCARBONADO A EMPREGAR**

EN CAPA DE RODAXE E SEGUINTE

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO				
T00 e T0	T1	T2 e T31	T32 e BEIRAVÍAS	T4
B40/50 B60/70	B40/50 B60/70	B60/70	B60/70 B80/100	B60/70 B80/100

EN CAPA DE BASE, BAIXO OUTRAS DÚAS

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO		
T00 e T0	T1	T2 e T3
B40/50 B60/70	B40/50 B60/70	B60/70 B80/100

O áridos a empregar nas mesturas bituminosas en quente poderán ser naturais ou artificiais sempre que cumpran as especificacións recollidas neste apartado.

O Director das Obras poderá esixir propiedades ou especificacións adicionais cando se vaian empregar áridos cuxa natureza ou procedencia así o requirise.

Os áridos produciranse ou subministraranse en fraccións granulométricas diferenciadas, que se acopiarán e manexarán por separado ata a súa introdución nas moegas en frío.

Antes de pasar polo secador da central de fabricación, o equivalente de area, segundo a UNE-EN 933-8, do árido obtido combinando as distintas fraccións dos áridos (incluído o po mineral) segundo as proporcións fixadas na fórmula de traballo, deberá ser superior a cincuenta (50). De non cumprirse esta condición, o seu valor de azul de metileno, segundo o Anexo A da UNE-EN 933-9, deberá ser inferior a dez (10) e, simultaneamente, o equivalente de area, segundo a UNE-EN 933-8, deberá ser superior a corenta (40).

Os áridos non serán susceptibles a ningún tipo de meteorización ou alteración físico-química apreciable baixo as condicións máis desfavorables que, previsiblemente, poidan darse na zona de emprego. Tampouco poderán dar orixe, coa auga, a disolucións que poidan causar danos a estruturas ou outras capas do firme, ou contaminar correntes de auga.

O Director das Obras deberá fixar os ensaios para determinar a inalterabilidade do material. Si se considera conveniente, para caracterizar os compoñentes solubles dos áridos de calquera tipo, naturais ou artificiais, que poidan ser lixiviados e significar un risco potencial para o medio ambiente ou para os elementos de construción situados nas súas proximidades, empregarase a UNE-EN 1744-3.

Defínese como árido grosso á parte do árido total retida na peneira 2 mm da UNE-EN 933-2.

A proporción de partículas total e parcialmente trituradas do árido grosso, segundo a UNE-EN 933-5, deberá cumprir o fixado na Táboa 2.a.

**TÁBOA 2.a.- PROPORCIÓN DE PARTÍCULAS TOTAL E PARCIALMENTE TRITURADAS DO ÁRIDO GROSSO (% EN MASA)**

TIPO DE CAPA	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO				
	T00	T0 e T1	T2	T3 e BEIRAVÍAS	T4
RODAXE	100			≥90	≥75
INTERMEDIA	100			≥90	≥75 (*)
BASE	100		≥90	≥75	

(\*) En vías de servizo

Adicionalmente, a proporción de partículas totalmente redondeadas do árido grosso, segundo a UNE-EN 933-5, deberá cumprir o fixado na Táboa 2.b.

TÁBOA 2.b.- PROPORCIÓN DE PARTÍCULAS TOTALMENTE REDONDEADAS DO ÁRIDO GROSO (% EN MASA)

TIPO DE CAPA	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO				
	T00	T0 e T1	T2	T3 e BEIRAVÍAS	T4
RODAXE	0			≤1	≤10
INTERMEDIA	0			≤1	≤10 (*)
BASE	0		≤1	≤10	

(\*) En vías de servizo

O índice de laxas das distintas fraccións do árido grosso, segundo a UNE-EN 933-3, deberá cumprir o fixado na Táboa 3.

TÁBOA 3.- ÍNDICE DE LAXAS DO ÁRIDO GROSO

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO			
T00	T0 a T31	T32 e BEIRAVÍAS	T4
≤20	≤25	≤30	

O coeficiente de Los Ángeles do árido grosso, segundo a UNE-EN 1097-2, deberá cumprir o fixado na Táboa 4.

TÁBOA 4.- COEFICIENTE DE LOS ÁNGELES DO ÁRIDO GROSO

TIPO DE CAPA	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO				
	T00 e T0	T1	T2	T3 e BEIRAVÍAS	T4
RODAXE	≤20			≤25	
INTERMEDIA	≤25				≤25(*)
BASE	≤25		≤30		

(\*) En vías de servizo

coeficiente de pulimento acelerado do árido grosso a empregar en capas de rodaxe, segundo a UNE-EN 1097-8, deberá cumprir o fixado na Táboa 5.

TÁBOA 5.- COEFICIENTE DE PULIMENTO ACELERADO DO ÁRIDO GROSO PARA CAPAS DE RODAXE

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO		
T00 e T0	T1 a T31	T32, T4 e BEIRAVÍAS
≥56	≥50	≥44

O árido grosso deberá estar exento de terróns de arxila, materia vexetal, marga ou outras materias estrañas que podan afectar á durabilidade da capa.

O contido de finos do árido grosso, determinado conforme á UNE-EN 933-1 como a porcentaxe que pasa pola peneira 0,063 mm, será inferior ao cinco por mil (0,5%) en masa.

O contido de impurezas do árido grosso, segundo o Anexo C da UNE 146130, deberá ser inferior ao cinco por mil (0,5%) en masa.

En caso de que non se cumpran as dúas prescricións anteriores respecto á limpeza do árido grosso, o Director das Obras poderá esixir a súa limpeza por lavado, aspiración ou outros métodos previamente aprobados, e unha nova comprobación.

Defínese como árido fino á parte do árido total cernida pola peneira 2 mm e retida pola peneira 0,063 mm da UNE-EN 933-2.

O árido fino deberá proceder da trituración de pedra de canteira ou grava natural na súa totalidade, ou en parte de xacementos naturais.

A proporción de árido fino non triturado a empregar na mestura deberá cumprir o fixado na Táboa 6.



**TÁBOA 6.- PROPORCIÓN DE ÁRIDO FINO NON TRITURADO (\*) A EMPREGAR NA MESTURA**  
(% en masa do total de áridos, incluído o pó mineral)

CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	
T00 a T2	T3, T4 e BEIRAVÍAS
0	≤10

(\*) A porcentaxe de árido fino non triturado non deberá superar a do árido fino triturado

O árido fino deberá estar exento de terróns de arxila, materia vexetal, marga e outras materias estrañas.

O material que se triture para obter árido fino deberá cumprir as condicións esixidas ao árido grosso sobre o coeficiente de Los Ángeles.

Poderase empregar árido fino de outra natureza que mellore algunha característica, en especial a adhesividade, pero en calquera caso procederá de árido grosso con coeficiente de Los Ángeles inferior a vintecinco (25) para capas de rodaxe e intermedias e a trinta (30) para capas de base.

Defínese como pó mineral á parte do árido total cernida pola peneira 0,063 mm da UNE-EN 933-2.

O pó mineral poderá proceder dos áridos, separándose deles por medio dos ciclóns da central de fabricación, ou aportarse á mestura por separado de aqueles como un produto comercial ou especialmente preparado.

A proporción do po mineral de aportación a empregar na mestura deberá cumprir o fixado na Táboa 7.

**TÁBOA 7.- PROPORCIÓN DE PO MINERAL DE APORTACIÓN**  
(% en masa do resto do po mineral, excluído o inevitablemente adherido aos áridos)

TIPO DE CAPA	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO				
	T00	T0 e T1	T2	T3 e BEIRAVÍAS	T4
RODAXE	100			≥50	-
INTERMEDIA	100		≥50		-
BASE	100	≥50		-	

O po mineral que inevitablemente quede adherido aos áridos tralo seu paso polo secador en ningún caso poderá superar o dous por cento (2%) da masa da mestura. Só si se asegurase que o po mineral procedente dos áridos cumpre as condicións esixidas ao de aportación poderá o Director das Obras rebaxar a proporción mínima deste.

A granulometría do po mineral determinarase segundo a UNE-EN 933-10. O cen por cen (100%) dos resultados de análises granulométricos debe quedar dentro do fuso granulométrico xeral definido na Táboa 8. Adicionalmente, o noventa por cento (90%) dos resultados de análises granulométricos debe quedar incluído dentro dun fuso granulométrico máis estreito, cuxo ancho máximo nas peneiras correspondentes a 0,125 e 0,063 mm non supere o dez por cento (10%).

**TÁBOA 8.- ESPECIFICACIÓN PARA A GRANULOMETRÍA DO PÓ MINERAL**

ABERTURA DA PENEIRA (mm)	Fuso granulométrico xeral para resultados individuais Cernido acumulado (% en masa)	Ancho do fuso restrinxido (% en masa)
2	100	-
0,125	85 a 100	10
0,063	70 a 100	10

A densidade aparente do po mineral, segundo o Anexo A da UNE-EN 1097-3, deberá estar comprendida entre cinco e oito decigramos por centímetro cúbico (0,5 a 0,8 g/cm<sup>3</sup>).

O Director das Obras fixará os aditivos que poden utilizarse, establecendo as especificacións que terán que cumprir tanto o aditivo como as mesturas bituminosas resultantes, e aprobará a dosificación e dispersión homoxénea do aditivo.

A designación das mesturas bituminosas, segundo a nomenclatura establecida na norma UNE-EN 13108-1, complementarase coa información sobre o tipo de granulometría que corresponda á mestura, co fin de poder diferenciar mezclas co mesmo tamaño máximo de árido pero con fusos granulométricos diferentes. Para elo, á designación establecida na norma UNE-EN 13108-1 engadirase a letra D, S ou G despois da indicación do tipo de ligante, segundo se trate dunha mestura densa, semidensa ou grosa, respectivamente.

A designación das mesturas bituminosas seguirá, polo tanto, o esquema seguinte:

AC	D	surf/bin/base	ligante	granulometría
----	---	---------------	---------	---------------

Onde:

- AC: indicación relativa a que a mestura é de tipo formigón bituminoso.
- D: tamaño máximo do árido, expresado como a apertura da peneira que deixa pasar entre un noventa e un cen por cen (90% e 100%) do total do árido.
- Surf/bin/base: abreviaturas relativas ao tipo de capa de emprego da mestura, rodadura, intermedia ou base, respectivamente.
- Ligante: tipo de ligante hidrocarbonado utilizado.
- Granulometría: designación mediante as letras D, S ou G do tipo de granulometría correspondente a unha mestura densa (D), semidensa (S) ou grosa (G), respectivamente. No caso de mesturas de alto módulo engadiranse ademais as letras MAM.
- Cando a mestura bituminosa sexa semiquente, engadirase esta palabra ao final da designación da mestura.

A granulometría do árido obtido combinando as distintas fraccións dos áridos (incluído o pó mineral), segundo a unidade de obra ou emprego, deberá estar comprendida dentro dalgún dos fusos fixados na Táboa 9. O análise granulométrico farase segundo a UNE-EN 933-1.

TÁBOA 9.- FUSOS GRANULOMÉTRICOS. CERNIDO ACUMULADO (% EN MASA)

TIPO DE MESTURA (*)		ABERTURA DAS PENEIRAS UNE-EN 933-2 (mm)									
		40	32	22	16	8	4	2	0,500	0,250	0,063
Densa	AC16 D	-	-	100	90-100	64-79	44-59	31-46	16-27	11-20	4-8
	AC22 D	-	100	90-100	73-88	55-70		31-46	16-27	11-20	4-8
Semidensa	AC16 S	-	-	100	90-100	60-75	35-50	24-38	11-21	7-15	3-7
	AC22 S	-	100	90-100	70-88	50-66		24-38	11-21	7-15	3-7
	AC32 S	100	90-100		68-82	48-63		24-38	11-21	7-15	3-7
Grosa	AC22 G	-	100	90-100	65-86	40-60		18-32	7-18	4-12	2-5
	AC32 G	100	90-100		58-76	35-54		18-32	7-18	4-12	2-5

(\*) A efectos desta táboa, para designar o tipo de mestura, inclúese só a parte de nomenclatura que se refire expresamente ao fuso granulométrico (omítese por tanto a indicación da capa do firme e do tipo de betume)

O tipo de mestura bituminosa en quente a empregar, en función do tipo e do espesor da capa do firme, será o definido nos documentos do Proxecto ou, no seu defecto, o definido polo Director das Obras, segundo a Táboa 10.

TÁBOA 10.- TIPO DE MESTURA A UTILIZAR EN FUNCIÓN DO TIPO E ESPESOR DA CAPA

TIPO DE CAPA	ESPESOR (cm)	TIPO DE MESTURA	
		Denominación UNE-EN 13108-1 (*)	Denominación anterior
RODAXE	4-5	AC16 surf D AC16 surf S	D12 S12
	>5	AC22 surf D AC22 surf S	D20 S20
INTERMEDIA	5-10	AC22 bin D AC22 bin S AC32 bin S	D20 S20 S25
BASE	7-15	AC32 base S AC22 base G AC32 base G	S25 G20 G25
BEIRAVÍAS (**)	4-6	AC16 surf D	D12

(\*) Omítese na denominación da mestura a indicación do tipo de ligante por non ser relevante a efectos da táboa

(\*\*) No caso de que non se empregue o mesmo tipo de mestura que na capa de rodaxe da calzada

A dotación de ligante hidrocarbonado da mestura bituminosa en quente será a fixada nos documentos do Proxecto ou, no seu defecto, a fixada polo Director das Obras, e en calquera caso deberá cumprir o indicado na Táboa 11, segundo o tipo de

mestura ou de capa:

**TÁBOA 11.- DOTACIÓN MÍNIMA (\*) DE LIGANTE HIDROCARBONADO**  
(% en masa sobre o total da mestura bituminosa, incluído o pó mineral)

TIPO DE CAPA	TIPO DE MESTURA	DOTACIÓN MÍNIMA (%)
RODAXE	DENSA e SEMIDENSA	4,50
INTERMEDIA	DENSA e SEMIDENSA	4,00
BASE	SEMIDENSA e GROSA	3,65

(\*) Incluídas as tolerancias especificadas no apartado 542.9.3.1 do Prego PG-3/75. Teranse en conta as correccións por peso específico e absorción dos áridos, se son necesarias

No caso de que a densidade dos áridos sexa diferente de dous gramos e sesenta e cinco centésimas de gramo por centímetro cúbico ( $2,65 \text{ g/cm}^3$ ), os contidos mínimos de ligante da Táboa 11 débense corrixir multiplicando polo factor  $\alpha=2,65/\rho_d$ , onde  $\rho_d$  é a densidade das partículas de árido.

### 1.18. MATERIAIS PARA FIRMES RÍXIDOS

O cemento, a auga e os áridos cumprirán o establecido para eles no presente Prego.

En particular, os áridos serán preferiblemente rodados, procedentes de graveiras naturais e de tamaño máximo 6 cm. No caso de ser difícil a súa consecución, utilizaranse áridos de machúqueo, previa comunicación ao Director da Obra. En calquera caso o tamaño máximo será inferior á terceira parte do espesor da capa de formigón.

As características mecánicas e peso específico dos materiais serán as adecuadas para conseguir no formigón final a resistencia a compresión en probeta cilíndrica aos vinteito (28) días prevista no Proxecto.

A aceptación por parte do Director da Obra dun xacemento ou canteira en particular non exime de responsabilidade algunha ao Contratista, no referente á calidade dos áridos.

Enténdese por area ou árido fino ao árido ou fracción do mesmo que pasa pola peneira 5 UNE.

O árido fino estará exento de calquera sustancia que poda reaccionar cos álcalis que conteña o cemento. A súa determinación farase con arranxo aos métodos de ensaio UNE 7137.

A cantidade de substancias prexudiciais que poden presentar a area ou árido fino non excederá os límites seguintes:

ÁRIDO FINO	
DETERMINACIÓN DE SUSTANCIAS PERXUDICIAIS	% MÁX. EN PESO
Terróns de arxila (UNE 7133)	1.00
Finos que pasan pola peneira 0,080 UNE (UNE 7135)	5.00
Material retido pola peneira 0,063 UNE 7050 e que flota en líquido de peso esp. 2,00 (UNE 7244)	0.50
Compostos totais de xofre expresados en $\text{SO}_3$ e referidos ao árido seco (UNE 1744)	1.00

Non se utilizarán áridos finos cuxo contido en materia orgánica sexa tal que, ensaiados con arranxo ao método de ensaio UNE 7032, produzan unha color máis escura que a da sustancia patrón.

Enténdese por grava ou árido grosso ao árido ou fracción do mesmo que queda retido pola peneira 5 UNE.

A cantidade de substancias prexudiciais que pode presentar o árido grosso ou grava, non excederá dos límites que a continuación se sinalan:

ÁRIDO GROSSO	
DETERMINACIÓN DE SUSTANCIAS PERXUDICIAIS	% MÁX. EN PESO
Terróns de arxila (UNE 7133)	0.25
Finos que pasan pola peneira 0,080 UNE (UNE 7135)	5.00
Material retido pola peneira 0,063 UNE 7050 e que flota en líquido de peso esp. 2,00 (UNE 7244)	1.00
Compostos totais de xofre expresados en $\text{SO}_3$ e referidos ao árido seco (UNE 1744)	1.20

O árido grosso estará exento de calquera sustancia que poda reaccionar cos álcalis do cemento.

O coeficiente de forma determinado con arranxo ao método de ensaio UNE 7238 non será inferior a 0,15. Enténdese por coeficiente de forma dun árido o obtido a partir dun conxunto representativo de "n" grans mediante a expresión:

$$\text{Coeficiente de forma} = \frac{V_1 + V_2 + \dots + V_n}{p/6 \cdot (d_1^3 + d_2^3 + \dots + d_n^3)}$$

Sendo:

- $V_i$  = Volume de cada gran.
- $d_i$  = A maior dimensión de cada gran, é dicir, a distancia entre os dous planos paralelos e tanxentes a ese gran que estean máis afastados entre si, de entre todos os que sexa posible trazar.

### 1.19. OUTROS MATERIAIS

Os materiais que sexan necesarios para a execución das obras que comprende o Proxecto e que non foran detallados nos apartados anteriores, satisfarán, en canto á súa calidade, as condicións que podan esixirse nunha construción esmerada, ademais do que sobre elo indique o Director das Obras.

No caso particular das lousetas de formigón que conformarán o pavimento das beirarrúas, o fabricante deberá aportar, antes da súa colocación en obra, toda a documentación que acredite a calidade dos materiais empregados, fundamentalmente os relativos á resbaladicidade.

### 1.20. MATERIAIS QUE NON SEXAN DE RECIBO

Cando os materiais non fosen da calidade prescrita neste Prego, ou non tiveran a preparación nel esixida ou, en fin, cando, a falta de prescricións formais daquel, se recoñecera ou demostrara que non eran adecuados para o seu obxecto, o Director das Obras dará orde ao Contratista para que, á súa costa, os substitúa por outros que satisfagan as condicións ou cumplan o obxecto a que se destinan.

Se aos quince (15) días de recibir o Contratista orde do Director das Obras de que retire da mesma os materiais que non están en condicións, dita orde non foi cumprida, procederá a Administración a realizar a operación, correndo os gastos por conta do Contratista.

No caso de materiais defectuosos pero aceptables, recibíranse coa rebaxa de prezo que se determine, a non ser que o Contratista prefira substituílos por outros en condicións.

### 1.21. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

A recepción de materiais non exclúe a responsabilidade do Contratista por mala calidade daqueles, que quedará subsistente ata que se reciban as obras en que ditos materiais se empregaran, sen prexuízo das responsabilidades que con carácter xeral se encontren establecidas nas leis vixentes.

## CAPÍTULO 4. EXECUCIÓN DAS OBRAS

### ARTIGO 9. REFORMULO

---

Recibida polo Contratista a orde para comezar a obra, procederá a realizar a comprobación do reformulo feito previamente á licitación, se procede, da cordo coas condicións particulares do contrato, e redactarase a correspondente acta dentro do prazo que se consigne no contrato e que será como máximo antes dun mes a partir da súa formalización, salvo casos excepcionais xustificadas.

Levarase a cabo marcando en planta os límites da obra, así como tamén a rasante a que está se suxeitará e a cantos datos sexa preciso definir na mesma.

Se o Contratista comezase a obra sen estudiarse a situación do terreo da forma anteriormente dita, entenderase que acepta e sen dereito de reclamación algún, a liquidación que no seu día presente a Administración.

### ARTIGO 10. OBRAS MAL EXECUTADA

---

Será obrigación do Contratista demoler e volver a executar á súa costa toda obra que non cumpra as prescricións do presente Prego ou as instrucións do Enxeñeiro Director, salvo o previsto na cláusula 44, parágrafo 4º do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.

### ARTIGO 11. OBRAS NON DETALLADAS

---

Executaranse sempre atendéndose ás regras de boa construción e con materiais de primeira calidade, seguindo as ordes da Dirección das Obras.

### ARTIGO 12. FACILIDADES Á INSPECCIÓN

---

O Contratista proporcionará cantas facilidades sexan necesarias para proceder a replanteos, recoñecementos, probas de materiais, etc. Permitirá o acceso, en caso de inspección, a todas as partes da obra, incluso ás fábricas e talleres onde se realicen traballos de calquera tipo relacionados coa obra.

Ademais, o Contratista poñerá a disposición da Dirección de Obra todo o necesario para o correcto control, medición e valoración das obras.

### ARTIGO 13. INSTALACIÓNS PROVISIONAIS E CONSTRUCCIÓN AUXILIARES

---

O Contratista queda obrigado a construír pola súa conta, desmontar e retirar, nun prazo de trinta (30) días desde a terminación da obra, todas as construcións e instalacións auxiliares, debendo deixar limpa a zona onde estaban situadas.

### ARTIGO 14. ENSAIOS

---

Con arranxo ás Instrucións viventes en cada materia, poderanse realizar probas e ensaios na mesma obra. Para a súa comprobación e en caso de carencia de medios, a Dirección da Obra poderá Ordear que se realicen en laboratorios oficiais ou naqueles que, sen selo, estean homologados.

### ARTIGO 15. TRABALLOS PREVIOS

---

#### 1.1. DEMOLICIÓN

Será de obrigado cumprimento o artigo 301 do PG-3/75, cuxa modificación está recollida na Orden FOM/1382/02 de 16 de Maio, do Ministerio de Fomento.

#### DEFINICIÓN

Consiste na derriba de todas as construcións ou elementos construtivos, tales como beirarrúas, firmes, edificios, fábricas de formigón ou outros, que sexa necesario eliminar para a adecuada execución da obra.

Inclúe as seguintes operacións:

- Traballos de preparación e de protección.
- Corte de pavimento asfáltico con disco de diamante.
- Levantado dos pavimentos existentes.
- Retirada dos materiais.

#### **CLASIFICACIÓN**

Segundo o procedemento de execución, as demolicións poden clasificarse do modo seguinte:

- Demolición con máquina escavadora.
- Demolición por fragmentación mecánica.
- Demolición con explosivos.
- Demolición por impacto de bóla de gran masa.
- Desmonte elemento a elemento.
- Demolición mixta.
- Demolición por outras técnicas.

No presente proxecto só se contempla a demolición mediante máquina escavadora.

#### **EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O Contratista será responsable da adopción de todas as medidas de seguridade e do cumprimento das disposicións vixentes ao efectuar as operacións de demolición, así como de evitar que se produzan danos, molestias ou prexuízos ás construcións, bens ou persoas próximas e da contorna, sen prexuízo da súa obrigaçión de cumprir as instrucións que eventualmente dite o Director das Obras.

Antes de iniciar a demolición neutralizaranse as acometidas das instalacións, de acordo coas entidades administradoras ou propietarias das mesmas. Deberase prestar especial atención a conducións eléctricas e de gas enterradas.

A demolición dos firmes e pavimentos de mestura bituminosa realizarase con extremo coidado e polos medios mecánicos adecuados ( compresor, serra, etc.), para non danar o resto do pavimento e firme que non ha de ser obxecto de demolición. Para iso será necesario efectuar un corte previo con disco de diamante do bordo interior (calzada) para independizar a zona que se vai a demoler da que non se vai a demoler.

Ao finalizar a xornada de traballo non deberán quedar elementos da obra en estado inestable ou perigoso.

Os materiais non utilizables levarán a vertedoiro aceptado polo Director das Obras, sendo responsabilidade do Contratista a obtención das autorizacións pertinentes, debendo presentar ao Director das Obras copia dos correspondentes contratos.

Dentro dos límites de expropiación non se poderán facer verteduras non contemplados no Proxecto, salvo especificación do Director das Obras.

### **ARTIGO 16. ESCAVACIÓNS EN XERAL**

Na execución das escavacións de calquera clase inclúense todas as operacións necesarias de arranque, refino da superficie, protección de desprendementos remoción e transporte do material extraído a outras partes da obra ou a vertedoiros, indemnizacións pola formación de entulleiras e esteamento.

O Contratista será directamente responsable do emprego de esteamentos adecuados para evitar desprendementos que puideran danar ao persoal ou ás obras, aínda que tales esteamentos non figuren prescritos nin foran ordenados pola Dirección das Obras.

#### **1.1. ESCAVACIÓN EN CAIXEADOS**

Esta unidade de obra comprende as operacións de remover, cargar e transportar a vertedoiro o material situado por riba da cota prevista para a subrasante do vial, calquera que sexa a consistencia do mesmo.

A escavación efectuarase co maior coidado para non danar a zona inmediata á franxa delimitada. Si se produciran danos nesas zonas, deberá o Contratista repoñer á súa costa o pavimento estragado.

A escavación levarase a cabo nas zonas e coa profundidade que se estipule en planos ou en calquera outro documento deste proxecto ou a que, no seu defecto, sinala o Director das Obras.

Os produtos removidos non aproveitables transportaranse a vertedoiro. As áreas de vertedoiro destes materiais serán as definidas en planos ou, no seu defecto, as sinaladas polo Director das Obras.

A escavación en caixeo aboarase por metros cadrados (m<sup>2</sup>) de superficie de actuación.

## 1.2. COMPACTADO E PERFILADO DE CAIXA

Consiste no conxunto de operacións necesarias para regularizar a superficie resultante da escavación en caixeo, conformando un apoio axeitado para as capas de firme superiores.

Para conseguir a capacidade portante esixida á explanada segundo as indicacións do proxecto, procederase á compactación do fondo rasanteado mediante medios mecánicos suficientemente potentes (rodello compactador ou similar). O Director das Obras deberá dar a súa autorización ao fondo da caixa rematado con carácter previo á extensión das capas de firme, e para elo poderá solicitar cantos ensaios estime oportuno, principalmente ensaios de carga con placa para verificar o módulo  $E_{v2}$  acadado trala compactación.

O fondo e paredes laterais da caixa terán a forma e dimensións esixidas en planos, coas modificacións debidas aos excesos inevitables autorizados, e deberán refinarse ata conseguir unha diferenza inferior a cinco centímetros ( $\pm 5$  cm) respecto das superficies teóricas.

O compactado e perfilado de caixa aboarase por metros cadrados (m<sup>2</sup>) executados segundo a superficie indicada nos planos, máis os excesos debidamente autorizados polo Director das Obras, si resultan necesarios.

## 1.3. ESCAVACIÓN EN DESMONTE

Consiste no conxunto de operacións para escavar e nivelar onde han de asentarse as obras, así como o conseguente transporte dos produtos removidos a vertedoiro ou lugar de emprego.

Aos efectos de medicións e abono, e se así se contempla nos Cadros de Prezos, consideraranse os tipos seguintes:

- Escavación en rocha. Comprenderá a correspondente a todas as masas de rocha, depósitos estratificados e a de todos aqueles materiais que presenten características de rocha maciza, cementados tan solidamente que unicamente poidan ser escavados utilizando explosivos.
- Escavación en terreo de tránsito. Comprenderá a correspondente aos materiais formados por rochas descompostas, terras moi compactas e todos aqueles en que para a súa escavación non sexa necesario o emprego de explosivos e sexa precisa a utilización de escarificadores profundos e pesados.
- Escavación en terra. Comprenderá a correspondente a todos os materiais non incluídos nos apartados anteriores.

De existir un só prezo para a escavación, este será de aplicación a toda ela, con independencia da clasificación anterior.

Unha vez terminadas as operacións de roza do terreo iniciaranse as obras de escavación, axustándose ás aliñacións, pendentes, dimensións e demais información contida en planos e ao que sobre o particular ordene o Director das Obras.

Durante a execución dos traballos tomaranse as precaucións adecuadas para non diminuír a resistencia do terreo non escavado. En especial, adoptaranse as medidas necesarias para evitar os seguintes fenómenos:

- Inestabilidade de noiros en rocha debida a voaduras inadecuadas.
- Deslizamentos ocasionados polo descalce do pé da escavación.
- Erosións locais.
- Encharcamentos debidos a unha drenaxe defectuosa das obras.

Durante as diversas etapas da construción da explanación as obras manteranse en perfectas condicións de drenaxe.

A terra vexetal que se encontre nas escavacións e que non se extraera na roza removerase e acopiarase para a súa utilización posterior, ou onde ordene o Director das Obras. En calquera caso, a terra vexetal extraída manterase separada do resto dos produtos escavados.

En calquera caso, non se rexeitará ningún material escavado sen previa autorización do Director das Obras.

As escavacións en rocha executaranse de forma que non se dane, quebrante ou desprenda a rocha non escavada. Cando os noiros escavados teñan zonas inestables ou a cimentación presente cavidades que podan reter a auga, o Contratista adoptará as medidas de corrección necesarias, na forma que ordene o Director das Obras.

O Director das Obras poderá prohibir a utilización de métodos de voadura que considere perigosos, aínda que a súa autorización non exime ao Contratista da responsabilidade polos danos ocasionados como consecuencia de tales traballos.

No caso de que os noiros presenten danos antes da recepción definitiva das obras, o Contratista eliminará os materiais desprendidos ou movidos e fará urxentemente as reparacións complementarias ordenadas polo Director das Obras. Se ditos danos son imputables a execución inadecuada ou a incumprimento das instrucións do Director das Obras, o Contratista será responsable dos danos ocasionados.

A escavación abonarase por metros cúbicos (m<sup>3</sup>) medidos sobre os planos de perfís transversais, unha vez comprobado que ditos perfís son correctos.

As medidas especiais para a protección superficial dos noiros enténdense incluídas no prezo da unidade de escavación.

### **ARTIGO 17. PRODUCTOS SOBRANTES DA ESCAVACIÓN**

---

Os produtos da escavación son propiedade da Administración. Os que non se empreguen en recheos ou noutras partidas transportaranse a vertedoiros apropiados.

Os produtos utilizables como materiais de recheo ou noutras partidas depositaranse ordenadamente en lugares adecuados, a suficiente distancia dos noiros das escavacións co obxecto de evitar sobrecargas e impedir deslizamentos ou derrubamentos.

### **ARTIGO 18. COLOCACIÓN DE TUBOS**

---

En xeral, o tubo de plástico irá colocado no fondo do foxo sobre unha capa de area de dez centímetros (10 cm) de espesor, e o tubo de formigón irá sobre unha capa de formigón de doce centímetros (12 cm) de espesor.

Cando se interrompa a colocación de tubos, taponaranse os extremos libres dos mesmos.

Limparase o interior dos tubos de modo que non queden neles materias estrañas.

Cando a pendente do foxo sexa superior ao 10% o tubo montarase en sentido ascendente.

Comprobarase a exactitude da colocación dos tubos en planta e perfil, antes de executar as xuntas.

Executado un tramo, encherase con terras elixidas libres de pedras de tamaño superior a dous (2 cm) ata unha altura de vinte (20) cm sobre a clave do tubo sen tapar as xuntas. Despois comprobarase que non hai escapes de auga, exudacións nin ningunha outra clase de perdas nas xuntas nin nos tubos.

O Contratista estará obrigado a refacer a xunta ou substituír o tubo que durante as probas ou prazo de garantía dea perdas de auga.

Terminadas satisfactoriamente as probas procederase ao recheo das gabias.

Non deberán transcorrer máis de vinte (20) días entre a escavación da gabia e a colocación dos tubos, probas e posterior recheo.

### **ARTIGO 19. RECHEO E APISOADO DE GABIAS**

---

O material de recheo será adecuado e non deberá conter terras vexetais ou lamacentas.

O recheo executarase por tongadas horizontais de espesor comprendido entre quince e trinta centímetros, segundo os casos, e co grado de humidade adecuado.

A maquinaria de compactación deberá ser autorizada polo Director das Obras, sempre e cando con dito equipo se obteña a densidade requirida. Nos recheos próximos a obras de fábrica ou situados en lugares inaccesibles utilizaranse pisóns mecánicos ou vibradores de medidas reducidas, compactando cada tongada a unha densidade igual ou superior á obtida no resto do recheo.

Considerarase que o contido óptimo de humidade, salvo indicación expresa do Director das Obras, é o óptimo correspondente ao ensaio Proctor Normal.



Nos cincuenta (50) centímetros superiores do recheo a densidade obtida deberá ser igual ou maior que o noventa e cinco por cento (95%) do que resulte no ensaio Proctor Normal. O resto do recheo terá unha densidade igual ou maior que o noventa por cento (90%) do ensaio Proctor Normal.

O Director das Obras ordenará a execución do número de ensaios que crea convenientes para comprobar cada tongada compactada. Non obstante, considerase conveniente realizar como mínimo dous ensaios diarios ou un por cada douscentos (200) m<sup>3</sup> compactados.

Os ensaios recomendados son:

- Proctor Normal.
- Ensaio granulométrico.
- Contido de humidade.
- Límites de Atterberg.

## **ARTIGO 20. ARQUETAS E POZOS DE REXISTRO**

---

As arquetas e pozos de rexistro executaranse en fábrica de ladrillo ou en formigón (in situ ou prefabricado), segundo se indique nos documentos correspondentes.

Naqueles pozos ou arquetas en que, pola súa profundidade, sexa necesario colocar escaleiras de baixada, faranse con pates de polipropileno de vinte e dous (22) mm de diámetro, colocados cada trinta (30) cm. O pate sobresairá vinte (20) cm do paramento interior do pozo ou arqueta. O encaixamento do paté será de dez (10) cm como mínimo.

As tapas e marcos, no seu caso, serán de fundición reforzada para soportar o paso dos vehículos por enriba, podendo utilizarse tapas e marcos normais en zonas carentes de circulación rodada.

## **ARTIGO 21. ARRANQUE E REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS**

---

A demolición dos pavimentos existentes comprende as operacións de remover, cargar e transportar a vertedoiro os elementos inservibles que constitúen cada pavimento que se vexa afectado polas obras.

O arranque efectuarase co maior coidado para non danar a zona inmediata á franxa levantada. Se se produciran danos nesas zonas, deberá o Contratista repoñer á súa costa o pavimento estragado.

A explanada e capas de firme a repoñer realizaranse de acordo co Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3/75). A reposición do firme axustarase en materiais, espesores e demais condicións ao que fixe o Organismo encargado da conservación da vía.

## **ARTIGO 22. MORTEIROS**

---

Os morteiros poderanse fabricar a man ou a máquina. No primeiro caso, a mestura da area co aglomerante farase en seco, non engadindo a auga ata que se consiga unha color uniforme na mestura, e a manipulación farase sobre un tableiro de madeira.

En obras de importancia, que requiran gran cantidade de morteiro, poderá o Director das Obras prescribir a mestura do mesmo por medio de amasadoras mecánicas. Non se confeccionará máis morteiro que o que se empregue nun tempo inferior ao que marca o comezo do fraguado no cemento utilizado, non admitíndose os morteiros rebatidos.

## **ARTIGO 23. ENCOFRADOS**

---

Os encofrados, os seus ensambles, soportes e cimbras terán a resistencia e rixidez necesarias para soportar o formigonado sen movementos.

As superficies interiores dos encofrados, antes do seu emprego, deben estar limpas e ter aplicada unha capa de aceite ou outro revestimento que evite a adherencia do formigón. Serán o bastante estancas para impedir os escapes de morteiro e de cantidades excesivas de auga.

En calquera caso se estará ao disposto no artigo sesenta e oito (68) da Instrución de Formigón Estrutural EHE.

---

## ARTIGO 24. FORMIGÓN

---

### 1.1. ELABORACIÓN

O amasado do formigón farase en formigoneiras, quedando prohibido o amasado a brazo. Impedirase que a carga á formigoneira cos materiais se efectúe de golpe, debendo entrar simultaneamente cun período de afluencia aproximadamente igual para todos. Non se cargarán as formigoneiras por enriba da súa carga efectiva. A auga que se necesite botar á formigoneira dependerá da relación auga-cemento e da humidade da area.

Os asentos máximos dos formigóns serán, en cimentos e alzados en masa, de sesenta (60) milímetros.

O mínimo tempo de batido será o necesario para que o tambor dea sesenta (60) revolucións.

En calquera caso estarase ao disposto no artigo setenta e un (71) da Instrución EHE.

### 1.2. TRANSPORTE

Os elementos e sistema utilizado para o transporte do formigón deben estar dispostos de forma que se evite a disgregación e excesiva exudación, e que aseguren que o tempo que se inverte ata a súa colocación sexa inferior ao que determine o comezo do fraguado.

En calquera caso estarase ao disposto no artigo setenta e un (71) da Instrución de Formigón Estrutural EHE.

### 1.3. XUNTAS DE FORMIGONADO

Coidarase deixar a xunta o máis normalmente posible á máxima compresión e onde o seu efecto sexa menos prexudicial. Ao continuar o formigonado, limparase a xunta de toda sucidade, calea ou áridos soltos que quedaran, debendo estar humedecida a superficie antes de verter o novo formigón.

En calquera caso estarase ao sinalado no artigo setenta e un (71) da Instrución de Formigón Estrutural EHE.

### 1.4. POSTA EN OBRA E CONSOLIDACIÓN DOS FORMIGÓN

As postas en obra do formigón efectuaranse de modo que non se disgregue, evitando o movemento lateral do formigón durante as operacións de manexo e colocación e limitando a altura de caídas cando se acuse unha apreciable separación.

O formigón, unha vez colocado, deberá vibrarse amasada por amasada, ata o punto de que non exista dúbida en canto á súa completa consolidación, sobre todo a parte en que se xuntan as amasadas. O tempo de vibrado en cada punto deberá estar comprendido entre cinco (5) e quince (15) segundos cada período. Cando se aprecie, co vibrado, unha reflexión sucesiva do morteiro no formigón, modificarase a súa consistencia para que admita un vibrado enérxico sen disgregarse. Non deberá depositarse o formigón con máis rapidez da que podan consolidar debidamente os vibradores en servicio.

En todo caso aterase ao especificado no artigo setenta e un (71) da Instrución de Formigón Estrutural EHE.

---

## ARTIGO 25. SABURRA ARTIFICIAL

---

A saburra artificial non se estenderá ata que se comprobe que a superficie sobre a que se asentará ten a densidade debida e as rasantes indicadas nos planos, coas tolerancias establecidas no presente Prego. Se en dita superficie existen irregularidades que excedan das mencionadas tolerancias, corríxanse.

O procedemento de preparación do material deberá garantir o cumprimento das condicións granulométricas e de calidade esixidas. Elo esixirá normalmente a dosificación en central. Sen embargo, cando o Director da Obra o autorice, poderá efectuarse a mestura "in situ".

Unha vez comprobada a superficie de asento da tongada, procederase á extensión desta. Os materiais previamente mesturados serán estendidos tomando as precaucións necesarias para evitar a súa segregación ou contaminación, en tongadas de espesor uniforme o suficientemente reducido para que, cos medios dispoñibles, se obteña en todo o espesor o grao de compactación esixido.

Despois de estendida a tongada procederase, se é preciso, á súa humectación. O contido óptimo de humidade determinarase en obra, á vista da maquinaria dispoñible e dos resultados que se obteñan nos ensaios realizados. No caso de que fora preciso engadir auga, esta operación efectuarase de forma que a humectación dos materiais sexa uniforme.

Conseguida a humectación máis conveniente, procederase á compactación da saburra artificial, a cal continuarase ata alcanzar unha densidade que en todo caso será como mínimo a que corresponde á porcentaxe (%) da máxima obtida no ensaio Proctor modificado que se sinala a continuación:

- O cen por cento (100%) en capas de base para tráfico pesado e medio.
- O noventa e oito por cento (98%) en capas de base, para tráfico lixeiro.
- O noventa e cinco por cento (95%) en capas de sub-base.

O ensaio Proctor modificado realizarase segundo a Norma NLT-108/72.

As zonas que, pola súa reducida extensión, a súa pendente, ou a súa proximidade a obras de fábrica, non permitan o emprego do equipo que normalmente se estivera utilizando, se compactarán cos medios adecuados para o caso, de forma que as densidades que se alcancen non sexan inferiores ás obtidas no resto da capa de saburra artificial.

O apisoado executarase lonxitudinalmente, comezando polos bordos exteriores, progresando cara o centro e solapándose en cada recorrido un ancho non inferior a un tercio (1/3) do elemento compactador. O acabado final efectuarase utilizando rolos estáticos.

Extraeranse mostras para comprobar a granulometría, e se esta non fora a correcta, engadiranse novos materiais ou mesturaranse os estendidos ata que cumpra a esixida.

Non se estenderá ningunha tongada en tanto non fora realizada a nivelación e comprobación do grao de compactación da precedente.

Cando a saburra artificial se compoña de materiais de distintas características ou procedencias e se autorizara a mestura “in situ”, estenderase cada un deles nunha capa de espesor uniforme, de forma que o material máis grosso ocupe a capa inferior e o máis fino a superior. O espesor de cada unha destas capas será tal que, ao mesturarse todas elas, se obteña unha granulometría que cumpra as condicións esixidas. Estas capas mesturaranse con niveladoras, rastras, gradas de discos, mesturadores rotatorios ou outra maquinaria aprobada polo Director das Obras, de maneira que non se perturbe o material das subxacentes. A mestura continuarase ata conseguir un material uniforme, o cal compactarase con arranxo ao exposto anteriormente.

Dispostas estacas de refino, niveladas ata milímetros (mm) con arranxo aos planos, no eixe e bordos de perfís transversais, cuxa distancia non exceda de vinte metros (20 m), compararase a superficie acabada coa teórica que pasa polas cabezas de ditas estacas.

A superficie acabada non deberá superar a teórica en ningún punto, nin diferir dela en máis dun quinto (1/5) de espesor previsto nos planos para a capa de saburra artificial.

A superficie acabada non deberá variar en máis de dez milímetros (10 mm) cando se comprobe cunha regra de tres metros (3 m), aplicada tanto paralela como normalmente ao eixe da estrada.

As irregularidades que excedan das tolerancias anteditas corríxiranse polo Contratista, de acordo coas instrucións do Director.

A saburra artificial abonarase por metros cúbicos (m<sup>3</sup>) realmente executados, medidos nas seccións tipo sinaladas nos planos e en m<sup>2</sup> de capa dun espesor determinado medido unha vez rasanteada e compactada segundo se define no Cadro de Prezos nº 1.

## **ARTIGO 26. MACADAM**

---

O macadam non se estenderá ata que se comprobe que a superficie sobre a que se asente ten a densidade debida e as rasantes indicadas nos planos, coas tolerancias establecidas no presente Prego. Se en dita superficie existen irregularidades que excedan das mencionadas tolerancias, corríxiranse.

Unha vez comprobada a superficie de asento da tongada, procederase á construción desta. O árido grosso será estendido en tongadas de espesor uniforme, comprendido entre dez centímetros (10 cm) e vinte centímetros (20 cm).

Despois de estendida a tongada do árido grosso, procederase á súa compactación. Esta executarase lonxitudinalmente, comezando polos bordos exteriores, progresando cara ao centro, e solapándose en cada recorrido un ancho non inferior a un tercio (1/3) do elemento compactador. A compactación continuarase ata que o árido grosso quedara perfectamente trabado e non se produzan correntos, ondulacións ou desprazamentos diante do compactador.

As irregularidades que se observen corríxiranse despois de cada pasada, e non se estenderá ningunha nova tongada en tanto non foran realizadas a nivelación e comprobación do grao de compactación da precedente.

As zonas que pola súa reducida extensión, a súa pendente ou a súa proximidade a obras de fábrica non permitan o emprego do equipo que normalmente se estivera utilizando, compactaranse mediante pisóns mecánicos ou outros medios aprobados polo Director das Obras, ata lograr resultados análogos aos obtidos polos procedementos normais.

Unha vez que o árido grosso quedara perfectamente encaixado, procederase ás operacións necesarias para encher os seus ocos co material aceptado como recebo.

A extensión do recebo realizarase coa dotación aprobada polo Director das Obras, e inmediatamente despois da súa extensión procederase á súa compactación.

Se en dita compactación non se utilizan elementos vibratorios, a extensión do recebo realizarase de maneira gradual e uniforme, constituíndo delgadas capas que se compactarán e regarán con auga, ata conseguir a súa inclusión entre o árido grosso. Estas operacións poden facilitarse mediante o uso de cepillos ou vasoiras de man, e continuarase ata que o Director das Obras estime que se alcanzou unha estabilidade suficiente.

Se a compactación se efectúa con elementos vibratorios sobre o árido grosso, estenderase aproximadamente un cincuenta por cento (50%) do recebo previsto para encher o total dos seus ocos, pasando a continuación o vibrador ata que se conseguira a súa penetración. Esta operación repetirase, a continuación, cunha cantidade de recebo algo inferior ao outro cincuenta por cento (50%) e, finalmente, volverase a repetir coa cantidade de recebo restante. En todo caso, será preciso evitar que un exceso de vibración chegue a ocasionar que as pedras que compoñen o árido deixen de estar en contacto.

A humectación da superficie realizarase de maneira uniforme, coa dotación aprobada polo Director das Obras.

As zonas que non quedaran suficientemente recheas de recebo trataranse manualmente, axudándose mediante o emprego de cepillos ou vasoiras de man.

O acabado final do macádám efectuarase utilizando rolos estáticos.

Dispostas estacas de refino, niveladas ata milímetros (mm) con arranxo ao disposto nos planos, no eixe e bordos de perfís transversais, cuxa distancia non exceda de vinte metros (20 m), comparase a superficie acabada coa teórica que pase polas cabezas de ditas estacas.

A superficie acabada non deberá superar á teórica en ningún punto.

A superficie non deberá variar en máis de dez milímetros (10 mm) cando se comprobe cunha regra de tres metros (3 m), aplicada tanto paralela como normalmente ao eixe da estrada.

As zonas nas que as irregularidades excedan das tolerancias anteditas, ou que reteñan auga sobre a superficie, reconstruiranse de acordo coas instrucións do Director das Obras, a non ser que este autorice a que se modifique convenientemente a rasante, se o error é por exceso e se vai dispoñer enriba outra capa de firme, ou a que se dispoña unha capa de regularización adecuada, se se vai dispoñer enriba o pavimento.

O macádám abonarase por metros cúbicos (m<sup>3</sup>) realmente executados, medidos nas seccións tipo sinaladas nos planos, ou en m<sup>2</sup> de capa de espesor uniforme medido unha vez compactada e rasanteada, segundo se defina no Cadro de Prezos nº 1.

## **ARTIGO 27. MESTURAS BITUMINOSAS**

---

Fabricaranse con materiais das características definidas neste Prego, tanto en frío como en quente.

Polo que se refire á central de fabricación, elementos de transporte, equipo de estendido, equipo de compactación, estudio da mestura e obtención da fórmula de traballo, preparación da superficie existente, aprovisionamento de áridos, fabricación, transporte, extensión e compactación da mestura, xuntas transversais e lonxitudinais, e especificacións da unidade terminada, estarase ao disposto para cada caso no PG-3/75.

Respecto ás limitacións da execución, salvo autorización expresa do Director das Obras, non se permitirá a posta en obra de mesturas bituminosas en quente:

- Cando a temperatura ambiente á sombra sexa inferior a cinco graos Celsius (5°C), salvo que o espesor da capa a estender fora inferior a cinco centímetros (5 cm), en cuxo caso o límite será de oito graos (8°C). Con vento intenso, despois de xeadas, ou en taboleiros de estruturas, o Director das Obras poderá aumentar estes límites, á vista dos resultados de compactación obtidos.
- Cando se produzan precipitacións atmosféricas.

Terminada a compactación, poderase abrir á circulación a capa executada, tan pronto alcance a temperatura ambiente en todo o seu espesor ou ben, previa autorización expresa do Director das Obras, cando alcance unha temperatura de sesenta graos Celsius (60°C), evitando as paradas e cambios de dirección sobre a mestura recién estendida ata que esta acade a temperatura ambiente.

Polo que se refire ao control de calidade da execución, estarase ao disposto ao respecto no artigo 542.9 do PG-3/75.

Neste proxecto, a fabricación e posta en obra de mesturas bituminosas aboarase por metro cadrado (m<sup>2</sup>) de pavimento executado segundo o seu tipo. No prezo terase en conta a dotación de ligante, a densidade da mestura, o espesor da capa executada e o polvo mineral de aportación.

## ARTIGO 28. LECHADAS BITUMINOSAS

As lechadas bituminosas para o seu emprego en tratamento superficiais de mellora da textura superficial ou selado de pavimentos, son mesturas fabricadas a temperatura ambiente cun ligante hidrocarbonado (emulsión bituminosa), áridos, auga e, eventualmente, polvo mineral de aportación e adicións, coa consistencia axeitada para a súa posta en obra e poden aplicarse nunha ou varias capas.

A súa execución inclúen as seguintes operacións:

- Estudio da lechada bituminosa e obtención da fórmula de traballo.
- Preparación da superficie que vai recibir a mestura.
- Fabricación de lechada bituminosa de acordo a fórmula proposta
- Extensión da lechada bituminosa.

### 1.1. EMULSIÓN BITUMINOSAS

O tipo de emulsión bituminosa a empregar vendrá fixado polo Prego de Prescricións Técnicas Particulares en función da zona térmica estival na que se atopa e da categoría de tráfico pesado, definidas na Norma 6.1 IC de seccións de firme ou na Norma 6.3 IC de rehabilitación de firmes, e, salvo xustificación en contrario, deberá estar incluído entre os que aparecen na táboa 540.1.

ZONA TÉRMICA ESTIVAL	CATEGORÍA DE TRÁFICO PESADO	
	T0, T1 Y T2	T3, T4 Y ARCENES
CALIDA	ECL-2d-m, EAL-2d, ECL-2d, ECL-2-m	EAL-2d, ECL-2d
MEDIA		EAL-2, ECL-2
TEMPLADA		

### 1.2. ÁRIDOS

Los áridos se producirán o subministrarán en fraccións granulométricas diferenciadas, as cales acopiaranse e manexarán por separado. A combinación das distintas fraccións nas proporcións definidas na fórmula de traballo realizaranse no propio acopio empregando medios mecánicos que aseguren a homoxeneidade da mestura resultante. Os áridos combinados acopiaranse por separado tomando as precaucións necesarias para evitar segregacións ou contaminacións ata o momento da carga no equipo de fabricación.

No cumprimento do acordo do Consello de Ministros do 1 de xuño de 2001 polo que se aproba o Plan Nacional de Residuos de Construción e Demolición 2001-2006, poderanse empregar estes materiais sempre e cando foran tratados axeitadamente para satisfacer as especificacións técnicas recollidas neste artigo.

O equivalente de area, segundo a UNE-EN 933-8, do árido obtido combinando as distintas fraccións, segundo as proporcións fixadas na fórmula de traballo, e antes da eventual incorporación do polvo mineral de aportación non deberá ser inferior a corenta (40) si a emulsión bituminosa empregada é aniónica, ou a sesenta (60) si é catiónica. De non cumprirse esta condición, o seu valor de azul de metileno, segundo a UNE-EN 933-9, deberá ser inferior a dez (10) e, simultaneamente, o seu equivalente de area deberá ser superior a trinta(30), si a emulsión bituminosa empregada é aniónica, ou a cincuenta (50) si é catiónica.

### 1.3. TIPO, COMPOSICIÓN E DOTACIÓN DE LECHADAS BITUMINOSAS

A granulometría do árido obtido combinando as distintas fraccións dos áridos (incluído polvo mineral), segundo o tipo da lechada bituminosa, deberá estar comprendida dentro dalgún dos fusos fixados na táboa 540.3. O análise granulométrico farase segundo a UNE-EN 933-1.

Tipo de lechada	Apertura dos tamices UNE-EN 933-2 (mm)										
	12,5	10	8	6,3	4	2	1	0,500	0,250	0,125	0,063
LB-1	100	85-98	77-92	-	55-74	35-55	25-41	15-30	9-20	5-12	3-7
LB-2	-	-	100	80-95	60-84	40-64	25-45	15-31	10-22	6-14	5-9
LB-3	-	-	-	100	75-90	55-75	40-60	25-45	15-30	8-20	6-12
LB-4	-	-	-	-	100	77-92	53-74	35-56	20-40	12-26	10-18

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares fixará o tipo, a composición, a dotación media e mínima da lechada bituminosa e o número de capas da súa aplicación que deberán cumprir o especificado na táboa 540.4.

CARACTERÍSTICAS	TIPO DE LECHADA			
	LB1	LB2	LB3	LB4
<b>DOTACIÓN MEDIA (Kg/m<sup>2</sup>)</b>	14-18	11-14	8-11	5-8
<b>CAPA EN QUE SE APLICA</b>	2c o única		Cualquiera	1c o única
<b>BETÚN RESIDUAL (%)</b>	5-6,5	5,5 – 9	6-10	9-12
<b>CAMPO DE APLICACIÓN</b>	T0 a T2		T2 a T4	T3 y T4

### 1.4. LIMITACIÓN DA EXECUCIÓN

A aplicación de lechada bituminosa levarase a cabo solo cando a temperatura ambiente sexa superior os dez grados celsius, e non exista fundado temor de precipitacións atmosféricas. Dito límite poderase rebaixar polo Director das Obras a cinco grados Celsius (5°C), si a temperatura ambiente tende a aumentar.

Evitarase todo tipo de circulación sobre a lechada bituminosa mentres a emulsión non rompa e a lechada bituminosa non adquira a resistencia suficiente para resistir a acción de aquela.

Cando se prevexa máis dunha capa de lechada bituminosa aplicarase a última depois de someter a anterior a acción da circulación o menos un día, e previo barrido do material desprendido.

A lechada bituminosa abonarase por metros cadrados (m<sup>2</sup>) realmente executados, medidos nas seccións tipo sinaladas nos planos, segundo se defina no Cadro de Prezos nº 1.

## ARTIGO 29. PAVIMENTOS DE FORMIGÓN

As superficies a formigonar estarán saneadas e limpas. Os produtos de escavación, terra vexetal e entullos serán transportados a lugares previamente autorizados polo Director das Obras e serán de conta do Contratista os gastos ocasionados.

Non se permitirá a existencia de cascotes, madeiras ou materiais de calquera tipo que afecten á calidade ou resistencia da superficie de formigón definitiva.

A capa de pedra machucada ou grava (de existir) entre o formigón e o terreo estará debidamente compactada e estendida, presentando unha superficie regular, cerrada e limpa de todo obxecto ou graxa.

Non se procederá ao formigonado da superficie sen a previa autorización do Director da Obra.

O formigón amasarase durante un tempo mínimo de 60 (sesenta) segundos a velocidade de réxime, de forma que todos os áridos queden recubertos totalmente de pasta de cemento.

Cando o transporte ou amasado se realice sobre camión formigoneira, ademais das anteriores condicións cumpriranse as seguintes:

- O volume da mestura do formigón fresco non será superior ao 60% (sesenta por cento) da capacidade de dita formigoneira segundo o fabricante.

- A velocidade de batido do tambor será maior de 4 r.p.m. (catro revolucións por minuto). O tambor será de tipo cerrado.

As formigoneiras de todo tipo utilizadas permitirán que, cando o dispoña o Director da Obra, poidan ser tomadas mostras á súa saída ao obxecto de efectuar ensaios.

A descarga do formigón farase tomando as precaucións necesarias para evitar a segregación dos compoñentes do formigón.

A formigoneira, entre amasado e amasado, será baleirada por completo. Si vai estar parada durante máis de trinta minutos, limparase perfectamente antes de voltar a usala.

O formigonado farase en franxas alternas, de 4 m de lonxitude e ancho máximo de 5 m (2,5 m neste proxecto), de forma que as xuntas de contracción finais queden separadas a esa distancia (prefisuración). Non se disporán pasadores nas xuntas.

Evitarase a permanencia de madeira ou outros materiais distintos aos autorizados polo Director da Obra unha vez fraguado o formigón.

O formigón así estendido vibrarase con regras vibradoras de superficie, presentando ao final unha superficie de rugosidade proporcional á pendente e perfectamente regular.

Non se tolerarán resaltes entre lousas, unha vez terminadas de formigonar, maiores de cinco (5) milímetros.

Así mesmo, as xuntas de contracción non terán un espesor maior de dos (2) milímetros, sexa cal sexa o material empregado na súa construción.

Os ligantes e áridos reunirán as condicións especificadas para eles no presente Prego.

En tempo chuvioso deixarase de formigonar cando a intensidade da chuvia sexa tal que altere a composición do formigón ou prexudique a súa calidade ao xuízo do Director da Obra.

Ao baixar a temperatura ambiente de dous graos sobre cero (2°C) suspenderase o formigonado.

Cando a temperatura se aproxime aos dous graos sobre cero, protexerase, con todos os medios necesarios, a superficie formigonada.

Para formigonar a menos de dous graos sobre cero haberá que ter autorización expresa do Director da Obra. Tomaranse as seguintes precaucións:

- a) Rexeitar áridos xeados.
- b) Quentar a auga de amasado a temperatura non maior de 60°C (sesenta graos centígrados).

Entre as 18 (dezaoto) horas e as 8 (oito) horas non se poderá formigonar con temperaturas de 2°C ou inferiores.

Todo formigón que presente indicios de xearse será picado, retirado e substituído por conta do Contratista nas zonas nas que a xuízo do Director da Obra sexa necesario.

O curado do formigón iniciarase inmediatamente despois de acabar o primeiro período de fraguado do mesmo. En calquera caso, a superficie exposta ao aire e a superficie dos encofrados han de manterse constantemente húmidas con regos de auga de características similares (cando non superiores) á de amasado. O curado do formigón durará ao menos 7 (sete) días, durante os cales manterase constantemente húmida a súa superficie. En todo caso cumprirase o disposto no artigo setenta e un (71) da Instrución de Formigón Estrutural EHE. A canalización de auga usada para o curado non será nunca de material férreo, nin de outro tipo que confira á auga características nocivas para o normal proceso de curado.

Durante os traballos de formigonado o Director da Obra pode ordenar a toma de mostras para a realización de ensaios en calquera momento, que serán por conta do Contratista, o cal ademais proporcionará toda a axuda necesaria para levar a cabo estas operacións.

Non se admitirán na obra definitiva formigóns cuxa resistencia sexa inferior ao 90% (noventa por cento) da resistencia característica esixida no Proxecto. Se algún ensaio indicase unha resistencia inferior a este valor, o Contratista estará obrigado a demoler pola súa conta todo o volume de formigón afectado pola baixa resistencia e definido polo Director da Obra, salvo que coa realización doutros dous ensaios ao menos (con probetas das mostras) a resistencia característica media dera máis do 90% (noventa por cento).

A cubicación da pavimentación farase por procedementos xeométricos sobre a obra terminada no seu emprazamento xusto.

No prezo inclúese:

- a) A limpeza total da superficie de escavación, incluso con pico e pala se fose necesario para eliminar os cascotes de pedra solta ou agretada.
- b) A capa de pedra machucada ou grava (se existise), estendida e compactada previo formigonado.
- c) Todas as operacións de curado con rego de auga permanente na forma indicada neste Prego.
- d) A formación de xuntas transversais cada 4 m (prefisuración).
- e) As precaucións a tomar por orde do Director da Obra en tempo frío ou caloroso.
- f) Canons e indemnizacións ocasionadas pola instalación de maquinaria auxiliar en obra ou canteira.
- g) Todas as instalacións accesorias.
- h) A retirada e vertido dos formigóns rexeitados polo Director da Obra.
- i) As probas para a obtención de ensaios en laboratorio.

### **ARTIGO 30. TRATAMENTOS SUPERFICIAIS**

Segundo o vixente PG-3/75 e modificacións, defínese como simple tratamento superficial a aplicación dun ligante bituminoso sobre unha superficie, seguida da extensión e apisoado dunha capa de árido.

A aplicación consecutiva de dous ou tres simples tratamentos superficiais, en xeral de distintas características, denomínase dobre tratamento superficial ou triplo tratamento superficial.

A execución do simple tratamento superficial inclúe as operacións seguintes:

- Preparación da superficie existente.
- Aplicación do ligante bituminoso.
- Extensión e apisoado do árido.

No caso de execución dun dobre ou triplo tratamento superficial realizaranse, ademais, as seguintes:

- Segunda aplicación do ligante bituminoso.
- Segunda extensión e apisoado do árido.
- Terceira aplicación do ligante bituminoso.
- Terceira extensión e apisoado do árido.

Os ligantes e áridos reunirán as condicións específicas para eles no presente Prego.

A dosificación dos materiais e os tipos de ligantes a utilizar serán os definidos na descrición das obras e definición de unidades do orzamento. Non obstante, o Director das Obras poderá modificar o establecido cando as circunstancias da obra o aconsellen e se xustifique debidamente á vista das probas e ensaios realizados.

O equipo para a aplicación do ligante irá montado sobre pneumáticos e deberá ser capaz de aplicar a dotación de ligante especificada, á temperatura prescrita. O dispositivo regador proporcionará unha uniformidade transversal suficiente e deberá permitir a recirculación en baleiro do ligante e restantes características especificadas ao respecto no PG-3/75 e debendo realizar pesaxes antes e despois na báscula indicada polo Director das Obras.

Para o apisoado empregaranse preferentemente compactadores de pneumáticos de peso superior a cinco toneladas (5 t). Cando se utilicen rolos de lamia metálica, deberá garantirse que non se produza a trituración dos áridos. Os compactadores deberán estar provistos de dispositivos para manter os rolos limpos durante a compactación.

Comprobarase que a superficie sobre a que se vai efectuar o tratamento cumpre as condicións de calidade e compactación especificadas para a unidade de obra correspondente, e non se encontra rebrandecida por un exceso de humidade. En caso contrario, antes de que o Director das Obras poda autorizar a iniciación da extensión do ligante, deberá ser corrixida de acordo co PG-3/75.

Si o tratamento se vai aplicar sobre un pavimento bituminoso antigo, eliminaranse os excesos de betún existentes na superficie do mesmo en forma de manchas negras localizadas.



No caso de pavimentos de nova construción a superficie da base deberá ser tratada cun rego de imprimación antes de proceder á execución do tratamento superficial.

A aplicación do ligante elixido farase coa dotación e á temperatura aprobadas polo Director das Obras, de maneira uniforme e evitando a duplicación da dotación nas xuntas transversais de traballo.

A temperatura de aplicación do ligante será tal que a súa viscosidade estea comprendida entre vinte e cinco e cen segundos Saybolt Furol (25-100 sSF).

Protexeranse, para evitar manchalos de ligante, cantos elementos construtivos ou accesorios (tales como bordos, valos, árbores, etc.) podan sufrir ese efecto.

A extensión do árido elixido realizarase de maneira uniforme, coa dotación aprobada polo Director das Obras, non deixando transcorrer máis de cinco (5) minutos desde a aplicación do ligante. A distribución do árido efectuarase de maneira que se evite o contacto das rodas da estendedora co ligante sen cubrir.

Inmediatamente despois da extensión do árido procederase ao seu apisoado, que se executará lonxitudinalmente, comezando polo bordo exterior e progresando cara ao centro, solapándose cada recorrido co anterior, de acordo co que sobre o particular ordene o Director das Obras, á vista do equipo de apisoado empregado. O apisoado continuarase ata obter unha superficie lisa e estable, debendo quedar terminado antes de media hora (1/2 h) de iniciada a extensión.

Nos lugares inaccesibles para os equipos normais, o apisoado efectuarase mediante pisóns mecánicos ou outros medios aprobados, ata lograr resultados análogos aos obtidos polos procedementos normais.

No caso de dobres tratamentos superficiais, a segunda aplicación do ligante elixido realizarase coa dotación e á temperatura aprobadas polo Director das Obras e, si o tempo o permite, dentro das vinte e catro horas (24 h.) seguintes á construción da primeira capa.

Esta segunda aplicación farase da mesma forma que a primeira anteriormente descrita, e a segunda extensión e apisoado do árido elixido realizarase coa dotación aprobada polo Director das Obras da mesma forma que a primeira anteriormente descrita.

Os tratamentos superficiais realizaranse cando a temperatura ambiente, á sombra, sexa superior aos dez graos centígrados (10°C) e non exista fundado temor de precipitacións atmosféricas. Non obstante, si a temperatura ambiente ten tendencia a aumentar, poderá fixarse en cinco graos centígrados (5°C) a temperatura inferior.

Non se realizarán tratamentos sobre superficies molladas, salvo que se utilicen emulsións bituminosas ou ligantes activados.

